



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 115
13 de novembro de 2024

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

■ 13930 (12/POP-002067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns da actual distribución na Administración da Xunta de Galicia das competencias en política de ordenación territorial [48674](#)

■ 13931 (12/POP-002068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación xerada na sociedade pública Xestur S. A. polo novo organigrama de distribución das competencias en materia de ordenación territorial dentro da Xunta de Galicia [48681](#)

■ 13940 (12/POP-002069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a posta en marcha de medidas encamiñadas a dispor en lingua galega de toda a lexislación consolidada vixente en Galicia [48688](#)

■ 13946 (12/POP-002070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da eventual subrogación do persoal das autovías que van ser rescatadas pola Xunta de Galicia [48692](#)

■ 13951 (12/POP-002071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a situación en que está a dotación de facultativos/as do Servizo de Cardiología do Hospital Público da Mariña [48696](#)

■ 13957 (12/POP-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria nos centros de saúde do concello de Oleiros [48699](#)



I 13963 (12/POP-002073)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a eventual mellora do apoio económico ás vítimas de violencia machista en consonancia co incremento da carestía da vida producido nos últimos anos

[48702](#)**I 13970 (12/POP-002074)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre a planificación da protección ante a presenza do gas radon en vivendas e centros de traballo de Galicia

[48706](#)**I 13975 (12/POP-002075)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia para mellorar a atención ao alumnado do CEIP de Sigüeiro, do concello de Oroso

[48713](#)**I 13977 (12/POP-002076)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense

[48716](#)**I 13987 (12/POP-002077)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 4 máis**

Sobre a dotación de persoal docente da Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e a situación da atención educativa domiciliaria dos seus pacientes pediátricos

[48718](#)**I 13992 (12/POP-002078)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a pertinencia do uso do concepto de «refuxio climático» na marca impulsada polo Goberno galego denominada Galicia Refuxio Climático

[48722](#)**I 13998 (12/POP-002079)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias en materias relacionadas co cambio climático

[48725](#)**I 14003 (12/POP-002080)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da atención sanitaria primaria no concello de Cerdedo-Cotobade

[48733](#)

I 14009 (12/POP-002081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a subministración ás ANPA da información que deben posuír para desenvolver as súas funcións de participación marcadas pola normativa educativa [48735](#)

I 14015 (12/POP-002082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o problema de seguridade para os alumnos/as que viaxan en vehículos de liñas interurbanas destinados a transporte escolar por teren que viaxar de pé se non hai prazas abondas [48739](#)

I 14020 (12/POP-002083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación do transporte público regular por estrada no concello de Gondomar [48744](#)

I 14025 (12/POP-002084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a protección ambiental da serra do Suído ante o desenvolvemento, entre as provincias de Pontevedra e Ourense, do proxecto eólico Greco [48747](#)

I 14031 (12/POP-002085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a eventual implantación no curso 2025-2026 do bacharelato de artes nalgún dos institutos de ensinanza secundaria existentes no Val Miñor [48753](#)

I 14042 (12/POP-002086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013 [48756](#)

I 14050 (12/POP-002087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a evolución no sistema educativo galego da elección do portugués como lingua estranxeira [48761](#)

I 14052 (12/POP-002088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance das liñas de actuación no ensino en materia de linguas estranxeiras [48763](#)

I 14054 (12/POP-002089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de convivencia escolar 2025

[48765](#)

I 14056 (12/POP-002090)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia de educación dixital 2030

[48767](#)

I 14058 (12/POP-002091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o balance que ofrece o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica [48769](#)

I 14062 (12/POP-002092)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre os resultados obtidos a través dos convenios enmarcados no Programa de arraigo para a formación, dirixido ás persoas migrantes en situación irregular [48771](#)

I 14079 (12/POP-002093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as [48773](#)

I 14084 (12/POP-002094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre os resultados das políticas da Xunta de Galicia para fixar poboación moza no rural galego [48775](#)

I 14096 (12/POP-002095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre a eventual retirada por parte do Goberno galego da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización [48778](#)

I 14102 (12/POP-002097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as necesidades de persoal na Residencia San Antonio de Padua, de Lugo, para garantir a calidade asistencial [48781](#)

I 14114 (12/POP-002098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as ratios de persoal de atención directa nas residencias de maiores e a normativa que as regula [48784](#)



I 14121 (12/POP-002099)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar a normalización da lingua galega nos procedementos e servizos notariais

[48787](#)**I 14128 (12/POP-002100)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a cobertura das prazas vacantes de persoal facultativo do Centro de Saúde de Rianxo e o horario de atención do seu punto de atención continuada

[48792](#)**I 14144 (12/POP-002101)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 10 máis**

Sobre o estado en que está a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

[48795](#)**I 14146 (12/POP-002102)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert

[48797](#)**I 14148 (12/POP-002103)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

[48799](#)**I 14189 (12/POP-002104)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a previsión que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura da praza vacante do servizo de pediatria do Centro Integral de Saúde de Lalín

[48801](#)**I 14197 (12/POP-002105)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as necesidades docentes e o estado das instalacións dos centros educativos públicos do concello de Mos

[48804](#)**I 14213 (12/POP-002106)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as actuacións de protección e seguridade que levou ou está a levar a cabo o Goberno galego ante a avaría producida no buque petroleiro Nissos Rhenia, que se atopa preto das costas galegas

[48808](#)

I 14223 (12/POP-002107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o depósito na praia da Basteira, no concello de Cariño, do material procedente da dragaxe do porto desta vila

[48811](#)

I 14231 (12/POP-002108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre o eventual impulso por parte da Xunta de Galicia do traslado do Punto de Encontro Familiar de Ourense para un mellor cumprimento das súas funcións

[48814](#)

I 14238 (12/POP-002109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático

[48818](#)

I 14243 (12/POP-002110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa

[48821](#)

I 14248 (12/POP-002111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as perspectivas que ten o Goberno galego respecto dun posible incremento dos orzamentos destinados ao programa Bono Activa Comercio

[48824](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 14348 (12/PUP-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia

[48827](#)

I 14353 (12/PUP-000055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión

[48829](#)

I 14371 (12/PUP-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro

[48830](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 14376 (12/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista

[48834](#)

I 14377 (12/POPX-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a calidade da democracia en Galicia

[48835](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 13929 (12/POC-002215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os criterios considerados e os efectos agardados polo Goberno galego que xustificaron e xustifican a actual articulación das competencias en política de ordenación do territorio dentro do organigrama da Xunta

[48836](#)

I 13939 (12/POC-002216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a situación en que está a lingua galega na Administración de xustiza e as previsións do Goberno galego en relación coa tradución oficial de toda a lexislación vixente en Galicia

[48843](#)

I 13945 (12/POC-002217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 5 máis

Sobre a forma en que a Xunta de Galicia vai xestionar o mantemento das autovías que vai rescatar e a situación en que vai quedar o persoal vinculado a elas

[48847](#)



I 13950 (12/POC-002218)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a situación en que está a dotación de facultativos/as do Servizo de CardioloXía do Hospital Público da Mariña e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

[48851](#)**I 13956 (12/POC-002219)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación dos centros de saúde do concello de Oleiros canto á súa cobertura profesional e á capacidade de atención sanitaria

[48854](#)**I 13962 (12/POC-002220)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da valoración dunha mellora do marco de apoio económico ás vítimas de violencia machista en consonancia co contexto de incremento da carestía da vida

[48857](#)**I 13969 (12/POC-002221)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego

[48861](#)**I 13974 (12/POC-002222)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a situación do CEIP de Sigüeiro, do concello de Oroso, no referido á dotación de persoal coadador e persoal docente, singularmente nas especialidades de atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo específico

[48868](#)**I 13986 (12/POC-002223)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 4 máis**

Sobre a situación da atención educativa das pacientes e dos pacientes pediátricos ingresados no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e daqueles que precisan atención educativa domiciliaria

[48871](#)**I 13991 (12/POC-002224)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o concepto de «refuxio climático», o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia

[48875](#)

I 13997 (12/POC-002225)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a creación de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática [48878](#)

I 14002 (12/POC-002226)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da atención sanitaria primaria no concello de Cerdedo-Cotobade, singularmente en canto ao incremento dos recursos humanos [48887](#)

I 14008 (12/POC-002227)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre a transparencia que reclaman as ANPA verbo da información relativa ao funcionamento dos centros educativos e as previsións que ten a Consellería de Educación no que se refire á achega dos datos xerais, detallados por centro e nivel xeográfico, en cada curso escolar [48890](#)

I 14014 (12/POC-002228)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre o problema de seguridade para os alumnos/as que viaxan en vehículos de liñas interurbanas destinados a transporte escolar por teren que viaxar de pé se non hai prazas abundas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto [48895](#)

I 14019 (12/POC-002229)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre o funcionamento do transporte público por estrada no concello de Gondomar no que atinxe á oferta de prazas, aos horarios e á información subministrada aos usuarios/as [48900](#)

I 14024 (12/POC-002230)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto eólico Greco, situado entre as provincias de Pontevedra e Ourense, a súa compatibilidade coa preservación do medio natural e as medidas para a protección da serra do Suído [48904](#)

I 14030 (12/POC-002231)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a carencia do bacharelato de artes nos institutos dos concellos do Val Miñor e as previsións que ten o Goberno galego para atender as demandas da comunidade educativa ao respecto [48910](#)

I 14041 (12/POC-002232)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013, as accións levadas a cabo e as previsións relativas á posta en marcha dun novo plan [48913](#)

I 14049 (12/POC-002233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a evolución no sistema educativo galego da elección do portugués como lingua estranxeira [48918](#)

I 14051 (12/POC-002234)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance das liñas de actuación no ensino en materia de linguas estranxeiras [48920](#)

I 14053 (12/POC-002235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de convivencia escolar 2025 [48922](#)

I 14055 (12/POC-002236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia de educación dixital 2030 [48924](#)

I 14057 (12/POC-002237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o balance que ofrece o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica [48926](#)

I 14061 (12/POC-002238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre os resultados obtidos a través dos convenios enmarcados no Programa de arraigo para a formación, dirixido ás persoas migrantes en situación irregular, e as previsións respecto da sinatura de novos convenios [48928](#)

I 14077 (12/POC-002239)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a situación actual dos centros especiais de emprego rexistrados en Galicia, a evolución das axudas concedidas pola Xunta de Galicia e o grao de integración das persoas con discapacidade [48930](#)

I 14078 (12/POC-002240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis



Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as e as actuacións previstas para o vindeiro ano 2025 [48933](#)

I 14083 (12/POC-002241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a situación da mocidade rural en Galicia e as estratexias, incluíndo plans de formación laboral, que desenvolve ou prevé desenvolver o Goberno galego para fixar a xuventude neste ámbito territorial [48935](#)

I 14095 (12/POC-002242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización [48938](#)

I 14101 (12/POC-002243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a dimensión dos cadros de persoal nas residencias de maiores, nomeadamente na de San Antonio de Padua, de Lugo, as denuncias recibidas pola Xunta de Galicia pola súa insuficiencia e as medidas previstas para garantir a máxima calidade asistencial nestes centros [48941](#)

I 14113 (12/POC-002244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as ratios de persoal de atención directa nas residencias de maiores e a normativa que as regula [48945](#)

I 14120 (12/POC-002245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a implantación da lingua galega nos servizos ofrecidos polas notarías, as medidas de normalización que puxo en marcha o Goberno galego neste ámbito nos últimos anos e as súas previsións cara adiante [48948](#)

I 14127 (12/POC-002246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Rianxo, a cobertura das prazas vacantes de persoal facultativo e a ampliación do horario do punto de atención continuada deste centro [48954](#)

I 14143 (12/POC-002247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis



Sobre o estado en que está a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo [48957](#)

I 14145 (12/POC-002248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert [48959](#)

I 14147 (12/POC-002249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia [48961](#)

I 14188 (12/POC-002250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro Integral de Saúde de Lalín e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura de baixas e de prazas vacantes nesta especialidade [48963](#)

I 14196 (12/POC-002251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos de Mos e o dos seus cadros docentes, de orientadores e de especialistas en atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo [48966](#)

I 14200 (12/POC-002252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis

Sobre a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización [48970](#)

I 14206 (12/POC-002253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o balance da xestión dos recursos humanos na CRTVG no período 2009-2024 e os procesos de estabilización de emprego que se desenvolveron nese espazo temporal ou que están en marcha [48973](#)

I 14212 (12/POC-002254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis



Sobre a información que posúe o Goberno galego da situación do buque petroleiro Nissos Rhenia, avariado preto da costa galega, e as medidas e protocolos activados en colaboración cos medios de salvamento marítimo do Estado [48976](#)

I 14222 (12/POC-002255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a natureza da area e dos materiais que se están a depositar na praia da Basteira, en Cariño, procedentes da dragaxe do porto, os trámites ambientais realizados para a súa autorización e a empresa e as administracións implicadas nestes traballos [48979](#)

I 14230 (12/POC-002256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo dun eventual traslado do Punto de Encontro Familiar de Ourense e as valoracións que fai respecto das queixas existentes polas condicións en que leva a cabo as súas funcións [48982](#)

I 14237 (12/POC-002257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático [48987](#)

I 14242 (12/POC-002258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa [48990](#)

I 14247 (12/POC-002259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre o alcance do programa do Bono Activa Comercio, as previsións do Goberno galego verbo dunha ampliación orzamentaria destinada a estas axudas e a valoración da inclusión do comercio ambulante [48993](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

I Resolución da Presidencia, do 12 de novembro de 2024, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024 [48673](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 12 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 13930 (12/POP-002067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns da actual distribución na Administración da Xunta de Galicia das competencias en política de ordenación territorial

- 13931 (12/POP-002068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación xerada na sociedade pública Xestur S. A. polo novo organigrama de distribución das competencias en materia de ordenación territorial dentro da Xunta de Galicia

- 13940 (12/POP-002069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a posta en marcha de medidas encamiñadas a dispor en lingua galega de toda a lexislación consolidada vixente en Galicia

- 13946 (12/POP-002070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da eventual subrogación do persoal das autovías que van ser rescatadas pola Xunta de Galicia

- 13951 (12/POP-002071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a situación en que está a dotación de facultativos/as do Servizo de Cardiología do Hospital Público da Mariña

- 13957 (12/POP-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria nos centros de saúde do concello de Oleiros



- 13963 (12/POP-002073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a eventual mellora do apoio económico ás vítimas de violencia machista en consonancia co incremento da carestía da vida producido nos últimos anos

- 13970 (12/POP-002074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a planificación da protección ante a presenza do gas radon en vivendas e centros de traballo de Galicia

- 13975 (12/POP-002075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia para mellorar a atención ao alumnado do CEIP de Sigüeiro, do concello de Oroso

- 13977 (12/POP-002076)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense

- 13987 (12/POP-002077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis

Sobre a dotación de persoal docente da Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e a situación da atención educativa domiciliaria dos seus pacientes pediátricos

- 13992 (12/POP-002078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a pertinencia do uso do concepto de «refuxio climático» na marca impulsada polo Goberno galego denominada Galicia Refuxio Climático

- 13998 (12/POP-002079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias en materias relacionadas co cambio climático

- 14003 (12/POP-002080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da atención sanitaria primaria no concello de Cerdedo-Cotobade



- 14009 (12/POP-002081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a subministración ás ANPA da información que deben posuír para desenvolver as súas funcións de participación marcadas pola normativa educativa

- 14015 (12/POP-002082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o problema de seguridade para os alumnos/as que viaxan en vehículos de liñas interurbanas destinados a transporte escolar por teren que viaxar de pé se non hai prazas abondas

- 14020 (12/POP-002083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación do transporte público regular por estrada no concello de Gondomar

- 14025 (12/POP-002084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a protección ambiental da serra do Suído ante o desenvolvemento, entre as provincias de Pontevedra e Ourense, do proxecto eólico Greco

- 14031 (12/POP-002085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a eventual implantación no curso 2025-2026 do bacharelato de artes nalgún dos institutos de ensinanza secundaria existentes no Val Miñor

- 14042 (12/POP-002086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013

- 14050 (12/POP-002087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a evolución no sistema educativo galego da elección do portugués como lingua estranxeira

- 14052 (12/POP-002088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance das liñas de actuación no ensino en materia de linguas estranxeiras

- 14054 (12/POP-002089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de convivencia escolar 2025

- 14056 (12/POP-002090)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia de educación dixital 2030

- 14058 (12/POP-002091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o balance que ofrece o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica

- 14062 (12/POP-002092)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre os resultados obtidos a través dos convenios enmarcados no Programa de arraigo para a formación, dirixido ás persoas migrantes en situación irregular

- 14079 (12/POP-002093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as

- 14084 (12/POP-002094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre os resultados das políticas da Xunta de Galicia para fixar poboación moza no rural galego

- 14096 (12/POP-002095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre a eventual retirada por parte do Goberno galego da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización

- 14102 (12/POP-002097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as necesidades de persoal na Residencia San Antonio de Padua, de Lugo, para garantir a calidade asistencial

- 14114 (12/POP-002098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as ratios de persoal de atención directa nas residencias de maiores e a normativa que as regula



- 14121 (12/POP-002099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar a normalización da lingua galega nos procedementos e servizos notariais

- 14128 (12/POP-002100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a cobertura das prazas vacantes de persoal facultativo do Centro de Saúde de Rianxo e o horario de atención do seu punto de atención continuada

- 14144 (12/POP-002101)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis

Sobre o estado en que está a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

- 14146 (12/POP-002102)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert

- 14148 (12/POP-002103)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

- 14189 (12/POP-002104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a previsión que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura da praza vacante do servizo de pediatria do Centro Integral de Saúde de Lalín

- 14197 (12/POP-002105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as necesidades docentes e o estado das instalacións dos centros educativos públicos do concello de Mos

- 14213 (12/POP-002106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis



Sobre as actuacións de protección e seguridade que levou ou está a levar a cabo o Goberno galego ante a avaría producida no buque petroleiro Nissos Rhenia, que se atopa preto das costas galegas

- 14223 (12/POP-002107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o depósito na praia da Basteira, no concello de Cariño, do material procedente da dragaxe do porto desta vila

- 14231 (12/POP-002108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre o eventual impulso por parte da Xunta de Galicia do traslado do Punto de Encontro Familiar de Ourense para un mellor cumprimento das súas funcións

- 14238 (12/POP-002109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático

- 14243 (12/POP-002110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa

- 14248 (12/POP-002111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre as perspectivas que ten o Goberno galego respecto dun posible incremento dos orzamentos destinados ao programa Bono Activa Comercio

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 14348 (12/PUP-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia

- 14353 (12/PUP-000055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión

- 14371 (12/PUP-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 14376 (12/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista

- 14377 (12/POPX-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a calidade da democracia en Galicia

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 13929 (12/POC-002215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os criterios considerados e os efectos agardados polo Goberno galego que xustificaron e xustifican a actual articulación das competencias en política de ordenación do territorio dentro do organigrama da Xunta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 13939 (12/POC-002216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a situación en que está a lingua galega na Administración de xustiza e as previsións do Goberno galego en relación coa tradución oficial de toda a lexislación vixente en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 13945 (12/POC-002217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 5 máis



Sobre a forma en que a Xunta de Galicia vai xestionar o mantemento das autovías que vai rescatar e a situación en que vai quedar o persoal vinculado a elas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 13950 (12/POC-002218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a situación en que está a dotación de facultativos/as do Servizo de CardioloXía do Hospital Público da Mariña e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 13956 (12/POC-002219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación dos centros de saúde do concello de Oleiros canto á súa cobertura profesional e á capacidade de atención sanitaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 13962 (12/POC-002220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da valoración dunha mellora do marco de apoio económico ás vítimas de violencia machista en consonancia co contexto de incremento da carestía da vida

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 13969 (12/POC-002221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 13974 (12/POC-002222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación do CEIP de Sigüeiro, do concello de Oroso, no referido á dotación de persoal coeducador e persoal docente, singularmente nas especialidades de atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo específico

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 13986 (12/POC-002223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis



Sobre a situación da atención educativa das pacientes e dos pacientes pediátricos ingresados no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e daqueles que precisan atención educativa domiciliaria
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 13991 (12/POC-002224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o concepto de «refuxio climático», o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 13997 (12/POC-002225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a creación de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14002 (12/POC-002226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da atención sanitaria primaria no concello de Cerdedo-Cotobade, singularmente en canto ao incremento dos recursos humanos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14008 (12/POC-002227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a transparencia que reclaman as ANPA verbo da información relativa ao funcionamento dos centros educativos e as previsións que ten a Consellería de Educación no que se refire á achega dos datos xerais, detallados por centro e nivel xeográfico, en cada curso escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14014 (12/POC-002228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o problema de seguridade para os alumnos/as que viaxan en vehículos de liñas interurbanas destinados a transporte escolar por teren que viaxar de pé se non hai prazas abundas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14019 (12/POC-002229)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ríos Santomé, Paulo



Sobre o funcionamento do transporte público por estrada no concello de Gondomar no que atinxe á oferta de prazas, aos horarios e á información subministrada aos usuarios/as
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14024 (12/POC-002230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto eólico Greco, situado entre as provincias de Pontevedra e Ourense, a súa compatibilidade coa preservación do medio natural e as medidas para a protección da serra do Suído

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14030 (12/POC-002231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a carencia do bacharelato de artes nos institutos dos concellos do Val Miñor e as previsións que ten o Goberno galego para atender as demandas da comunidade educativa ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14041 (12/POC-002232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013, as accións levadas a cabo e as previsións relativas á posta en marcha dun novo plan

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14049 (12/POC-002233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a evolución no sistema educativo galego da elección do portugués como lingua estranxeira

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14051 (12/POC-002234)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance das liñas de actuación no ensino en materia de linguas estranxeiras

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14053 (12/POC-002235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de convivencia escolar 2025

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14055 (12/POC-002236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre o desenvolvemento da Estratexia de educación dixital 2030
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14057 (12/POC-002237)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre o balance que ofrece o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14061 (12/POC-002238)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre os resultados obtidos a través dos convenios enmarcados no Programa de arraigo para a formación, dirixido ás persoas migrantes en situación irregular, e as previsións respecto da sinatura de novos convenios
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14077 (12/POC-002239)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a situación actual dos centros especiais de emprego rexistrados en Galicia, a evolución das axudas concedidas pola Xunta de Galicia e o grao de integración das persoas con discapacidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14078 (12/POC-002240)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as e as actuacións previstas para o vindeiro ano 2025
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14083 (12/POC-002241)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a situación da mocidade rural en Galicia e as estratexias, incluíndo plans de formación laboral, que desenvolve ou prevé desenvolver o Goberno galego para fixar a xuventude neste ámbito territorial
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14095 (12/POC-002242)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis
Sobre a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 14101 (12/POC-002243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a dimensión dos cadros de persoal nas residencias de maiores, nomeadamente na de San Antonio de Padua, de Lugo, as denuncias recibidas pola Xunta de Galicia pola súa insuficiencia e as medidas previstas para garantir a máxima calidade asistencial nestes centros

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14113 (12/POC-002244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as ratios de persoal de atención directa nas residencias de maiores e a normativa que as regula

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14120 (12/POC-002245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a implantación da lingua galega nos servizos ofrecidos polas notarías, as medidas de normalización que puxo en marcha o Goberno galego neste ámbito nos últimos anos e as súas previsións cara adiante

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14127 (12/POC-002246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Rianxo, a cobertura das prazas vacantes de persoal facultativo e a ampliación do horario do punto de atención continuada deste centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14143 (12/POC-002247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 10 máis

Sobre o estado en que está a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14145 (12/POC-002248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 14147 (12/POC-002249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14188 (12/POC-002250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro Integral de Saúde de Lalín e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura de baixas e de prazas vacantes nesta especialidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14196 (12/POC-002251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos de Mos e o dos seus cadros docentes, de orientadores e de especialistas en atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14200 (12/POC-002252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis

Sobre a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14206 (12/POC-002253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o balance da xestión dos recursos humanos na CRTVG no período 2009-2024 e os procesos de estabilización de emprego que se desenvolveron nese espazo temporal ou que están en marcha

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 14212 (12/POC-002254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a información que posúe o Goberno galego da situación do buque petroleiro Nissos Rhenia, avariado preto da costa galega, e as medidas e protocolos activados en colaboración cos medios de salvamento marítimo do Estado

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 14222 (12/POC-002255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a natureza da area e dos materiais que se están a depositar na praia da Basteira, en Cariño, procedentes da dragaxe do porto, os trámites ambientais realizados para a súa autorización e a empresa e as administracións implicadas nestes traballos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14230 (12/POC-002256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo dun eventual traslado do Punto de Encontro Familiar de Ourense e as valoracións que fai respecto das queixas existentes polas condicións en que leva a cabo as súas funcións

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14237 (12/POC-002257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14242 (12/POC-002258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14247 (12/POC-002259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o alcance do programa do Bono Activa Comercio, as previsións do Goberno galego verbo dunha ampliación orzamentaria destinada a estas axudas e a valoración da inclusión do comercio ambulante

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 12 de novembro de 2024, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024

De conformidade co disposto na base quinta das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024 (*BOPG* núm. 15 e *DOG* núm. 79, ambos do 22 de abril de 2024),

RESOLVO:

Nomear membros do tribunal cualificador das anteditas probas selectivas as persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

Presidenta: María Teresa Flores Arias (Universidade de Santiago de Compostela)

Secretario: Francisco Javier Freire González (Parlamento de Galicia)

Vogal 1: Carolina Costoya Pardo (Parlamento de Galicia)

Vogal 2: María Jesús Calvo Noya (Parlamento de Galicia)

Vogal 3: Teodoro García Rodríguez (Parlamento de Galicia)

Tribunal suplente:

Presidente: Francisco Javier García Cutrín (Universidade de Vigo)

Secretario: Martín Nercellas Méndez (Parlamento de Galicia)

Vocal 1: María del Mar López González (Parlamento de Galicia)

Vocal 2: Begoña Ramos Suárez (Parlamento de Galicia)

Vocal 3: María del Carmen Pardal Pazos (Parlamento de Galicia)

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o caos e os problemas xerados polo novo organigrama de goberno en cuanto ás competencias en materia de ordenación territorial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, determina que o goberno galego ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. En virtude do mesmo aprobouse, primeiro, a *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* e, posteriormente, a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*.

En ditas normas queda recollida a necesidade de realizar un tratamento integral do territorio, tanto na harmonización das distintas escalas espaciais da planificación, como das múltiples instancias e materias da xestión pública que abarca. Así, a exposición de motivos da lei en vigor especifica no capítulo primeiro o seguinte:

“Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndelle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central dos principios de colaboración e cooperación. A globalidade do fin perseguido demanda primordialmente a articulación dunha política pública integrada, capaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de darlle satisfacción, e isto, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado na existencia de varias instancias territoriais dotadas de poder político, exige a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.”

“A lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, ao tempo que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.”

A visión integral da Ordenación do Territorio constitúe en eixo fundamental da disciplina. Existe un consenso académico de décadas sobre esta cuestión que se traduce, por exemplo, na Carta europea de ordenación do territorio de 1983, que conceptúa a ordenación do territorio como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade” e defínea como “unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como un enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor”, ademais de establecer unha serie de obxectivos fundamentais da política territorial. Tamén na propia Constitución Española que consagrou a Ordenación do Territorio como unha materia distinta e diferenciada de calquera outra.

Por iso na conformación dos distintos gobernos da Xunta, a ordenación do territorio obtivo sempre un rango de Consellería, onde se incluían todas as competencias que xiraban ao redor da mesma. Se ben é certo que a acción resultante destes gobernos priorizou unha visión da ordenación baseada na planificación sectorial, especialmente ligada ás cuestións económicas, cando menos a estrutura do goberno permitía reunir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixo unha mesma consellería a toma de decisións, o proceso técnico administrativo e a capacidade normativa de boa parte dos aspectos centrais para que se puidese producir, de ter vontade, unha verdadeira política transversal coordinada, ao estilo do que teñen noutros países europeos.

Pero todo isto quebrouse na conformación do novo goberno da Xunta de Galiza en 2024, en que por vez primeira na historia da autonomía, non hai ningunha Consellería de planificación territorial. Podería pensarse que isto vén dado por unha priorización doutras materias sobre esta, pero os motivos van moito máis alá. Non só desaparece a Consellería, senón que nas direccións de rango inferior prodúcese esa mesma laminación da planificación territorial. Se no último goberno existía unha Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, cunha subdirección xeral de ordenación do territorio, un servizo de ordenación territorial e un servizo de autorizacións e informes sectoriais. No novo goberno nin tan sequera existe xa unha Dirección Xeral ou Secretaría Xeral con competencias en planificación territorial.

O que decidiu o novo presidente da Xunta de Galiza é a aniquilación mesma da planificación territorial como materia. Con todo, resulta complicado borrarla por completo, en tanto que é unha materia específica que se desenvolve en toda a arquitectura normativa. De forma que o presidente da Xunta toma unha segunda decisión que é a fragmentación caótica e artificial das competencias propias en materia de ordenación territorial en 3 consellerías distintas.

Así, no novo organigrama desaparecen todas as referencias á planificación territorial e só algunhas das súas atribucións específicas se reparten entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Economía e Industria. Igualmente as entidades anteriormente vinculadas á Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo como son a IET, o IGVS e a APLU, son repartidas polas distintas consellerías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fica con algunhas competencias ligadas á planificación territorial como son a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, aínda que non exista ningunha Dirección Xeral orientada a tal fin. En concreto vai ser a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático a que asuma as competencias en materia de ordenación do litoral “Sen prexuízo das que estean atribuídos a outros órganos”. Máis concretamente será a Subdirección Xeral de Cambio climático e de Ordenación do Litoral a través dun Servizo de Xestión do Litoral que acolla estas funcións.

En cuanto ás competencias relativas á xestión da paisaxe non existe ningún centro directivo, nin subdirección xeral ou servizo que asuma esta tarefa e fican limitadas ao papel do Instituto de Estudos do Territorio e ao órgano colexiado do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. Igualmente quedan adscritas tamén a esta Consellería a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica ou a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

Doutra banda a Consellería de Vivenda e Planificación das Infraestruturas corresponden competencias en materia de vivenda, urbanismo e as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Porén desaparece da súa denominación toda referencia á ordenación do territorio. Así, o que no anterior goberno se denominaba como Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pasa a converterse en Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, cunha dirección xeral de Urbanismo. Non hai nin centros directivos, nin subdireccións xerais, nin servizos que fagan referencia no seu título ás competencias en planificación territorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que entrar nas atribucións concretas da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo definidas na normativa, para atopar algunha referencia ás competencias en materia de planificación territorial e de utilización racional do solo, que se prescriben de forma moi limitada a funcións como a elaboración de informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, o seguimento, arquivo e rexistro dos instrumentos aprobados ou a emisión de informes que correspondan ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio. É dicir limitado nas súas capacidades de impulso e de vocación de desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial.

A pesar de que as atribucións son mínimas, tendo en conta as que se lle asignan a esta Consellería en materia de planificación territorial, non semella razoable que o IET, que a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza ou a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, estean localizadas no organigrama doutra Consellería distinta. Mentres que si fican adscritos a esta Consellería o IGVS e a APLU, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e os órganos colexiados do Xurado de Expropiación de Galicia e a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Por se non fose suficiente a confusión xerada, hai outras competencias ligadas á planificación territorial que foron trasladadas á Consellería de Economía e Industria na norma que o regula. Por exemplo, a través da disposición adicional sétima determínase:

Consellería competente en materia de solo empresarial, establécese que esta asuma as competencias en materia de solo empresarial, así como a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Ditas competencias quedan adscritas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo empresarial e a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. Esta decisión está creando evidentes contradicións no funcionamento interno da Xunta. Un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtico caos por parte dos axentes que deben operar con este organismo. A pesar dos anuncios feitos polo presidente do goberno en relación co Xestur, o certo é que máis de medio ano despois segue sen resolverse.

En definitiva, todas estas decisións forman parte dunha estratexia xeral de eliminado da materia de planificación territorial, co obxectivo único de facilitar a especulación e o espolio. Xa coa aprobación da LOT en 2021, dende este grupo denunciámos que a nova lexislación supuña un serio paso atrás en cuanto á necesidade de termos unha visión integrada e sostible da planificación territorial. Unha norma, recordemos, que abría a posibilidade de instrumentos como os PIA para facilitar a toma de decisións arbitrarias por parte do Consello da Xunta, a negativa a comprometerse co desenvolvemento dos plans de escala subrexionais, ou a vinculación dos obxectivos da planificación territorial ao servizo dunha política económica extrativista dos recursos do noso territorio.

Durante o debate parlamentario desa lei aseguramos dende o BNG que a súa aprobación supuña a morte da planificación territorial, entendida como instrumento ao servizo do interese público. Agora esta decisión de erradicar e fragmentar do novo goberno esta materia, supón xa un golpe de gracia, que destrúe a posibilidade de alcanzar un desenvolvemento territorial sostible de conxunto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza degradou, fragmentou e suprimiu a ordenación do territorio no goberno actual?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2024 13:49:39

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 13:49:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o caos e os problemas xerados polo novo organigrama de goberno en cuanto ás competencias en materia de ordenación territorial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, determina que o goberno galego ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. En virtude do mesmo aprobouse, primeiro, a *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* e, posteriormente, a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*.

En ditas normas queda recollida a necesidade de realizar un tratamento integral do territorio, tanto na harmonización das distintas escalas espaciais da planificación, como das múltiples instancias e materias da xestión pública que abarca. Así, a exposición de motivos da lei en vigor especifica no capítulo primeiro o seguinte:

“Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndelle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central dos principios de colaboración e cooperación. A globalidade do fin perseguido demanda primordialmente a articulación dunha política pública integrada, capaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de darlle satisfacción, e isto, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado na existencia de varias instancias territoriais dotadas de poder político, exige a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.”

“A lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, ao tempo que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.”

A visión integral da Ordenación do Territorio constitúe en eixo fundamental da disciplina. Existe un consenso académico de décadas sobre esta cuestión que se traduce, por exemplo, na Carta europea de ordenación do territorio de 1983, que conceptúa a ordenación do territorio como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade” e defínea como “unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como un enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor”, ademais de establecer unha serie de obxectivos fundamentais da política territorial. Tamén na propia Constitución Española que consagrou a Ordenación do Territorio como unha materia distinta e diferenciada de calquera outra.

Por iso na conformación dos distintos gobernos da Xunta, a ordenación do territorio obtivo sempre un rango de Consellería, onde se incluían todas as competencias que xiraban ao redor da mesma. Se ben é certo que a acción resultante destes gobernos priorizou unha visión da ordenación baseada na planificación sectorial, especialmente ligada ás cuestións económicas, cando menos a estrutura do goberno permitía reunir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixo unha mesma consellería a toma de decisións, o proceso técnico administrativo e a capacidade normativa de boa parte dos aspectos centrais para que se puidese producir, de ter vontade, unha verdadeira política transversal coordinada, ao estilo do que teñen noutros países europeos.

Pero todo isto quebrouse na conformación do novo goberno da Xunta de Galiza en 2024, en que por vez primeira na historia da autonomía, non hai ningunha Consellería de planificación territorial. Podería pensarse que isto vén dado por unha priorización doutras materias sobre esta, pero os motivos van moito máis alá. Non só desaparece a Consellería, senón que nas direccións de rango inferior prodúcese esa mesma laminación da planificación territorial. Se no último goberno existía unha Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, cunha subdirección xeral de ordenación do territorio, un servizo de ordenación territorial e un servizo de autorizacións e informes sectoriais. No novo goberno nin tan sequera existe xa unha Dirección Xeral ou Secretaría Xeral con competencias en planificación territorial.

O que decidiu o novo presidente da Xunta de Galiza é a aniquilación mesma da planificación territorial como materia. Con todo, resulta complicado borrarla por completo, en tanto que é unha materia específica que se desenvolve en toda a arquitectura normativa. De forma que o presidente da Xunta toma unha segunda decisión que é a fragmentación caótica e artificial das competencias propias en materia de ordenación territorial en 3 consellerías distintas.

Así, no novo organigrama desaparecen todas as referencias á planificación territorial e só algunhas das súas atribucións específicas se reparten entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Economía e Industria. Igualmente as entidades anteriormente vinculadas á Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo como son a IET, o IGVS e a APLU, son repartidas polas distintas consellerías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fica con algunhas competencias ligadas á planificación territorial como son a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, aínda que non exista ningunha Dirección Xeral orientada a tal fin. En concreto vai ser a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático a que asuma as competencias en materia de ordenación do litoral “Sen prexuízo das que estean atribuídos a outros órganos”. Máis concretamente será a Subdirección Xeral de Cambio climático e de Ordenación do Litoral a través dun Servizo de Xestión do Litoral que acolla estas funcións.

En cuanto ás competencias relativas á xestión da paisaxe non existe ningún centro directivo, nin subdirección xeral ou servizo que asuma esta tarefa e fican limitadas ao papel do Instituto de Estudos do Territorio e ao órgano colexiado do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. Igualmente quedan adscritas tamén a esta Consellería a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica ou a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

Doutra banda a Consellería de Vivenda e Planificación das Infraestruturas corresponden competencias en materia de vivenda, urbanismo e as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Porén desaparece da súa denominación toda referencia á ordenación do territorio. Así, o que no anterior goberno se denominaba como Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pasa a converterse en Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, cunha dirección xeral de Urbanismo. Non hai nin centros directivos, nin subdireccións xerais, nin servizos que fagan referencia no seu título ás competencias en planificación territorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que entrar nas atribucións concretas da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo definidas na normativa, para atopar algunha referencia ás competencias en materia de planificación territorial e de utilización racional do solo, que se prescriben de forma moi limitada a funcións como a elaboración de informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, o seguimento, arquivo e rexistro dos instrumentos aprobados ou a emisión de informes que correspondan ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio. É dicir limitado nas súas capacidades de impulso e de vocación de desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial.

A pesar de que as atribucións son mínimas, tendo en conta as que se lle asignan a esta Consellería en materia de planificación territorial, non semella razoable que o IET, que a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza ou a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, estean localizadas no organigrama doutra Consellería distinta. Mentres que si fican adscritos a esta Consellería o IGVS e a APLU, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e os órganos colexiados do Xurado de Expropiación de Galicia e a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Por se non fose suficiente a confusión xerada, hai outras competencias ligadas á planificación territorial que foron trasladadas á Consellería de Economía e Industria na norma que o regula. Por exemplo, a través da disposición adicional sétima determínase:

Consellería competente en materia de solo empresarial, establécese que esta asuma as competencias en materia de solo empresarial, así como a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Ditas competencias quedan adscritas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo empresarial e a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. Esta decisión está creando evidentes contradicións no funcionamento interno da Xunta. Un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtico caos por parte dos axentes que deben operar con este organismo. A pesar dos anuncios feitos polo presidente do goberno en relación co Xestur, o certo é que máis de medio ano despois segue sen resolverse.

En definitiva, todas estas decisións forman parte dunha estratexia xeral de eliminado da materia de planificación territorial, co obxectivo único de facilitar a especulación e o espolio. Xa coa aprobación da LOT en 2021, dende este grupo denunciámos que a nova lexislación supuña un serio paso atrás en cuanto á necesidade de termos unha visión integrada e sostible da planificación territorial. Unha norma, recordemos, que abría a posibilidade de instrumentos como os PIA para facilitar a toma de decisións arbitrarias por parte do Consello da Xunta, a negativa a comprometerse co desenvolvemento dos plans de escala subrexionais, ou a vinculación dos obxectivos da planificación territorial ao servizo dunha política económica extrativista dos recursos do noso territorio.

Durante o debate parlamentario desa lei aseguramos dende o BNG que a súa aprobación supuña a morte da planificación territorial, entendida como instrumento ao servizo do interese público. Agora esta decisión de erradicar e fragmentar do novo goberno esta materia, supón xa un golpe de gracia, que destrúe a posibilidade de alcanzar un desenvolvemento territorial sostible de conxunto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai solucionar o caos xerado no Xestur?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2024 13:49:31

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 13:49:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ausencia de versións consolidadas da lexislación en galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, dedica o seu artigo 9.º á xustiza no que, entre outras cousas, se compromete a:

“Facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos lexislativos nacionais máis importantes e aqueles que se refiren en particular aos falantes das devanditas linguas, a menos que xa se dispoña de tales textos doutro modo”.

O 6.º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento no Estado español da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, publicado o 24 de setembro, indica no que se refire á área da administración de xustiza, en canto á valoración do cumprimento dos compromisos asumidos, que o seguinte só se cumpre parcial ou formalmente:

- pór a disposición en galego os principais textos legais e, especialmente, os relacionados cos falantes de lingua galega.

Na actualidade, non existe ningún recurso que poña a disposición a lexislación estatal consolidada en lingua galega, o que obriga os e as profesionais a usaren a versión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consolidada en castelán das diferentes normas, ou a faceren unha tradución que carece de carácter oficial, polo que o goberno galego está a incumprir o obxectivo do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega en relación co incremento do uso da lingua galega na Administración de Xustiza, ademais de incumprir os obxectivos xerais do propio Plan Xeral (“Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións”, “Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”, “Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna”), e de complicar o uso normal do galego nun ámbito no que xa está moi limitado, e que ten consecuencias moi diversas para o traballo e para vida diaria de moitas persoas e colectivos.

O suplemento en galego do BOE deixou de publicarse en outubro de 2021 (algo que tamén pon de manifesto o 6.^a Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, que inclúe entre as súas recomendacións o restablecemento dunha versión en galego do Boletín Oficial do Estado), deixando os operadores xurídicos que traballan en galego sen unha tradución oficial que ofrezca seguridade xurídica, a pesar do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galiza para a publicación das Leis en Lingua Galega aprobado en 1998, polo cal a Xunta de Galiza deberá facerse responsábel da tradución das Leis, Reais Decretos-leis e Reais Decretos Lexislativos, remitindo o texto composto en galego ao Ministerio da Presidencia para a súa verificación e cotexo, e sufragando o custo da tradución do castelán ao galego ao 50 % entre o Boletín Oficial do Estado e a Xunta de Galiza.

A dispoñibilidade en galego da lexislación publicada no BOE é imprescindible para garantir o uso desta lingua con plenitude de efectos, e unha esixencia do principio de seguridade xurídica, tanto no ámbito do Dereito como no do ensino universitario desta disciplina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da lexislación estatal consolidada, a Xunta de Galiza tamén debería publicar as versións consolidadas en galego da lexislación galega, porque agora as únicas accesíbeis, en español, son as que publica o Boletín Oficial do Estado. A páxina lex.gal, que a o goberno galego desenvolve en colaboración coa USC non ofrece suficiente fiabilidade xurídica para que poida ser utilizada de xeito habitual. O Diario Oficial de Galiza debería ofrecer a publicación da versión consolidada das leis e decretos autonómicos en galego.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo o goberno galego encamiñadas a pór a disposición toda a lexislación consolidada en lingua galega?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Oscar Insua Lema

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 31/10/2024 09:29:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 31/10/2024 09:29:39

Daniel Castro García na data 31/10/2024 09:30:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2024 09:33:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o persoal que realiza os labores de mantemento nas autoestradas que van ser rescatas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente Alfonso Rueda anunciou o pasado 14 de outubro o acordo do Consello da Xunta para recuperar a concesión de catro autoestradas, a do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión.

O presidente informa no seu anuncio do aforro que esta operación significará para as finanzas galegas, estimacións que figuran tamén na memoria do proxecto de orzamentos actualmente en trámite nesta cámara, na que figura expresamente que no mes de outubro a Xunta chegou a un acordo coas concesionarias para proceder ao rescate destas autovías polos importes pendentes até o ano 2040, un total de 297 millóns de euros, calculando o aforro en 344,1 millóns de euros.

Hai que lembrar a respeito dos custos destas infraestruturas para o erario público as consideracións feitas polo Consello de Contas de Galiza no seu “Informe sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas”, no que manifesta que “Ante a caída da demanda, os pregos de condicións eran claros e excluían expresamente que as concesionarias puideran reclamarlle á administración compensacións polo feito de que a evolución real do tráfico diferise das previsións realizadas pola concesionaria”, mais para superar este obstáculo a Xunta incorporou nos orzamentos do ano 2014 unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Disposición adicional que habilitaba á Axencia galega de infraestruturas para a realización de reequilibrios para o caso de alteración imprevisíbel e extraordinaria no tráfico da autovía”. Estes reequilibrios, “deron lugar a pagos estimados en 205 millóns de euros” de xeito que “son os orzamentos públicos da Xunta de Galiza os que soportan boa parte da caída do tráfico e dos ingresos das concesionarias e cobren os beneficios das entidades financeiras (prestamistas) e, parcialmente das concesionarias”.

O Consello de Contas continúa manifestando que “as renegociacións realizadas supoñen unha quebra importante na transferencia do risco” e que ademais “lesionan o principio de igualdade dos licitadores posto que prexudican a aquelas empresas non gañadoras que de boa fe presentaron ofertas máis prudentes....”, “de feito, as tarifas aboadas ás concesionarias despois dos reequilibrios son superiores ás presentadas polos restantes licitadores que non resultaron adxudicatarios”.

O anuncio do Sr. Rueda recollido na web da Xunta de Galiza fala de que “con esta operación prevese un aforro de máis 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento até o final das concesións”.

Esta afirmación do Presidente da Xunta fixo saltar as alarmas das máis de 60 persoas que traballan no mantemento destas autoestradas, que solicitaron de inmediato unha reunión co Grupo parlamentario do BNG para trasladarnos que aínda hoxe, momento no que redactamos a presente iniciativa, ningún da empresa ou do goberno galego se ten posto en contacto con eles e elas para darlles garantías ou calquera información sobre as intencións da Xunta en canto aos seus postos de traballo.

Nesa reunión celebrada entre o Grupo parlamentario do BNG e máis a representación legal do persoal tamén nos informan que o convenio colectivo que resulta de aplicación nesta materia é o Convenio xeral do sector da construción, que recolle no seu artigo 29 o dereito á subrogación do persoal das contratas que realice o mantemento das estradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o feito de ser un dereito máis que consolidado no sector, que ven respectándose dun xeito pacífico, as declaracións do Presidente Rueda no sentido de aforrar en mantemento non deixa ser un elemento relevante de preocupación para todas as persoas afectadas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza a subrogación de todo o persoal que traballa actualmente vinculado ás autoestradas do Salnés, do Barbanza, Ourense-Celanova, e máis Santiago-Brión?

Santiago de Compostela, 31 de outubro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/10/2024 09:35:09

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 09:35:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2024 09:35:31

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 09:35:47

Rosana Pérez Fernández na data 31/10/2024 09:35:59

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 09:36:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a necesidade de que o Hospital de Burela conte con servizo de cardioloxía canto antes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de cardioloxía do Hospital de Burela leva tempo baixo mínimos, xa que desde o mes de febreiro levaba contando con soamente un profesional dun total de tres, é dicir, que toda a poboación mariñá tiña soamente un só cardiólogo na súa sanidade pública.

Mais, por se isto fose pouco, no mes de outubro este hospital estivo tres días (23, 24 e 25) sen ningún profesional da cardioloxía. Unha poboación de 70 mil habitantes con ningún cardiólogo ou cardióloga na súa sanidade pública.

Ademais, esta situación de extrema gravidade pode verse incrementada a partir do próximo 28 de novembro, xa que desde ese día e polo menos até o 13 de xaneiro este servizo estará pechado pola ausencia do único especialista que soporta a demanda cardiolóxica na Mariña.

Esta situación tan lamentable trae consigo unha serie de consecuencias para todos e todas. A primeira e a máis obvia é que con un só cardiólogo é imposible atender a consulta diaria, alén de que o Hospital da Mariña non asume ingresos de pacientes de cardioloxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En segundo lugar, e como era de esperar, os e as pacientes de cardioloXía que precisan ingreso son trasladados ao HULA, onde chegan sen cama asignada e polo tanto teñen que acudir por Urxencias.

En terceiro lugar, os e as pacientes cun episodio cardiovascular agudo que acoden a Hemodinámica do HULA por precisar dun cateterismo, non poden volver ao Hospital da Mariña, tendo que quedar ingresados en Lugo por falta de especialistas na comarca.

Por último, calquera doente que entre por Urxencias e precise de probas cardiolóxicas será citado ou citada para a realización das mesmas no HULA, un feito que demorará o seu diagnóstico e o que provocará un aumento das listas de agarda, unhas listas que xa de por si teñen unhas esperas altísimas.

Toda esta situación xa de por si pésima, afectará a calquera mariñán ou mariñá debido a que a ambulancia medicalizada que hai na comarca asume os traslados de cardioloXía ao HULA, deixando así á comarca sen a única ambulancia que permite prestar asistencia sanitaria in situ a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización de manobras de soporte vital avanzado.

Todo o dito vén a demostrar unha vez máis que os servizos no Hospital comarcal empeoraron dun xeito máis que palpable e que día tras día non fan outra cousa que seguir empeorando, a menos que se lle poña solución de xeito inmediato.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Vai a Xunta de Galiza asignarlle ao Hospital da Mariña os e as profesionais do servizo de CardioloXía cos que este está dotado de xeito inmediato?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 31/10/2024 10:13:14

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 10:13:32

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 10:13:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación dos centros de saúde de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Santa Cruz (Oleiros) tivo nas últimas semanas sen cubrir de xeito regular o servizo de matrona, pois a titular desta praza estivo de baixa. Na meirande parte dos días, a súa axenda foi atendida de xeito parcial por matronas que fan horas adicionais á súa xornada noutros centros de saúde e, esporadicamente, os días que non contan co persoal voluntario para facer esta dobre xornada, cobren a ausencia a xornada completa con persoal eventual. Este persoal eventual forma parte dunha listaxe de contratación temporal e, segundo a normativa vixente (o Manual de Coberturas de Ausencias do propio SERGAS), esta debería ser a primeira opción á hora de cubrir esta ou calquera outra incidencia. Isto provoca que a atención ás pacientes non sexa a axeitada, tanto pola falta de continuidade das profesionais como pola imposibilidade de cubrir os horarios da matrona titular por completo, provocando que en certos momentos sexa preciso deixar de atender pacientes ou de prestar algún servizo como, por exemplo, as clases de preparación maternal (como pasa nalgún centro de saúde no que usan este mesmo sistema de cobertura), co que todo isto implica para as pacientes que se atopan en procesos cuns prazos e protocolos establecidos.

Esta fórmula de cobertura de ausencias e a contratación das eventuais con vínculos de acumulación de tarefas, que están a ser desprazadas diariamente para dar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cobertura ás baixas existentes nos distintos centros de saúde, tamén supoñen un grave prexuízo para as profesionais.

Ademais, este mesmo centro de saúde ten pechados os dous cupos de pediatría dos que dispón por superar estes o número de cartillas recomendados, polo que se nacece na zona algún neno ou nena nova tería que ir ao centro de Saúde de Perillo. Desde o verán, o centro de saúde de Santa Cruz só conta cunha pediatra en horario de mañá, e a outra praza está sen cubrir, unicamente con prolongacións de media xornada algunhas tardes. En setembro, a xerencia pechou as cotas de pediatría do Centro de Saúde de Santa Cruz, e só se permite que as crianzas de Mera se inscriban a ese centro de saúde, enviando o resto ao de Perillo. Por todo isto, sería preciso abrir unha nova praza de pediatría no Centro de Saúde de Mera ou no da Covada, para que as dúas prazas existentes de pediatría do Centro de Saúde de Santa Cruz poidan atender a poboación desta localidade e isto permita que todos os membros da familia poidan ser atendidos no mesmo centro de saúde.

Por outra banda, o servizo de odontoloxía (só existe unha profesional no Centro de Saúde da Covada) non é suficiente actualmente para atender toda a poboación do Concello de Oleiros, polo que sería preciso abrir este Centro de saúde polas tardes ou trasladar a Unidade de Saúde Bucodental a outro centro que abra polas tardes, ou habilitar outra Unidade no mesmo ou noutro centro e co persoal necesario.

O Concello de Oleiros aumentou a súa poboación nos últimos anos, e non está previsto que esta tendencia se vexa modificada proximamente de xeito substancial, polo que entendemos que o Servizo Galego de Saúde debe adaptar os servizos á realidade da cidadanía, así como planificar unha atención axeitada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego corrixir os problemas de atención sanitaria en Oleiros?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 31/10/2024 10:55:04

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 10:55:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á mellora do marco de apoio económico ás vítimas de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica das mulleres, no ámbito colectivo e no individual, é un dos elementos determinantes á hora de combater a violencia de xénero e así o recolle a lexislación galega na materia e a nosa experiencia colectiva na construción dun sistema de protección, intervención e atención. O factor económico é, sen dúbida, determinante para interromper ou alongar a situación de submisión e dependencia de moitas mulleres e intervir nel é fundamental para crear as condicións óptimas para que as vítimas poidan romper esa espiral de violencia, máis aínda cando concorren circunstancias que incrementan a vulnerabilidade.

Así as cousas, non podemos ignorar os efectos que a concatenación de crises que viviu a nosa sociedade nos últimos anos ten nas mulleres. Debemos ter presente que ás consecuencias da crise financeira de 2009 se sumaron as da pandemia, a da prolongación da crise de prezos, que Galiza viviu con máis intensidade que o conxunto do Estado español, e a precarización das condicións materiais de vida. Non en balde, recentemente a Rede Galega contra a pobreza facía públicos os datos do último informe respecto do ano 2023 e alertaba, novamente, da intensificación da feminización da pobreza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a Rede alerta máis un ano de que empeora a taxa de pobreza feminina e crece a fenda de xénero. Segundo os datos recentemente publicados, das case 690.000 persoas que no 2023 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de 305.000 eran homes (case 17.000 máis, 1,3 puntos) e pouco máis de 384.000 mulleres (35.215 máis, 2,4 puntos). Así, agudízase a feminización da pobreza, especialmente en colectivos como as familias monoparentais e en contextos nos que hai crianzas. Ademais, debemos ter en conta que aínda non temos a foto completa da realidade económica das mulleres pois, tal e como advirten as persoas e entidades expertas, segue habendo un importante nesgo estatístico.

Se a precarización das condicións materiais de vida afecta con intensidade ás mulleres, máis aínda a aquelas en situación de especial vulnerabilidade que atravesen situacións de violencia machista, xa que tal e como se ten analizado, a violencia económica é unha cara máis da poliédrica violencia machista.

É polo tanto necesario que se reforcen os recurso existentes e destinados ao ámbito económico e que se impulsen medidas como a actualización das axudas periódicas ás vítimas impulsadas ao abeiro do artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que son unha ferramenta importantísima e consolidada en Galiza e que, porén, levan anos sen actualizar as súas contías. O propio articulado da lei recoller que a devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia. Para isto, é fundamental que os limiares das axudas acompañen os cambios do ciclo económico e se adapten á carestía da vida para ser realmente efectivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza debe seguir a liderar a mellora dun instrumento consolidado e que nos sitúa na vangarda da loita contra a violencia machista e que axudou desde 2006 a 7.415 vítimas. Ao tempo que os cambios legais impulsados no ámbito do recoñecemento da violencia sexual levan a incorporar unha ampliación das axudas neste sentido que foi manifestada polo goberno galego, é o momento de valorar a ampliación xeral das contías.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Valora incrementar a contía das axudas económicas existentes para vítimas de violencia machista para adaptalas ao incremento da carestía da vida que experimentamos nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2024 11:17:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2024 11:17:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o plan galego de medición, información e protección contra o radón nas vivendas e nos centros de traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O radón é un gas radioactivo que se atopa en solos, rochas e auga. É un gas incoloro, inodoro e insípido que provén da desintegración nuclear do radio (de aí lle vén o nome). É un elemento cunha presenza importante en toda a codia terrestre e nomeadamente en solos graníticos coma o galego.

O radón é a maior fonte de exposición humana á radioactividade natural; entra nas edificacións principalmente a través das fendas na cimentación, polas paredes, tubaxes, e mesmo por difusión a través de cerramentos en contacto co chan. As medidas máis efectivas e económicas para previr a acumulación de radón son as que se toman na fase de construción, illando o subsolo ou deixando cámaras de aire que canalicen as filtracións de radon ao exterior. Para edificios xa construídos, ou se a zona é de alto risco, compre garantir unha boa ventilación, e se a aireación tradicional non é suficiente, cómpren outras solucións como a extracción forzosa e canalización do aire ou a impermeabilización de chans e paredes.

2. Estudos realizados en todo o mundo -e tamén en Galiza- mostran que as persoas expostas de xeito continuado a niveis elevados deste gas teñen un maior risco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de desenvolver cancro de pulmón. A OMS considera que a exposición a gas radón é responsábel de até o 14% das mortes por cancro de pulmón (a segunda causa de morte tras do tabaco). Tamén considera que o radón é un grave problema para a saúde e por iso insta a todos os países a protexer e concienciar á poboación sobre os seus prexuízos, mesmo propón que se inclúa a protección contra os efectos negativos do radón na lexislación sobre vivenda, aconsellando reducir a súa presenza nas mesmas a niveis inferiores a 100 Bq/m³.

3. Nos estudos realizados no Estado español Galiza está considerada como unha das zonas con maior irradiación de radón, un gas presente nos solos graníticos fracturados e que pasa a sotos e vivendas.


Segundo os estudos realizados polo CSN, o 70% do territorio galego presenta risco de concentracións de radón, con maior incidencia nas provincias de Ourense e Pontevedra así como na parte occidental da Coruña e no centro de Lugo.

O Laboratorio do Radón de Galiza (CRETUS-USC) realiza medicións e a partir delas publica un mapa con niveis de concentración ao longo do territorio galego. Logo de realizar máis de 20.000 medicións, as zonas con maior incidencia do gas son A Barcala, Muros, Santiago, Quiroga, Allariz, a Baixa Limia, Terra de Caldelas, Verín, Viana, O Condado e O Salnés.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



4. A Comisión Europea elaborou xa no ano 1997 unhas recomendacións nas que instaba aos gobernos a establecer un sistema axeitado de medición e a necesidade de emprender medidas correctoras cando a concentración de radón fose superior a 200 Bq/m³ (becquerelios por metro cúbico de aire no interior) en vivendas e 800 Bq/m³ en edificios públicos e lugares de traballo.

En xaneiro de 2012, o BOE publicou a Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear, sobre criterios para a protección fronte á radiación natural. Esta instrución establece nos 600 Bq/m³ de concentración media anual de radon durante a xornada laboral o umbral por riba do cal é obrigatorio activar a protección para os traballadores e traballadoras. Así e todo, nos centros de traballo con alta permanencia do público (hospitais, centros educativos, cárceres...) o nivel establécese nos 300 Bq/m³. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instrución prevé a realización de medicións nos lugares de traballo en áreas identificadas polos seus valores elevados de radón.

A Unión Europea estableceu o 6 de febreiro de 2018 como data límite para a aplicación da directiva europea 2013/59/EURATOM, en vigor desde 2014. Esta normativa establece nos 300Bq/m³ o umbral de referencia para as concentracións de radon en espazos pechados nos lugares de traballo e obriga a realizar medicións en zonas de elevadas concentracións deste gas radiactivo. A citada norma tamén establece a obriga de aprobar un Plan Estatal de acción para o radon.

Cómpre ter en conta que segundo numerosas persoas expertas, o umbral establecido pola UE é bastante alto para marcar o punto a partir do cal hai que actuar. A OMS fixou en 2009 o límite nos 100 Bq/m³ e desde 1998 a Axencia de Protección Ambiental fixou 148 Bq/m³ como nivel de referencia.

5. Logo dun considerable retraso na transposición da Directiva EURATOM, o goberno español aprobou o pasado mes de xaneiro de 2024 o Plan Estatal Contra o Radón.

En decembro de 2022 publicouse o RD polo que se aprobaba o Plan de prevención contra o gas radón en lugares de traballo, que entrou en vigor en xullo de 2024 despois dunha moratoria de ano e medio. Segundo este plan, todos os centros de traballo públicos e privados situados en planta baixa ou baixo rasante de concellos de alta incidencia de radón están obrigados a medir o nivel de gas nas súas dependencias. As empresas contarán con unha marxe de tempo para facer as medicións a partir da data de entrada en vigor da norma.

Se ben é o Consello de Seguridade Nuclear (CSN) o que ten que publicar a listaxe de concellos que terán que aplicar a medida, en Galiza existen medicións do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Laboratorio do Radon que permiten adoptar medidas preventivas cando menos en 283 concellos con áreas con potencialidade de superar o nivel máximo permitido pola lei, 300 bq por metro cúbico de media anual en espazos pechados (concellos situados na zona II do Código Técnico da Edificación).

Os organismos encargados de velar polo cumprimento destas medidas son a Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza.

6. As Normas do Hábitat aprobadas en 2007 polo goberno da Xunta facían referencia directa ao radon e á necesidade de illamento nas construcións como medida preventiva. Lamentabelmente esta norma foi derogada polo goberno do PP sen ningunha medida alternativa.

No ano 2019 a Xunta publicou a través do IGVS unha Guía de recomendacións de mitigación en vivendas existentes. No caso das vivendas de nova construción teñen que cumprir o estipulado polo Código Técnico de Edificación, que establece os requisitos técnicos que deberán cumprir os edificios para a protección das persoas fronte á exposición ao gas radon.

Tendo en conta a incidencia deste tema na saúde pública e a complexidade e diversidade de actuacións que hai que desenvolver, é importante que o goberno galego aprobe un plan de traballo de carácter transversal, co asesoramento do Laboratorio do Radón e en coordinación coas entidades locais, as organizacións sindicais e empresariais, as asociacións de persoas consumidoras, etc., para facerlle fronte a esta importante ameaza para a saúde pública e o benestar da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este programa de actuación debe incluír medidas normativas, de información, prevención e protección da poboación, especialmente naquelas zonas máis expostas á acción deste gas altamente perigoso.

Por todo o exposto fórmase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza desenvolver un Plan de protección contra o radón nas vivendas e nos centros de traballo, procurando a implicación de todas as administracións e contando co asesoramento dos centros universitarios especializados nesta materia?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 11:18:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 11:18:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do CEIP Sigüeiro de Oroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación na que se atopa o CEIP Sigüeiro no concello de Oroso é extremadamente precaria. A propia infraestrutura atópase en mal estado, precisando actuacións no tellado para resolver filtracións e goteiras, a mellora da instalación eléctrica, a dotación dun ascensor no edificio construído en primeiro lugar ou a ampliación do espazo destinado ao comedor, servizo cunha gran demanda por parte das familias.

A pesar destas melloras necesarias e imprescindíbeis sobre a edificación do CEIP, esta non é súa principal demanda. A escaseza de persoal por mor dos recortes impostos por parte do Partido Popular desde a Consellería de Educación supón unha situación grave que se agudiza no caso de alumnado con maiores necesidades de apoio.

Dentro das crianzas con NEAE, seis delas precisan e teñen autorizado un coidador. A orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes recolle no seu artigo 80.4: “A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado”. Neste centro, aínda que a rateo non está excedida en termos cuantitativos, non se pode dicir o mesmo en termos cualitativos, pois estas crianzas teñen uns altos requirimentos de atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación agrávase na situación de que esta profesional non poida acudir ao seu posto de traballo ou incluso cando unha destas crianzas ten unha saída do centro por mor de calquera actividade, pois o centro queda sen ningunha profesional que realice estas tarefas, tendo que ser as familias as que asuman a atención destas crianzas, coas obvias dificultades que isto ten a nivel de conciliación laboral, mais con outros trastornos que pode supor.

Mais o recorte de persoal afecta ao global do centro, pois a dotación de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe é claramente insuficiente para o alumnado que precisa dese apoio educativo. Tamén é insuficiente a dotación de profesorado xeral, precisando reforzos tamén neste eido.

Esta situación é sobradamente coñecida por Inspección Educativa, mais ata o día de hoxe non foi tomada ningunha medida de apoio, após de ser denegado tamén o programa PROA+.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para mellorar a atención ao alumnado do CEIP Sigüeiro?

Santiago de Compostela, 31 de outubro 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 13:08:52

Cristina Fernández Davila na data 31/10/2024 13:09:05





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu voceiro D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, sobre ó modo de paliar a discriminación orzamentaria de Ourense.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación pola evidente discriminación que reflicten os orzamentos de 2025 para a provincia de Ourense é compartida por Democracia Ourensana, o Grupo Mixto e a cidadanía da provincia. Existen claros exemplos de desigualdade na distribución dos recursos: a Consellería de Economía e Industria destina o 41% do seu orzamento ás provincias da Coruña e Lugo, mentres Ourense recibe apenas un 7%. Pola súa parte, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, dedica máis da metade do seu orzamento á Coruña e un 28% a Pontevedra, quedando Ourense cunha inversión que non chega ao 10%. A situación repítese coa Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración, que asigna máis de dez veces máis recursos á Coruña que a Ourense. En canto á Consellería de Sanidade, inviste case o 50% do orzamento na provincia da Coruña, o 28% en Pontevedra, máis do 12% en Lugo, e apenas un 10% na provincia de Ourense. Este tipo de xestión centralista, miope co resto de provincias, que non aposta pola Galicia interior resulta absolutamente reprochable, e afastado da realidade e o interese sociais así como dun desenvolvemento social xusto e productivo para Galicia e para Ourense.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Neste contexto, gustaríanos saber qué accións correctoras ten previsto empregar o Goberno galego da Xunta ao longo do exercicio 2025 para paliar os efectos desta discriminación. Así mesmo, gustaríanos coñecer qué mecanismos específicos e qué previsións ten para evitar que esta situación se repita tanto neste exercicio coma nos futuros orzamentos que se vaian elaborar."

Santiago de Compostela, 30 de Outubro de 2024.
Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.





Asinado dixitalmente por:

34948827M ARMANDO OJEA (R: G16448011) na data 31/10/2024 13:13:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Iria Carreira Pazos, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os recortes realizados na atención educativa das doentes menores ingresadas na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e do alumnado que precisa atención educativa domiciliaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A unidade de saúde mental infanto-xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro presta asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas agudos de saúde mental e é a segunda de Galiza, despois da de Santiago.

A pesar de ter como referencia unha gran poboación, dende O Salnés, Pontevedra, Ourense, Verín e ata o Barco de Valdeorras, e ter sido dotado dende o primeiro día con docentes para atender ás e aos menores ingresados, na actualidade este alumnado non conta co profesorado e atención educativa que precisan. Trátase dunha vulneración clara dos seus dereitos que van a afectar de xeito importante ao seu desenvolvemento educativo, pero tamén a nivel persoal, para un alumnado que debe ser considerado o máis vulnerable que precisa maior apoio e reforzo.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

Esta unidade hospitalaria ten carácter pechado, na que os doentes non poden saír da mesma para asistir ás clases nos centros educativos ordinarios nin se lles permite asistir á aula ordinaria pediátrica do Hospital, é polo que os docentes deben desprazarse ata alí para darlle a atención debida.

Se temos en conta a aula creada no hospital nese andar, hai que dicir que, ten unha dotación de profesorado pero debe atender a todas as persoas menores ingresadas no citado andar, doentes oncolóxicos ou con outras patoloxías. Efectivos que non son os suficientes para a atención que precisa o alumnado da propia unidade, como demostra que o anterior curso sí que había docentes ocupándose deste alumnado dentro das súas instalacións.

Sen ter en conta a normativa, as menores ingresadas na nova unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo levan sen docente dende o comezo de curso. Igual acontece co alumnado ingresado noutros andares e que deben ter a Aula Pediátrica de referencia e non son avisados para asistir ás clases, ou os de Secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual, cando o máis aconsellable sería atención presencial pola súa situación persoal e/ou médica (por criterio médico o teñen totalmente prohibido por alta medicación que dificulta a súa autonomía e outras causas).

As familias, desesperadas imaxinando un curso perdido sen a atención educativa que precisan os seus fillos e fillas, están iniciando un conxunto de mobilizacións que van dende a denuncia ante o Defensor do menor ou a Valedora do Pobo, ata sumarse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas convocatorias de concentracións impulsadas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e os distintos sindicatos do Ensino. Calquera cousa que lles permita visibilizar a súa grave situación e a falta de cumprimento da Lei por parte da Consellaría de Educación.

Parece unha burla cara as familias e alumnado máis vulnerable que o Conselleiro de Educación, e mesmo o Presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter este curso a maior dotación de profesorado da historia. Unha clara deformación dos datos e da situación que estase a vivir en todo o País, non só nos centros educativos, como demostra esta iniciativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando se vai producir a dotación de persoal docente na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, así como ás doentes que permanecen no seu domicilio, que lle reclama tanto o persoal sanitario coma as propias pacientes e as súas familias?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 31/10/2024 16:49:24

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 16:49:57

Carmela González Iglesias na data 31/10/2024 16:50:34

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 16:50:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/10/2024 16:51:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a utilización errónea e imprudente do eslogan “Galicia Refuxio Climático” pola consellaría de medio ambiente e cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da tendencia da Consellaría de Medio Ambiente á hipérbole e aos slogans baleiros, a última creación -desafortunada creación- é a marca “Galicia Refuxio Climático”. Desde o BNG consideramos que se trata dun erro porque a utilización deste termo xera confusión, xa que os refuxios climáticos son áreas naturais ou urbanas concretas que ofrecen unhas condicións favorábeis para protexerse dun contexto desfavorable como as ondas de calor, ondas de frío, secas ou en xeral fenómenos meteorolóxicos adversos. No canto desta utilización incorrecta, o goberno galego debería dialogar coas demais administracións para facer un estudo, diagnose e planificación de áreas e espazos que sirvan como refuxios climáticos ao longo da xeografía galega, nomeadamente nos espazos urbanos e de solos máis artificializados.

Por outra parte, a utilización deste termo para referirse ao conxunto do país contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e especialmente a algunhas zonas, e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben pode ser entendible que a benignidade do clima de Galiza se aproveite como reclamo turístico ou mesmo laboral en contraposición con outras zonas sometidas a unha maior incidencia das ondas de calor, a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” é un exemplo clásico de substitución do todo pola parte, da categoría pola anécdota e da política seria polo eslogan baleiro.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego desbotar a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” por ser tecnicamente incorrecta e porque contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía e á auga?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:08:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 17:08:42

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2024 17:09:59





Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a emerxencia climática e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para combatela.

Nos últimos tempos publicáronse estudos que advirten dos riscos relacionados coa emerxencia climática, o incremento de temperaturas e dos períodos de seca, a redución das precipitacións e a diminución das reservas de auga: é o caso do informe do Observatorio de la Sostenibilidad, da AEMET, da Comisión Europea, da Organización Meteorolóxica Mundial ou do Grupo Intergubernamental de Expertos dobre o Cambio Climático. Tamén existen informes da administración e do sistema universitario galego que alertan sobre as consecuencias da emerxencia ambiental e do cambio climático nas reservas e dispoñibilidade da auga, na biodiversidade e nas actividades económicas, entre outras materias.

Para o caso galego, contamos con estudos e análises da Axencia Española de Meteoroloxía e de expertos en investigación do clima como Dominic Royé e Alberto Martí. Nunhas declaracións ao medio Praza Pública estes autores sinalaban en 2022 que “En Galicia espéranse períodos de seca máis dilatados no tempo, vagas de calor máis longas e intensas, precipitacións concentradas en menos días ao ano e condicións máis favorables para os incendios”.






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente do ano 2019 prevía que “na área mediterránea en particular, incluíndo a maior parte de Portugal, Galicia en España, o norte de Escandinavia e a Turquía mediterránea o incremento da severidade das secas será máis pronunciado”.

Segundo o medio GCiencia, que recollía datos da delegación en Galiza da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) do balance anual de 2022, “O ano 2022 está a resultar extremadamente cálido no conxunto de Galicia, cunha anomalía térmica de máis de 1,5 graos con respecto ao valor normal”.


O balance climatolóxico anual de MeteoGalicia sinala que 2023 foi o ano máis cálido en Galiza das últimas seis décadas. A temperatura media en Galicia nese ano foi de 14,9 graos, o que supón un incremento de **1,3 graos** a respecto dos valores esperados e a cifra máis elevada **desde 1961**. Isto despois que xa o 2022 fose o ano máis cálido da serie histórica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta ademáis que as anomalías da temperatura teñen unha distribución diferente no noso país, e teñen un maior impacto nalgúns zonas nas que o incremento supera os 2 graos nos meses de setembro-novembro.



Anomalía da temperatura media no período setembro-novembro. AEMET





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Categorización mensual segundo as anomalías de temperatura no ano 2023			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	normal	normal	normal
febreiro	moi frío	normal	moi cálido
marzo	moi cálido	moi cálido	cálido
abril	moi cálido	moi cálido	moi cálido
maio	moi cálido	moi cálido	moi cálido
xuño	extremadamente cálido	moi cálido	moi cálido
xullo	normal	normal	normal
agosto	moi cálido	moi cálido	moi cálido
setembro	moi cálido	moi cálido	cálido
outubro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
novembro	moi cálido	moi cálido	cálido
decembro	cálido	cálido	normal

Táboa 2: Cualificación mensual en función das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010

Categorización das temperaturas cada mes de 2023 a respecto dos valores normais CC-BY-SA MeteoGalicia

Polo que respecta ás precipitacións e á seca, no anos 2023 foi necesario adoptar medidas excepcionais, nun escenario de prealerta ou de alerta, co obxecto de reducir o consumo de auga e garantir as necesidades básicas relacionadas co abastecemento humano/urbano.

Este escenario de escaseza de auga non só ten incidencia no abastecemento á poboación. As consecuencias son moi evidentes tamén na produción agrogandeira, pola incidencia da baixada de precipitacións e do aumento da temperatura en ámbitos como a produción de forraxes e outras especies e, nun escenario a medio prazo, en cambios profundos na adaptación de especies forestais, froiteiras ou nas zonas vitivinícolas. Outra das consecuencias é a proliferación de pragas que teñen consecuencias devastadoras e tamén o incremento de especies invasoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais alá dos efectos sobre o medio terrestre, o cambio climático tamén está a ter un impacto directo nas augas do mar, con especial incidencia nas rías. Nos últimos anos semanas publicáronse informacións a respecto dos efectos da suba da temperatura da auga do mar na biodiversidade e na perda de produtividade no sector da pesca, marisqueiro e na acuicultura.

Outro aspecto a ter en conta é o impacto da emerxencia ambiental-climática na saúde, especialmente da proliferación das ondas de calor e do aumento da contaminación. Esta afección é moito máis directa no medio urbano, polos efectos da contaminación atmosférica e da illa de calor, o que obriga a facer un seguimento e a establecer estratexias ambiciosas de mitigación e de adaptación. E ademais sería necesario contar con estudos sobre a incidencia do cambio climático, e nomeadamente das ondas de calor, no incremento da mortalidade e na saúde en xeral.

Malia a enorme gravidade e complexidade destes procesos, non existe unha estratexia integral do goberno galego para facerlle fronte. Dáse o paradoxo de que a Xunta non ten plenas competencias en materia de clima e que segue pendente a transferencia das competencias no ámbito dos servizos meteorolóxicos. En relación coa planificación e xestión hidrolóxica, só ten competencias na bacía Galiza Costa, mentres que as demais bacías son de competencia estatal. Esta anomalía competencial e de xestión non permite facer unha observación, análise, seguimento e resposta en todo o territorio. Nin sequera existe un sistema de coordinación ou de gobernanza que permita avaliar e facer seguimento da evolución no conxunto do país.

A fragmentación das competencias, a falta de coordinación, a dispersión da información e a falta de planificación son obstáculos para dar resposta con garantías aos retos da emerxencia climática, da seca e dos riscos derivados. Nunha táctica que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mestura o escapismo, a propaganda e a cosmética, a Xunta fixo público en 2023 un anteproxecto de lei do clima xeralista, declarativo, pouco ambicioso e que non asume con rigor e cos medios necesarios os desafíos e os compromisos que temos que asumir en relación coa emerxencia ambiental e cos cambios do clima.

Máis alá do contexto inmediato, resulta imprescindible facer previsións e planificación de carácter estrutural, a medio e longo prazo, para facerlle fronte ás ameazas e retos relacionados coa emerxencia climática, cos seus impactos no medio e na saúde, así como ás necesidades relacionadas coa disponibilidad de auga para as actividades humanas e económicas esenciais. Fronte a estratexia reactiva que prevalece na actualidade, pensada só no curto prazo, débese asumir un enfoque de máis longo alcance, baseado na previsión, na proactividade e na prospectiva.

Polo tanto, a previsión e planificación en relación co clima e a auga debe atender unha serie de criterios fundamentais

a) Debe ser integral e transversal, contemplando todos os escenarios e todos os aspectos relacionados coa emerxencia climática e as súas repercusións na biodiversidade, na saúde e disponibilidad de auga para o abastecemento humano e para as actividades económicas esenciais.

b) Debe contar co aproveitamento e desenvolvemento de redes científicas de análise, observación e prospectiva, coordinando os medios xa existentes e estudando a creación dun Observatorio Galego do Clima que atenda a incidencia das modificacións climáticas na saúde, na biodiversidade (incluíndo pragas e especies invasoras), na conservación e protección dos recursos hídricos, na garantía do acceso á auga para o abastecemento humano e as actividades socioeconómicas, na incidencia territorial do cambio climático tanto no espazo terrestre como marítimo, na repercusión do cambio climático nos sectores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos (sector primario, industria, sector servizos e nomeadamente sector do turismo), na xestión do territorio para a prevención de incendios, na relación entre cambio climático e o incremento das desigualdades, etc.

c) Debe garantir a gobernanza e a máxima capacidade de decisión das institucións galegas sobre todos os aspectos relacionados co clima, os servizos meteorolóxicos e os recursos hídricos.

Polo que atinxe á planificación, a Xunta recoñeceu a necesidade de actualizar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía pola súa obsolescencia e outras carencias. No que ten a ver co “Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023”, o goberno galego presentou un informe de execución que é un exercicio de propaganda e autobombno, e que pon de relevo a falta de ambición, as limitacións do Plan, a falta de información, e unha preocupante distorsión da realidade.

Dentro das eivas das políticas do goberno galego en relación co clima, unha das principais é a que ten que ver coa debilidade do organigrama institucional e dos medios humanos e materiais en relación con esta importante materia. A propia Xunta recoñeceu nun documento que o departamento con competencias nesta materia só dispoñía dun funcionario e por iso era necesario contratar unha empresa privada para levar a cabo un proxecto denominado Galicia Resiliente valorado en 1.000.000 de euros.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai demandar a Xunta todas as competencias en materia de clima, meteoroloxía e xestión dos recursos hídricos, e, transitoriamente, garantir a máxima coordinación na avaliación, planificación e toma de decisións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:23:18

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 17:23:22

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2024 17:24:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mellora da atención sanitaria en Cerdedo-Cotobade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Cerdedo-Cotobade leva tempo sufrindo unha situación de desorganización, falta de persoal de reforzo e saturación do persoal sanitario. Os continuos recortes nos servizos sanitarios básicos (atención primaria e pediatría) están a crear unha situación de desesperación e desacougo na poboación.

Esta situación agravouse co caos que se produciu a propósito das extraccións e da campaña de vacinación no centro de saúde de Cerdedo, de maneira que foi a propia veciñanza quen se tivo que autoorganizar para salvar a xornada de extraccións e de vacinación.

Máis alá deste incidente concreto, mantéñense unha serie de carencias estruturais que é preciso atender tanto en Cerdedo como en Carballedo e Tenorio. Polo que respecta a Cerdedo, as demandas veciñais son a dotación do servizo de matrona, pediatría, reforzo de enfermaría, ambulancia medicalizada ou cobertura de vacacións e baixas.

Un dos servizos máis deficitarios é o de pediatría, xa que só hai consultas tres días á semana en Forcarei e dous en Tenorio. Por iso a veciñanza de Cerdedo reclama que se poña pediatría nesa zona do concello, cando menos algúns días á semana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a plataforma veciñal en defensa da sanidade pública sinalan que as familias seguen recorrendo a consultas privadas e mesmo ao desprazamento a Urxencias Pediátricas del hospital del Pontevedra.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé adoptar a Xunta para mellorar a atención primaria no concello de Cerdedo Cotobade?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:42:17

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 17:42:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as instrucións da Consellería de Educación dirixidas ás direccións dos centros educativos para denegar o acceso á información sobre os datos do curso actual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de outubro a Confederación ANPAs Galegas denunciaba publicamente o que estaba acontecendo nos centros educativos da provincia de Lugo. Unha situación que reflectía o escuran-tismo do Goberno da Xunta a través da Consellería de Educación.

É ben coñecida en todo o País a situación das familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo dentro dos centros escolares. A falta de profesorado de apoio, especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as, etc. é evidente en todas as escolas e institutos. Saen en prensa a diario casos concretos que levan dende comezos de curso, hai dous me-ses, reclamando unha atención que por lei correspóndelles e que a Consellería de Educación está a denegar baseando a súa decisión en catálogos de persoal e outras cuestións menores que non serven como argumento para explicar a toma desta decisión errada. Este alumnado carente dos apoios que precisa para avanzar neste curso escolar, permanecerá frustrado e excluído, sen entender porqué ago-ra non se poñen os recursos necesarios para que poidan estar dentro das aulas en igualdade de condicións co resto dos seus compañeiros/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ANPAs levan meses mobilizándose nos centros educativos e na rúa, nas súas vilas, nas grandes cidades e a última multitudinaria o pasado 26 de outubro en Santiago de Compostela, onde milleiros de persoas entre familias, docentes e alumnado reclamaban un dereito a unha atención individualizada para aqueles nenos e nenas e adolescentes máis vulnerables e con maiores necesidades de apoios e reforzos. Un dereito recollido na Constitución e na Lei de Diversidade.

Pero tamén é función das ANPAs reclamar oficialmente esta cuestión básica para un 30% do alumnado matriculado na actualidade. É dicir, ante a administración competente, a Consellería de Educación, ante as Direccións Territoriais en cada provincia, ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo.

Para iso precisaban datos máis concretos, todos eles que deberan aparecer na páxina de transparencia da Xunta ou da Consellería e non están, ou que deberan ser facilitados en cada centro educativo con respecto aos seus propios datos de matrícula, de número de alumnado NEAE, catálogo numérico de docentes adscritos de xeito estable ou necesidades reais en profesorado de apoio ou especialistas para o alumnado máis vulnerable, e se deben estar adscritos ou só é un reforzo puntual. É dicir, precisaban ter coñecemento claro da situación educativa en cada centro, para despois poder facer a reclamación pertinente. Todos eles datos xerais e numéricos que non eran contrarios á Lei de Protección de Datos.

Esta pequena investigación que facían as Asociacións de Nais e Pais estaba a pór en evidencia a falta de recursos educativos actuais nos centros, en contraposición con meses e meses de propaganda e autobombo do PP na Xunta en todos os medios de comunicación, do maior número de profesorado na historia do noso País.

Unha maneira de poñer freo a esta mobilización e reclamación destas asociacións foi enviar dende as Inspeccións Educativas a todos os seus centros de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia na provincia de Lugo primeiro, e poste-riormente a outras provincias, un escrito dirixido ás direccións dos centros educativos.

Neste escrito a Inspección daba “instrucións” claras de como as direccións dos centros deben proce-der diante da solicitude de información que lles realizan as ANPAs. Falamos de impedir, dificultar ou dilatar o acceso da sociedade xeral aos datos non privados que definen a normalidade dun centro escolar e que se están a demandar.

Non só atenta contra a normativa de transparencia para pretender lograr o efecto contrario ao que esta normativa pretende, senón que pretende impedir concretamente á ANPA, un membro nato do Consello Escolar, o principal órgano de goberno democrático dun centro escolar, o acceso á informa-ción que lle permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa.

En conclusión, a instrución pretende evitar que a información real chegue ao coñecemento de quen pode e quere utilizala na crítica responsable dun sistema que cada curso entorpece máis a inclusión, a igualdade e as oportunidades vitais do alumnado máis vulnerable.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai impulsar a Consellería de Educación para facilitar que as ANPAs obteñan a información que lles permita desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:29:45

Ariadna Fernández González na data 04/11/2024 09:30:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dotar de seguridade ao alumnado nos vehículos destinados a transporte escolar en etapas obrigatorias e postobligatorias para que teñan reserva de praza e non fagan o percorrido da liña de pé.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas son as Federacións e ANPAs galegas que teñen trasladado un problema que preocupa aos pais e nais do alumnado usuario do transporte escolar.

Existen na actualidade liñas de autobuses de transporte escolar competencia do Goberno da Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación, con mais demanda que oferta, onde se mesturan alumnos, con outros colectivos con tarxeta gratuíta, con peregrinos, ou viaxeiros ocasionais. Isto acontece a partir da aprobación da Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dera publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xaneiro de 2019 e polo que se autorizaba a integración das diferentes modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galiza para facilitar a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de Transporte Público de Galiza.

En dita disposición garántese a atención prioritaria dos colectivos de escolares, mantendo e mellorando os niveis de calidade e prestación de servizos preexistentes, dando así cumprimento aos mandatos do artigo 79.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, e facilitando que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real alternativa ás diferentes redes dedicadas a colectivos singulares como o escolar, que actualmente mantén a Xunta de Galiza, mais a realidade é ben distinta, pois dende hai tempo atopámonos que os autobuses veñen cheos e os escolares cando suben ao transporte na súa parada non atopan asentos baleiros e deben ir de pé todo o traxecto.

Normativa como o Real Decreto 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores ou o Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, cintos que deben estar dispoñibles en todos aqueles autobuses que fosen matriculados a partir de outubro de 2007, regulan as condicións de seguridade no transporte escolar, xunto con outros Reais Decretos, leis e Resolucións da Dirección Xeral de Mobilidade.

No mesmo RD 443/2001 tamén figuran outras disposicións que reflicten a importancia de cumprir certas normas de seguridade como son as seguintes:

- Art. 4.1.4ª: “Os asentos enfrontados a pozos de escaleira, así como os que non estean protexidos polo respaldo doutro anterior a unha distancia horizontal máxima de 80 cms., deberán contar cun elemento fixo de protección que proporcione aos seus ocupantes un nivel suficiente de seguridade...”
- Art. 4.1.12: “Cada menor disporá da súa propia praza ou asento, que deberá ter as dimensións mínimas determinadas...”
- Art. 4.1.18: “Si a visibilidade directa non é suficiente, instalaranse dispositivos ópticos que permitan ao condutor detectar dende o seu asento a presenza dun viaxeiro nos arredores inmediatos, tanto exteriores como interiores, das portas de servizo...”
- Art. 4.3.4ª: “Unicamente poderase transportar unha persoa por praza”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Art. 8.1: “O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira”.

Polo tanto esta normativa deixa claro que o transporte escolar está pensado para que cada alumno/a, incluso a persoa que exerce a función de “Acompañante” en etapas de Infantil e Primaria teñen un asento individual e ademais obriga a dotar de medidas que dean maior seguridade aquelas prazas que están nun espazo máis próximo as portas de acceso ao vehículo, non sendo acaído que as persoas estean fóra do seu asento. Máis é certo que o artigo 48.1.b) do Regulamento xeral de circulación establece que “b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade máxima fixada no parágrafo a) en función do tipo de vehículo e da vía pola que circula”.

No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora. Cando cremos que nun vehículo de transporte de persoas, parece que todas elas deberían ir sentadas e levar o cinto de seguridade, pois a realidade nos demostra que non, que estas poden ir de pé, como acontece no transporte urbano. E isto pasa porque o goberno da Xunta permite que nalgúns casos nos autobuses de 50 prazas poidan ir persoas de pé, sen ningún tipo de mecanismo de seguridade que impida moverse en caso de accidente.

Esta situación vense denunciando polas familias das persoas usuarias e polas ANPAs dende hai moito tempo, sen que a consellería adopte unha solución, permitindo por interese da empresa concesionaria unha situación que nunca deba pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a reservar as prazas dos escolares no autobús, porque cobran por elas, e polo que estes deberan ter sempre praza nese transporte mixto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Garda Civil de Tráfico ten parado ocasionalmente algún dos autobuses pero debe deixalos continuar a súa ruta tras comprobar que contan con toda a documentación necesaria para transportar viaxeiros de pé, a pesar de non estar adaptado para iso.

Existe un “Manual de Bos Hábitos para as Persoas Usuarias do Transporte de Escolares” que lembra as medidas de seguridade para todas as persoas usuarias e, sobre todo do alumnado, que se concreta nos protocolos de bos hábitos que todas as persoas usuarias deben coñecer para previr riscos en beneficio do benestar de todos/as. Pero o mesmo manual debera aplicarse a todos os usuarios, acudan á escola obrigatoria ou non, porque ademais de ser recomendable, tamén é obrigatorio de acordo coas disposicións do RD 443/2001 do 21 de abril, antes nomeadas, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería modificar a normativa galega para prohibir que os usuarios de transporte interurbano poida ir de pé nos autobuses e así evitar esta situación que provoca inseguridade nos escolares e nos usuarios?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:41:38

Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2024 09:42:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as deficiencias do servizo do transporte público regular por estrada no Concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoas usuarias da liña 3 Gondomar-Vigo teñen trasladado queixas a respecto do servizo de transporte prestado pola empresa Lugove no concello de Gondomar, concretamente na liña 3 Gondomar-Vigo.

A viaxe desa liña con saída ás 6:15h do Baixo Miño, pasando pola estación de autobuses de Gondomar arredor das 7:15h e que atravesa as parroquias de Vincios (Gondomar) e Valadares (Vigo) camiño da urbe olívica é a que máis queixas presenta. Esta é unha frecuencia moi demandada por alumnado e por persoas traballadoras que se desprazan a centros de ensino ou de traballo da cidade. Esa elevada demanda provoca en numerosas ocasións que cando chega ás paradas de Vincios, unha das parroquias máis poboadas do concello de Gondomar, non haxa prazas suficientes e moitas persoas queden ‘en terra’.

Ante esta situación moitas persoas usuarias vense na obriga de se desprazar por outros medios até paradas do bus urbano de Vigo ou directamente aos seus destinos, para evitar chegar tarde ao traballo ou a clase ou para poder chegar a tempo a citas médicas ou de outro tipo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Asemblea Veciñal por un Transporte Digno para Gondomar (AVTG) vén de presentar reclamacións diante da Xunta e de Lugove polas deficiencias detectadas no servizo de transporte que afectan ás persoas usuarias.

Desde a asociación solicitaron tanto á empresa concesionaria como ao Servizo de Mobilidade da Xunta de Galiza que se reforce esa liña nese horario, e calquera outros en que sexa necesario, para asegurar que todas as persoas teñan praza garantida e evitar os prexuízos que a falta de praza lles ocasiona.

Non é este o único problema co transporte público. Outra das razóns que fai que o transporte público non conte con máis usuarias é a falla de fiabilidade, a AVTG denuncia os desfases nos horarios que xeran unha grande incerteza á hora de agardar nunha parada o que desanima á veciñanza a usar o autobús público como medio de transporte. É preciso adaptar os horarios ao tempo real de cada itinerario tendo en conta variables como as complicacións do tráfico na cidade ou as franxas de maior demanda.

A outra queixa das persoas usuarios é o formato dos horarios, unha cuestión que pode parecer menor pero que pode disuadir, e en realidade disuade, do uso do autobús como medio de transporte á veciñanza. A queixa xeral é que son incomprensibles, a xente non os entende xa que non son nada intuitivos. A propia asemblea veciñal recibe consultas constantes sobre os horarios do servizo facendo de interpretes ás persoas que se dirixen a ela para saber a que hora lles pasa o bus. Por isto é preciso que se elaboren outros modelos de horarios máis simples e fáciles de entender por calquera persoa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego tomar as medidas necesarias para mellorar o servizo de transporte público regular por estrada no concello de Gondomar, concretamente na falta de prazas e incerteza nos horarios da liña 3 Gondomar-Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 04/11/2024 10:31:55

Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2024 10:32:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxecto eólico Greco e a demanda de que a administración ambiental galega realice un informe desfavorable polo seu impacto sobre o medio natural e a paisaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A empresa MOWE ENERGÍA, pertencente ao grupo Villar Mir, está a tramitar o proxecto eólico Greco e a súa infraestrutura de evacuación, infraestruturas situadas nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, e Covelo na provincia de Pontevedra e Avión, Melón, Carballeda de Avia e Beariz na provincia de Ourense.

Este megaproxecto industrial eólico, de 124,6 MW de potencia instalada, está formado polas seguintes infraestruturas

-24 aeroxeradores de 5,2 MW e 177 m de altura, coas súas infraestruturas asociadas

- 3 torres meteorolóxicas e as súas infraestruturas asociadas

-Viais de acceso e canalizacións soterradas

-Subestación eléctrica transformadora Greco Norte (Cerdedo-Cotobade)

-Subestación eléctrica transformadora colectora Greco Centro (Fornelos de Montes)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Subestación eléctrica transformadora Greco Sur (Melón)

-3 liñas de evacuación, incluíndo a liña SET Suído a SET Paraño.

O megaproxecto eólico Greco divídese en tres subparques: Greco Norte, con 11 aeroxeradores, situado en Cerdedo Cotobade; Greco Centro, con 6 aeroxeradores, situado na Lama e Fornelos; e Greco Sur, con 7 aeroxeradores.



Nesta imaxe pode verse as enormes dimensións deste proxecto.

2. Estamos diante dun proxecto aberrante, tramitado ao abeiro das normativas que favorecen a depredación do territorio. Un proxecto de grande capacidade destrutiva, que se vén sumar a outros proxectados na mesma zona (contorna da Serra do Suído e da Serra do Cando) que se someteron recentemente ao procedemento de información pública:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Edreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

-Edreira 1, Ampliación de Edreira I e Coto de Eiras, tres proxectos promovidos polo mesmo grupo inversor que suman 72 MW.

-Liña de evacuación dos proxectos anteriores até a subestación de Pazos de Borbén.

3. Existen numerosas razóns para impedir a tramitación e aprobación deste macropolígono industrial eólico, polo que a Xunta debería emitir canto antes un informe contrario con referencia ás seguintes cuestións:

1º Impacto crítico na Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP Serra do Suído. Remitímonos ao informe do Instituto de Estudos do Territorio ao respecto do proxecto eólico Puza, situado na mesma zona: “os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suído, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suído, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora”.

2º Impacto directo e crítico nunha Zona Ben Conservada, en estudo, tal como se reflicte no Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto. Trátase dunha zona de hábitats de interese prioritario e abundancia de turbeiras, unha parte das cales foron incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que o goberno galego podería incorrer en responsabilidades polo coñecemento e constancia documental destas zonas e a súa non protección. Asemade, hai que ter en conta que a Xunta xa emitiu informe desfavorable a outro proxecto tramitado nesta zona, o denominado Carballoso (antigo Coto das Airas modificado e ampliado).




Figura 4. Zonas bien conservadas en estudio en el entorno del proyecto Fuente: EsIA y Visor cartográfico Xunta de Galicia

3º Proximidade do subproxecto Greco Norte á Rede Natura 2000 (ZEC Serra do Cando).

4º Efectos sinérxicos e acumulativos, efecto barreira e superación da capacidade de carga do territorio. Nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Tal como sinala o informe de determinación ambiental do proxecto eólico Edreira “O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio”.

5º Impacto sobre o patrimonio cultural integrado por unha rica rede de camiños históricos e un conxunto de bens etnográficos que a propia Xunta considera elementos singulares e únicos desta zona de Galiza, pola “existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suído”. Indícase tamén que “Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial”.

5º Impacto sobre o medio hídrico (regos, regatos mananciais, augas subterráneas) incluíndo a afección directa á Reserva Natural Fluvial do río Parada de Valdehome.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta para protexer a zona en bo estado de conservación da Serra do Suído e os seus hábitats de interese prioritario, para desta maneira evitar os impactos dos proxectos industriais que lle afectan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 10:43:00

José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2024 10:43:11

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2024 10:43:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe tomar o Goberno Galego para incluír o bacharelato de artes na oferta educativa no Val Miñor para o próximo curso 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Val Miñor hai un total de catro institutos de secundaria (IES) en que se imparte o bacharelato, pero en ningún destes centros se oferta a opción do Bacharelato de Artes, polo que aquel alumnado que queira matricularse nesta especialidade ten que facelo fóra do noso concello. (Mos, Vigo, Redondela ou Pontevedra).

Un mozo ou unha moza que queira optar pola formación de Arte no ensino secundario ten que optar por facelo fóra do Val Miñor. Unha decisión que ademais de implicar afrontar un importante desembolso económico e de supoñer un investimento de tempo para se desprazar ata e desde o centro de estudos, non garante que se poida conseguir praza nalgún deses centros debido a que as matrículas teñen lista de agarda desde o momento da solicitude.

Nalgúns casos malia existir liñas de transporte público desde o Val Miñor, non conectan directamente e o alumnado ten que coller varios autobuses diferentes para chegar o centro, o que supón para algúns deles ter que erguerse ás seis da mañá.

Porén e malia a estas dificultades, que en moitos casos actúan como factor disuasorio para moitas mozas e mozos que teñen como opción preferida o estudo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

artes, as alumnas e alumnos do tres concellos do Val matriculáronse igualmente neste bacharelato de artes noutros concellos.

As consultas feitas no servizo de orientación dos centros do Val Miñor nos cursos anteriores indican que o número de alumnado interesado nesa especialidade segue en aumento, polo que a súa implantación no Val Miñor é realmente necesaria para cubrir esta eiva na oferta actual.

O Consello Escolar do IES Auga da Laxe xa se dirixira á Consellería de Educación para solicitar a implantación no Val Miñor do Bacharelato de Artes para o curso no que comezou a impartirse (2022-2023), para posibilitar o dereito do alumnado da zona a acceder ás diferentes vías do Bacharelato e que non supuxera unha discriminación para o alumnado e as súas familias.

O pasado mes de outubro, recollendo a demanda da comunidade educativa, o Pleno da Mancomunidade do Val Miñor adoptou o acordo de instar a Xunta de Galiza a implantar o bacharelato de artes nalgúns dos institutos de secundaria do Val Miñor.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego tomar as medidas necesarias para a implantación do Bacharelato de Artes nalgún dos IES existentes no Val Miñor para o próximo curso 2025-2026?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**
Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 04/11/2024 10:56:12

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 10:56:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o control de especies exóticas invasoras e aos resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais ameazas para a biodiversidade, e implican riscos para os equilibrios ecolóxicos, para a saúde e para as actividades económicas. Ademais de constituír a segunda causa de perda de biodiversidade segundo as Nacións Unidas, poden causar efectos prexudiciais na saúde como a transmisión de enfermidades e tamén teñen efectos prexudiciais no ámbito económico, principalmente nas actividades do sector primaria como a agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, apicultura, etc.

2. A Xunta de Galiza publicou en 2006 o estudo “As especies exóticas invasoras en Galicia: diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación”. No ano 2013 aprobouse o Plan Estratéxico de xestión das Especies Exóticas Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de análise de riscos para as especies exóticas en Galicia.

Este documento fixaba como obxectivos os seguintes:

A) Obxectivo xeral: Minimizar o risco que supón a presenza de EEI para a biodiversidade, a saúde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e a economía na Comunidade Autónoma de Galicia e reducir os impactos negativos causados

polas mesmas.

B) Obxectivos específicos: sentar as bases necesarias para

1) Determinar os roles e as responsabilidades nos seo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas diferentes Consellerías (a nivel central e provincial) e organismos asociados, respecto os obxectivos estratéxicos, liñas estratéxicas e actuacións sinaladas;

2) Previr a introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI, minimizando o risco asociado ás mesmas;

3) Detectar e reducir o risco de introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI.;

4) Establecer programas de contención, control e/ou erradicación de poboacións de EEI, de forma que se minimicen ou se eliminen o seus impactos negativos, favorecendo a posterior recuperación dos ecosistemas;

5) Rehabilitar e restaurar os ecosistemas danados pola presenza de EEI, devolvéndooos na medida do posible o seu estado anterior.

En canto ás actuacións de xestión, o Plan contemplaba as seguintes

- Accións prioritarias estratéxicas e resultados esperados.
- Accións prioritarias xerais e resultados esperados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Accións prioritarias en zonas de alto valor ecolóxico.
- Accións estratéxicas transversais.

Transcorridos 11 anos desde a aprobación da Estratexia, non se coñecen os resultados das diferentes liñas de actuación. E se atendemos ao publicado na web da consellaría de medio ambiente o balance é máis ben escaso.

3. O artigo 108 da LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece o seguinte nos apartados 4., 5. e 6.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 64.7 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá, no seu ámbito competencial, elaborar uns plans que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, a flora ou os hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular.

5. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural establecerá unha Rede de alerta para a vixilancia das especies exóticas invasoras que recompila e rexistre os datos sobre a incidencia no medio das especies exóticas invasoras.

6. A Administración autonómica adoptará as medidas de control ou de erradicación das especies exóticas invasoras. No marco dos plans de control e de erradicación da Administración autonómica poderáselles incluír a imposición da obriga de execución de tales medidas ás persoas responsables da introdución ou da propagación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2023 a consellaría de medio ambiente licitou o contrato de actualización da proposta técnica do Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras, cun prezo de licitación 58.935,92 euros. Este contrato foi adxudicado en outubro de 2023 á empresa Enebada Entorno SL. O prezo da adxudicación foi de 58.080 euros e o prazo de 6 meses. Transcorrido máis de un ano da adxudicación do contrato, aínda non é coñecido o resultado dos traballos realizados.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o balance de resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 11:14:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 04/11/2024 11:14:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 11:14:38



A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde hai unha década está vixente a Lei Valentín Paz Andrade (LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía).

Desde o Grupo Popular apoiamos a probación desta lei porque entendemos que era unha ferramenta útil para avanzar no aproveitamento das vantaxes competitivas de Galicia desde o punto de vista lingüístico e cultural e, tamén, reforzar os lazos con Portugal e a lusofonía.

De xeito progresivo, nestes anos o portugués consolidouse como unha das linguas estranxeiras que escollen os estudantes, cumprindo co obxectivo marcada na lei de incorporar progresivamente a súa aprendizaxe nos centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora o valora a consolidación do ensino do portugués como lingua estranxeira en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:01:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:01:47

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:01:57

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:02:08



Patricia García González na data 04/11/2024 11:02:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:02:41

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:02:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:03:10

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:03:16



A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Non cabe dúbida da importancia de coñecer linguas estranxeiras nunha sociedade cada vez máis global e conectada. As linguas son fundamentais para facilitar as relacións entre os cidadáns, máis tamén permiten o acceso á información e o coñecemento, son unha fonte de oportunidades profesionais e laborais, permiten comprender outras culturas e, incluso, fomentan o entendemento entre sociedades e países.

Edulingüe 2030 supón a continuidade e a consolidación dos programas de éxito levados a cabo na última década pola Xunta de Galicia que, ademais, inclúen novos retos de calidade vinculados á inclusión e á innovación educativa e á internacionalización, artellados en dez liñas de acción específicas con obxectivos como:

- Promover a mobilidade internacional, a cooperación educativa con outros países e o desenvolvemento de políticas lingüísticas como ferramenta para a internacionalización educativa.
- Acadar habilidades para comunicarse en múltiples idiomas e establecer relacións internacionais persoais e profesionais duradeiras.
- Fomentar a internacionalización entre o alumnado e as súas familias, como eixe transformador da sociedade, para o enriquecemento e desenvolvemento persoal, académico e profesional.
- Favorecer a empregabilidade e a mobilidade do alumnado ao remate da súa formación académica.



- Apreciar a diversidade cultural e fomentar no alumnado o interese polos idiomas e a comunicación intercultural, a través da aprendizaxe doutras linguas.
- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade na aprendizaxe e uso das linguas, durante toda a vida, de acordo cos obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia as liñas de actuación en materia de linguas estranxeiras no ensino?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:06:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:06:49

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:06:59

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:07:10

Patricia García González na data 04/11/2024 11:07:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:07:35

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:07:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:08:04

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:08:10



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mellora continua do convivencia escolar é unha liña prioritaria de acción da Xunta de Galicia que traballa no convencemento de que non pode haber calidade educativa sen unha atención adecuada ao clima escolar e ao coidado do benestar emocional de toda a comunidade educativa.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 é a folla de ruta que o Goberno galego desenvolve co obxectivo que cada alumna e cada alumno, en cada centro docente galego e en todas as etapas educativas, sexa quen de desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades nun clima de cooperación, respecto e tolerancia.

Os resultados, recollidos nos diversos informes de diagnose da convivencia, demostran que os avances nesta materia son firmes e continuos, aínda que sempre quede moito por facer.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:12:55

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:13:07

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:13:17



Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:13:28

Patricia García González na data 04/11/2024 11:13:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:13:54

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:14:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:14:21

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:14:26



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Estratexia para a Educación Dixital 2030 pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral.

Con esta folla de ruta o Goberno galego busca, entre outros retos:

- Reforzar un modelo híbrido no ensino, que combine ensino dixital e tradicional, garantindo as competencias ao alumnado.
- Avanzar nunha cidadanía dixital plena, que asegure que ninguén quede atrás por carecer de competencias dixitais.
- Defender os dereitos e os deberes dixitais, a convivencia dixital pacífica e loita contra a desinformación a través do pensamento crítico.
- Atallar a fenda dixital.
- Ou facer fronte ao reto demográfico de consolidación da poboación en contornos rurais.

A través desta folla de ruta, a Xunta de Galicia desenvolve programas consolidados e de gran éxito como E-Dixgal, plans de formación ou os Polos Creativos, xa presentes en todos os centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora o desenvolvemento da Estratexia de Educación Dixital 2030?



Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:17:17

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:17:28

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:17:40

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:17:50

Patricia García González na data 04/11/2024 11:18:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:18:16

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:18:28

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:18:41

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:18:46



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia conta cunha rede de máis de 1.600 edificios que prestan servizo educativo por toda a xeografía. Colexios e institutos que, polo propio desenvolvemento e extensión da educación nas pasadas décadas ten unha antigüidade media de máis de 40 anos.

Baixo este marco, desde o ano 2021, a Xunta de Galicia desenvolve unha transformación sen precedentes das infraestruturas educativas a través do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica cun investimento inicial de 191M€.

Con esta ambiciosa estratexia, a Xunta de Galicia de Galicia entendía que os colexios e institutos debían ser máis que edificios para convertelos en sexan espazos accesibles, inclusivos, nos que se garanta o benestar de todo o alumnado; nos que tiveran cabida as novas metodoloxías de aprendizaxe; e, en definitiva, permitiran o desenvolvemento integral do alumnado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Cal e o balance que realiza a Xunta de Galicia do desenvolvemento Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:21:43

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:21:55

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:22:09

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:22:20

Patricia García González na data 04/11/2024 11:22:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:22:46

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:22:59

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:23:14

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:23:20



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O programa Arraigo para a formación deu comezo o ano pasado en colaboración con tres entidades, Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela-Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias en Galicia (EFA Galicia), coa intención de dar continuidade ao desenvolvemento dun programa de arraigamento para a formación, dirixido a persoas migrantes en situación irregular, beneficiando a máis de 100 persoas das que, arredor dun 70%, conseguiron un traballo indefinido, tras a realización de preto de 60 formacións.

O obxectivo é que estas persoas poidan obter unha autorización de residencia e de traballo que facilite a súa integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral.

Desde xeito, a Xunta de Galicia vén de firmar tres convenios de colaboración coas tres entidades, investindo preto dun millón de euros coa previsión de que poidan regularizar a súa situación, entre este ano e o vindeiro, un total de 145 persoas que se atopan, nestes momentos, en situación irregular en Galicia, sempre que se comprometan a cumprir un compromiso efectivo de formación para poder obter unha autorización de residente e, posteriormente, unha autorización de residencia e traballo.

As tres entidades mencionadas, Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas de Lugo e as EFA (Escolas Familiares Agrarias) comprométese a desenvolver as accións e funcións previstas nos presentes convenios, así como a poñer a disposición os recursos humanos e materiais precisos para a súa execución e a impulsar as relacións e alianzas que aporten valor engadido ao obxecto do convenio.



Deste xeito, poderase obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos de traballo que ofertan as empresas e, ademais, procederase a incorporar ao mercado laboral, persoas que se atopan traballando de maneira precaria ou directamente irregular.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai dos resultados obtidos a través do programa Arraigo para a Formación?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 04/11/2024 11:47:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2024 11:48:03

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2024 11:48:11

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:48:22

Nicole Grueira Fernández na data 04/11/2024 11:48:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/11/2024 11:48:42

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/11/2024 11:48:53

Ethel Vázquez Mourelle na data 04/11/2024 11:49:05

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:49:19



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia está a favor do emprendemento e do traballo por conta propia, así como das novas medidas nas que se está traballando de cara ao vindeiro ano 2025, entre as que salienta a aposta estratéxica pola simplificación administrativa dos apoios específicos destinados ao colectivo autónomo, coa conseguinte redución de carga burocrática.

Potenciar o emprendemento e o traballo por conta propia é unha prioridade clave como motor fundamental de xeración de riqueza e de emprego de calidade.

Neste senso, a eficacia das medidas impulsadas polo Goberno galego reflíctese no peso do sector. Galicia está entre as tres comunidades cun maior peso porcentual de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións. O colectivo representa o 19,5%, máis de tres puntos por enriba da media nacional, demostrando a capacidade emprendedora da rexión e contribuíndo á xeración de emprego, ao aumento da produtividade e á competitividade económica.

É preciso destacar que as empresas promovidas por autónomos e autónomas son vitais para a recuperación establece de emprego, ademais de constituír unha vía eficaz para facilitar a incorporación, ou reincorporación, ao mercado de traballo das persoas desempregadas, sobre todo daquelas persoas que, estando durante moito tempo no mercado laboral, se atopan na actualidade en situación de desemprego.



O liderado de Galicia na atención ás políticas activas de emprego queda patente co seu posicionamento como a Comunidade Autónoma cun maior número de convocatorias de axudas publicadas neste eido, case un 10% do total do Estado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego do grao de execución das liñas complementarias en apoio aos autónomos?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 04/11/2024 12:28:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2024 12:28:51

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2024 12:28:59

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 12:29:13

Nicole Grueira Fernández na data 04/11/2024 12:29:24

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/11/2024 12:29:34

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/11/2024 12:29:47

Ethel Vázquez Mourelle na data 04/11/2024 12:30:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 12:30:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a estratexia da Xunta para o mocidade no rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O medio rural vén perfilando en gran medida o carácter do pobo galego e ten sido fonte de riqueza e medio de vida de xeracións e xeracións durante centos de anos. O rural, é, por tanto, unha parte esencial do noso país. A súa defensa e apoio por parte das diferentes administracións ten que ser primordial.

A verdade é que na actualidade pódese dicir que o noso medio rural vive unha situación de emerxencia con cada vez menos persoas que viven no rural e do rural. Unha situación que se agrava aínda máis se falamos de mocidade. A falta de remuda xeracional nos traballos do rural galego é apremiante e desde logo fainos cuestionar cal vai ser o futuro dun sector tan importante para o país como é o rural. As estratexias do goberno galego non teñen funcionado e non vemos mudanzas a mellor neste eido.

Na realidade, o rural ten unhas potencialidades enormes no que ten a ver co desenvolvemento vital e profesional da mocidade galega, mais a Xunta debe facer a súa parte e dotar o rural dos servizos necesarios así como deseñar as políticas necesarias para facilitar que se fixe poboación nas zonas rurais do país. Así, o goberno galego deber pór o foco, ao noso ver, na formación e na dignificación do rural par afacer que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este sexa atractivo para a mocidade e esta decida levar p seu proxecto de vida a unha zona rural a todos os niveis e efectos.

Por outra parte entendemos vital que se pechen os ciclos de produción rurais dentro do propio país e se xere valor engadido a partir das nosas materias primas. Isto facilitaría a creación dunha industria propia o que tamén levaría a crear empregos e riqueza para as galegas e galegos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En opinión do goberno galego, cal é o motivo ou motivos polos que non funcionan as políticas da Xunta no que ten a ver con fixar poboación moza no rural galego?

Santiago de Compostela, 4 novembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Secundino Fernández Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/11/2024 12:49:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 04/11/2024 12:49:21

Iria Carreira Pazos na data 04/11/2024 12:49:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a retirada da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bioenergía Lugo SL iniciou o proceso para instalar unha planta de Xestión de Residuos Orgánicos e Biometanización en Coeses, no concello de Lugo. Trátase dun proxecto declarado como iniciativa empresarial prioritaria en outubro de 2021 por parte da Xunta de Galiza. Esta declaración permite unha importante simplificación dos trámites administrativos ante a Xunta, reducindo á metade os trámites da administración galega, e ademais é a Xunta de Galiza a que vai determinar se a planta cumpre ou non coa normativa medioambiental.

O proxecto consiste na valorización de residuos orgánicos de procedencia agrogandeira e agroindustrial, mediante dixestión anaerobia, para a produción de biometano, con características tales que permitan inxectalo na rede gasista nacional. Prevese procesar un máximo de 53.000 tn/ano dunha mestura de residuos orgánicos (non urbanos), das cales 12.000 tn/ano estarán clasificadas como residuos SANDACH. Realizarase un tratamento completo do dixerido, de tal xeito que se poida xestionar mediante terceiros a fracción sólida e verter o efluente líquido unha vez depurado. Prevese a existencia de redes separadas de recollida dos distintos fluxos de augas residuais que se xerarán na instalación. As augas residuais procedentes do lavado dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

camións de transporte de SANDACH incorporaranse ao proceso de hixienización. Verteranse ao dominio público hidráulico (rego de Vilalvite, afluente do río Miño): a) As augas residuais sanitarias e as xeradas nas distintas fases do proceso industrial, despois do tratamento nunha depuradora biolóxica propia. b) As augas residuais pluviais contaminadas, procedentes de vías de rodamento e plataformas, despois do tratamento nun separador de graxas. c) As augas pluviais non contaminadas, procedentes das cubertas, despois da recollida nun depósito de regulación.

Desde a publicación do proxecto, a veciñanza da contorna e de toda a cidade de Lugo amosou unha enorme implicación en contra deste proxecto, o que se demostrou non só cos centos de alegacións presentadas denunciando a afectación negativa que suporá esta planta aos núcleos de poboación e á contorna, senón tamén cunha importante mobilización o pasado mes de setembro.

A empresa recoñece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e un vertido de 76,7 m³ de augas residuais ao regato de Vilalbite que logo desemboca no río Miño. O tratamento destas augas foi considerado ineficiente por parte da Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), o que fixo que este proxecto fose informado desfavorablemente dado que este regato conta con pouco caudal de auga, especialmente nos meses estivais, co cal non hai case posibilidades de dilución.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza retirar a Declaración de Iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo)?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 13:39:49

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 13:40:13

José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2024 13:40:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/11/2024 13:40:36

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 13:40:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as rateos de persoal nas residencias de maiores concretamente na de San Antonio de Padua en Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Familiares de persoas usuarias da residencia de maiores San Antonio de Padua, no Concello de Lugo, puxéronse en contacto co G.P. do Bloque Nacionalista Galego para denunciar a escaseza de persoal do centro.

Segundo nos trasladan actualmente na residencia de maiores hai por volta dunhas 85 persoas das que unhas 60 son grandes dependentes. Para atender todas as persoas usurarias dispoñen de 6 xerocultoras na quenda de mañá e 5 na de tarde así como dúas enfermeiras. Na quenda de noite o persoal redúcese a apenas dúas persoas para atender todas as persoas usuarias.

En canto ao servizo de cociña unha persoa cociñeira e unha axudante deben facer o xantar para todo o centro residencial en cadansúa quenda (mañá e tarde). A limpeza e lavandería aténdena dúas únicas persoas.

Un cadro de persoal absolutamente insuficiente que deixa unha rateo de 14 persoas por xerocultora para atender todas as súas necesidades básicas. É importante sinalar que falamos de persoas, especialmente no caso das grandes dependentes, que precisan apoio e axuda para levar a cabo labores diarios elementais como erguerse, asearse, vestirse ou comer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que a Residencia de maiores San Antonio de Padua foi construída pola Fundación Amancio Ortega e entregada á Xunta de Galiza sen custe algún. Posteriormente, a Consellaría de Política Social adxudicoulle a súa xestión á Fundación Fesán, de *Estudios y Análisis*, unha entidade dedicada especialmente á análise de datos malia estar nos últimos anos abrindo nicho de mercado no sector dos coidados.

A concesión realizouse de maneira conxunta sobre as residencias de Lugo e Santiago por valor de máis de 10 millóns de euros, nun período inicial de 2 anos prorrogábeis até un máximo de tres, e un beneficio industrial para a empresa adxudicataria do 5%. A razón da súa adxudicación a Fesán foi, segundo se recolle na web de contratos públicos de Galiza, a redución do custe para a administración ao rebaixar a Fundación Fesán o 12% o prezo por praza e día.

A ratio de persoal esixida pola Xunta de Galiza no prego de condicións técnicas é a establecida na Orde do 18 de abril de 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores (0,35). A oferta de Fesán foi de 0,37.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos insistindo en que:

1- É necesario e urxente que a Xunta de Galiza asuma a xestión directa dos centros sociais que son da súa titularidade acabando co proceso de privatización dos coidados que tantos prexuízos tivo e ten, como vimos durante a pandemia da Covid-19.

2- É necesario e urxente que se desenvolva unha lexislación específica en materia de residencias de maiores e, sobre todo, que se amplíen as ratios de persoal de atención directa para garantir as mellores condicións de vida das persoas usuarias. Especialmente, garantir que non se compute como persoal de atención directa aquel que non o é tendo en conta o tipo de xornada e condicións laborais.

3- É imprescindible despreparar un novo modelo de coidados, especialmente nas residencias de maiores, baseado na Atención Centrada nas Persoas (ACP) e iso esixe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis persoal de atención directa, pequenas unidades de convivencia e centros residenciais dimensionados, próximos ao lugar de residencia das persoas usuarias que non superen un límite máximo de prazas.

Sorprende, cando menos, que apenas uns meses despois de inaugurarse esta residencia e comezar a súa actividade, as familias das persoas usuarias xa denuncien déficits na atención das persoas que nela residen.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir a máxima calidade asistencial na Residencia San Antonio de Padua, en Lugo?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 15:44:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 15:45:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta en Pleno**, sobre as rateos de persoal de atención directa nas residencias de maiores galegas e a normativa que os regula.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza a rateo de persoal de atención directa nas residencias de maiores réxese pola Orde do 18 de abril de 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Na normativa en vigor fíxase como rateo mínima de atención directa a xornada completa:

- 0,20 para persoas usuarias con dependencia leve ou moderada
- 0,35 para usuarias e usuarios con grande dependencia

Así mesmo, a Orde sinala que se entende por atención directa aquela prestada por persoal tanto xerocultor como sanitario.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos reclamando unha regulación específica para o sector das residencias de maiores e dentro dela unha nova ordenación dos recursos humanos e das obrigas de cumprimento na atención directa. Neste senso, outros territorios mudaron a súa normativa despois da pandemia provocada pola Covid-19 conscientes das debilidades que se evidenciaron nas residencias de maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debilidades que xa viñan de atrás e que amosaron as costuras dun modelo de coidados que non responde ás necesidades e paradigmas que deben rexer actualmente.

Porén, Galiza non foi un deses lugares. Despois da pandemia non mudou absolutamente nada na lexislación galega para mellorar o sistema de coidados nin tampouco para adoptar un modelo de atención centrada nas persoas. Malia os anuncios e a propaganda do goberno do Partido Popular todo continúa practicamente igual, boa mostra diso son as denuncias de persoas usuarias, traballadoras e familiares das residencias de maiores así como o mantemento das mesmas condicións tanto laborais como de atención na práctica totalidade dos centros residenciais tanto daqueles que xa existían como os de nova creación.

Así, nada obriga as residencias –sexa cal sexa a súa titularidade ou modelo de xestión– a crear unidades de convivencia ou a facer reformas nas súas instalacións para mellorar as condicións de vida das persoas usuarias.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai mudar a Xunta de Galiza a lexislación e normativa vixente para ampliar a rateo de persoal de atención directa e implantar un novo modelo de coidados centrado na persoa?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: Olalla Rodil Fernández
Ariadna Fernández González
 Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 16:33:19

Ariadna Fernández González na data 04/11/2024 16:33:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da lingua galega nas notarías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 8 que os documentos públicos outorgados en Galiza se poderán redactar en galego ou en castelán.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega fixa como obxectivos da área da Administración de Xustiza “conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua”, “garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos” e “propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións”.

O mesmo Plan, entre os obxectivos para a área de Notarías e outros servizos documentais e de xestión, establece “garantir que todas as notarías e xestorías de Galicia poidan ofrecer os seus servizos en galego” e o obxectivo específico para a área de “introducir o galego como lingua normal de traballo das notarías”. As medidas que fixa para esta área son: “facilitarlles ás notarías os medios técnicos e terminolóxicos para que os seus titulares poidan desenvolver a súa actividade en galego doadamente”,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“establecer un programa de capacitación dirixido aos traballadores das notaría”, “posta en marcha dunha campaña de información sobre os dereitos lingüísticos dos usuarios das notaría e da plena validez dos documentos en galego”, “establecer que en todas as notaría de Galicia exista, en lugar ben visible da sala de espera e do despacho do notario, un cartel que indique o dereito do cidadán a que o documento se lle redacte e asente en lingua galega polo mesmo prezo e co mesmo valor xurídico”, “establecer a norma de que nas notaría, antes do inicio do procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental”, “crear un premio anual á notaría que máis destaque pola introdución do galego no seu traballo profesional”. O goberno galego non puxo en marcha ningunha destas medidas, incumprindo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004 e dificultando o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de ignorar o deber da administración galega en relación coa promoción da presenza da nosa lingua neste ámbito.

O informe do Comité de Expertos do Consello de Europa de setembro de 2024 en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas indica, entre as súas recomendacións máis urxentes “asegurarse de que a lexislación garanta que os tribunais leven os procedementos penais, civís e administrativos en galego cando o solicite unha das partes, e levar a cabo as accións necesarias para que se leve á práctica”, ademais de “pór a disposición en galego os textos administrativos e formularios de uso habitual”.

Ademais, o Regulamento da Organización e Réxime do Notariado declara o dereito a solicitar os documentos notariais en galego.

A pesar de todo isto, nos últimos meses deste mesmo ano coñecemos dous casos concretos nos que se negou este dereito a dous cidadáns. En Vigo, este verán unha persoa que vendía unha finca solicitou que a escritura estivese en galego, mais a compradora quería a escritura en castelán. Na notaría informaron de que, debido á falta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de acordo entre elas, a escritura debía estar en castelán. Esta persoa, asesorada pola Mesa pola Normalización Lingüística, lembroulle ao oficial da notaría o artigo 149 do Regulamento do Notariado, que indica que, en caso de discrepancia, se debe redactar a escritura a dobre columna, nas dúas linguas.

Hai só uns días, coñecemos o caso dunha notaría de Santiago de Compostela que se negou a redactar ningún documento en galego a un usuario que, coñecedor desta norma, tivo que acudir a outra notaría que si aceptou redactar a documentación na lingua da súa elección, conforme o dereito que lle outorga a lexislación. O cidadán presentou unha queixa formal ante a primeira notaría, por vulnerar os seus dereitos lingüísticos. Trátase de dous casos de especial gravidade, non só pola vulneración dos dereitos lingüísticos destes cidadáns por parte destas dúas notarías, senón tamén pola información falsa que lles transmitiron, xa que non é potestade das notarías elixir a lingua na que redactan os documentos ou os asentos, senón do cidadán ou cidadá que os solicita. As notarías tampouco poden decidir sobre a oficialidade do galego nin sobre os dereitos da cidadanía, pois prestan un servizo público, e non teñen a potestade de prestalo incumprindo os dereitos dos e das cidadás, nin informando de xeito incorrecto ou falso sobre estes dereitos, e a administración galega ten a obriga de velar pola prestación correcta deste servizo.

Estes dous exemplos indican a dificultade de usar a nosa lingua con normalidade nas notarías, que contradí as obrigas que teñen tanto as notarías como a administración. Esta dificultade implica, ademais, que só transcenden as queixas dun número moi reducido de persoas, xa que a administración tamén está a incumprir o seu deber á hora de informar sobre os dereitos lingüísticos que asisten a cidadanía nestes establecementos e circunstancias. En ningún caso podemos afirmar que se trata de casos illados ou puntuais, xa que son coñecidas outras situacións semellantes, nas que cidadáns e cidadás se ven obrigadas na actualidade a agardaren 15 días por unha tradución ao galego, co que isto supón tanto de agravio comparativo e de discriminación como de incomodidade e molestias, que poden ter consecuencias segundo o caso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreto do que se trate. Ter que agardar semanas por unha escritura en galego é, por si mesmo, unha penalización e unha discriminación fronte a quen a obtén no día se opta pola escritura en castelán. Todo isto demostra que a lingua galega está en desvantaxe e que non existe igualdade nas circunstancias nas que se desenvolve unha persoa galegofalante. Noutras ocasións, a notaría informa, incorrecta e inxustamente, da súa incapacidade para atender a petición ou mesmo, noutra grave vulneración dos dereitos de que debe ser o propio cidadán quen se faga cargo da tradución.

O artigo 9.2 da Constitución ordena aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, debendo retirar os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece “Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”, polo que resulta urxente que o goberno galego actúe para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de traballar para crear unha situación de normalidade para a nosa lingua nas notaría.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo o goberno galego para facilitar e potenciar o uso da lingua galega nas notaría e impedir as discriminacións por motivos lingüísticos?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2024 16:58:58

Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2024 16:59:08

Daniel Castro García na data 04/11/2024 16:59:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/11/2024 16:59:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Monserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación de falla de profesionais médicos e ao limitado horario do PAC do centro de saúde de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de seis meses de manifestar a súa protesta semanalmente diante do centro de saúde de Rianxo, a cidadanía dese concello saíu ás rúas masivamente no día de onte para exixir a atención sanitaria que lle corresponde.

A falta crónica de persoal, nomeadamente de profesionais de medicina de familia e a necesaria ampliación do horario do PAC son as principais demandas dos veciños e veciñas de Rianxo, diante dunha situación que a esta altura xa se converteu en insostíbel por mor da falta de actuacións da Consellaría de Sanidade ao longo do tempo.

O centro de saúde de Rianxo ten 8 prazas de medicina de familia e, a día de hoxe, 2 non se cubriron a través de oposición e só unha ten un médico eventual asignado dende este mes de outubro. Outras dúas son ausencias prolongadas, das que unha cubriuse despois de meses esta mesma semana cun substituto. Así, durante moito tempo ten sido habitual que estiveran só 3 ou 4 profesionais traballando

Por outra banda, o servizo de PAC de Rianxo funciona só de noite, das 22:00 horas ás 8:00 da mañá os días laborábeis, e 24 horas a fin de semana. A consecuencia principal deste horario é que de luns a venres, en horario de 15:00 a 22:00 horas, son os médicos da quenda de tarde os que asumen as súas propias consultas programadas máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a atención urxente no centro ou a domicilio dos profesionais da quenda de mañá, que son maioría, resultando unha desorganización e unha enorme carga de traballo difícil de asumir, que afecta gravemente á demora da atención dos pacientes de consultas programadas.

Estas condicións, ademais, fan que as prazas de quenda de tarde resulten moi difíciles de cubrir e o Centro vén funcionando dende hai meses, de 15:00 a 22:00 horas, con médicos achegados doutros centros para realizaren a atención de urxencias, non sendo ata este mes de outubro cando é contratado un médico a tempo completo no PAC, con quendas que comezan ás 15:00 horas.

Polo tanto, de facto, a Xerencia da Área Santiago-Barbanza e a propia Consellaría están a recoñecer o que se leva tanto tempo pedindo e denunciando pola cidadanía e polos propios profesionais, a necesidade de ampliación do horario do PAC para asumir o horario das tardes.

A ampliación do servizo de atención de urxencias suporía unha mellora da organización do traballo, atenuaría as condicións actuais das prazas para facilitar a súa cobertura e faría que, sen dúbida, a atención sanitaria mellorara para o conxunto dos veciños e veciñas de Rianxo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai poñer fin de inmediato á falta de profesionais sanitarios que padece o centro de saúde de Rianxo e ampliar o horario do seu PAC de 15:00 a 22:00 horas?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Monserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/11/2024 17:37:19

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2024 17:37:29





Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Raquel Arias Rodriguez, Cristina Sanz Arias, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A comezos de 2024 comezou a funcionar o Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo logo dun investimento da Xunta de 16,5 M€. Trátase do primeiro centro deste modelo en Lugo, permitindo albergar múltiples servizos da atención primaria. Estase replicando xa este modelo en outros puntos de Galicia, como en Lalín, onde xa funciona desde o pasado 14 de outubro, ou en Vigo, onde o Olimpia Valencia está en plena execución.

Pero sabemos que o compromiso da Xunta con Lugo non se limita a este centro, senón que o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria ten máis accións previstas na cidade. Este Plan, aprobado en 2021 establece as prioridades, deseñando unha folla de ruta a curto e medio prazo.

Unha das actuacións contempladas no Plan é a construción dun novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón, en substitución do anterior e que permita actualizar as instalacións e dotalo de novos espazos.

Ambos centros son de prioridade 1 e a postura da Consellería de Sanidade sempre foi axilizar a licitación daqueles centros onde tivera colaboración do Concello para cederlle os terreos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

En que situación se atopa a construción do novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón?





Santiago de Compostela, 5 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 05/11/2024 10:39:54

Noelia Pérez López na data 05/11/2024 10:40:08

Raquel Arias Rodríguez na data 05/11/2024 10:40:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/11/2024 10:40:42

Cristina Sanz Arias na data 05/11/2024 10:40:48

Nicole Grueira Fernández na data 05/11/2024 10:41:21

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/11/2024 10:41:44

Víctor Baladrón Lamas na data 05/11/2024 10:42:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 05/11/2024 10:42:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 10:42:33

Ethel Vázquez Mourelle na data 05/11/2024 10:50:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Xunta realiza con frecuencia simulacros de emerxencia para, ademais de servir como un exercicio de adestramento, testar os diferentes plans de actuación activos e a coordinación entre os efectivos que participan neste tipo de situacións.

Neste contexto, o pasado día 15 activouse o Plan de Emerxencia Exterior do parque industrial A Grela-Bens, nos municipios da Coruña e Arteixo.

No exercicio aproveitouse para realizar unha proba do sistema ES-Alert, unha ferramenta clave de Protección Civil para alertar á poboación de xeito masivo mediante o envío dunha mensaxe indiscriminada a todos os móbiles en caso de emerxencia.

Unha mensaxe que se enviou, ademais de aos dous concellos afectados polo simulacro de emerxencia, a outras zonas limítrofes situadas nos municipios de Oleiros, Culleredo, A Laracha e Carballo.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados dos simulacros organizados para constatar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert?

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 05/11/2024 10:55:17

Julio García Comesaña na data 05/11/2024 10:55:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 10:55:53

Paula Mouzo Mas na data 05/11/2024 10:56:07

Pablo Prieto Perille na data 05/11/2024 10:56:25

Alberto Pazos Couñago na data 05/11/2024 10:56:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/11/2024 10:56:45

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/11/2024 10:57:10

Katherinie Varela Fernández na data 05/11/2024 10:57:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Diario Oficial de Galicia recollía hai uns días a publicación da revisión do Plan especial de Protección Civil ante o risco de inundacións tras o informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil.

O Inungal establece o marco de coordinación dos servizos de emerxencias para diminuír os riscos e reducir as consecuencias negativas das inundacións.

Neste contexto, ten como principal obxectivo establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos de titularidade autonómica, así como os que asignen outras administracións, para minimizar os riscos nas zonas asolagadas.

Prever e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos mediante a mobilización de medios de evacuación e de asistencia sanitaria e de lugares de aloxamento para os evacuados, así como de mecanismos de restauración das vías de comunicación e servizos básicos afectados son outros dos seus cometidos.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Que novidades se introduciron no Plan especial de Protección Civil ante o risco de inundacións de Galicia como consecuencia da recente actualización levada a cabo?

Santiago de Compostela, a 5 novembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 05/11/2024 11:07:50

Julio García Comesaña na data 05/11/2024 11:08:05

Pablo Prieto Perille na data 05/11/2024 11:08:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 11:08:25

Paula Mouzo Mas na data 05/11/2024 11:08:39

Alberto Pazos Couñago na data 05/11/2024 11:08:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/11/2024 11:09:00

Katherinie Varela Fernández na data 05/11/2024 11:09:13

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/11/2024 11:09:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación da atención pediátrica no CIS de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública leva sendo vítima de recortes constantes nos últimos anos, sendo os concellos rurais dos máis afectados por esta sistemática precarización, no seu caso nos servizos de atención primaria e de especialidades que son básicas para dar a axeitada cobertura sanitaria a poboación vivan onde vivan ao longo do país.

O caso de Lalín, como concello eminentemente rural, non queda exento do desmantelamento sanitario que sofre Galiza en xeral, como se mostra na cada vez máis limitada atención primaria que se ofrece no CIS, cuxa inauguración ofrece tan só unhas novas instalacións, nas que, coma se levaba perpetuando anos, o que se precisa é persoal sanitario dotado de medios suficientes para levar a cabo unha atención de calidade para a cidadanía.

É por todos coñecido que a praza de pediatría en horario de tarde de Lalín quedou sen cubrir porque o titular renunciou a ela, o que supuxo que a propia vila lalinense permaneza a día de hoxe sen esa cobertura, pero tamén os outros concellos limítrofes, coma Agolada, Dozón ou Rodeiro, por exemplo. Deste xeito, as crianzas desta grande parte da comarca do Deza, teñen que desprazarse ao CHUS para recibir atención especializada se a precisan polas tardes, chegando a percorrer mais de 70 quilómetros de distancia en algúns casos. Mais non é a única eiva nesta especialidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sofre o concello lalinense, que esta mesma semana de comezos de novembro, debido á baixa dun dos pediatras que atendían ás crianzas no CIS e á solicitude de traslado de outro, as crianzas de Lalín, concello de máis de 20000 habitantes, son atendidas por un só pediatra, co correspondente atraso nas consultas, listas de agarda moito máis longas para seren atendidas e a imposibilidade de desprazarse aos concellos que tiñan atención pediátrica dúas horas á semana de estar presentes os 3 pediatras habituais no centro integral da capital deza.

Tras consultar ao Servizo Galego de Saúde, a xerencia da área sanitaria de Santiago aclarou que a persoa que está de baixa se reincorporará en canto lle sexa posible, prevendo que sexa en escasos días, máis non foi positiva en canto á recuperación do servizo do terceiro pediatra, cuxa cobertura recoñeceron que non sería doada pola suposta escaseza de profesionais, abríndose a posibilidade de que Lalín fiquen con 2 pediatras para atender en horario de mañá a unha área territorial moi ampla e cunha carga de crianzas moi elevada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vaise cubrir a praza de pediatría de Lalín que queda baleira para recuperar os 3 pediatras habituais na vila e así garantir a atención ás crianzas de Lalín e dos concellos limítrofes?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/11/2024 16:38:44

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2024 16:38:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade urxente de intervir nos centros educativos públicos de Mos para garantir a calidade do seu servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución demográfica do concello de Mos non se corresponde coa evolución dos investimentos e dos servizos públicos que se prestan por parte da Xunta de Galiza. Así, a pesar de que de que dende o ano 1998 até o 2022 a poboación aumentase de 13.704 habitantes a 15.199, non se reforzaron os servizos educativos. Neste momento os centros educativos e os cadros de profesionais cos que conta o concello de Mos para as distintas etapas educativas son insuficientes ou presentan graves carencias e deficiencias.

No tócate ao ensino secundario, o IES de Mos leva anos arrastrando un problema de saturación do centro. Na actualidade hai entre 630 e 650 alumnos e alumnas para un centro cunha capacidade para 500. Por tanto teñen unhas instalacións que non foron concibidas para poder dar servizo a un 30% máis de alumnado. Tampouco a Xunta demostra vontade de actuar para tratar de paliar este problema. Así, leva anos desouvindo as peticións da comunidade educativa para cubrir as pistas exteriores, todo isto a pesar de que só contan con dúas zonas cubertas, de 70m2 unha e 50 m2 outra. Situación que é inconcibible xa que nos días de choiva os rapaces e rapazas non teñen sitio para protexerse da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No plano dos recursos humanos tampouco a Xunta tratou de paliar o déficit da saturación do centro, que actualmente conta tamén con ciclos formativos de FP. Neste momento dos 60 profesores solicitados polo centro, apenas se enviaron 57,5. Isto fai con que haxa varias clases de bacharelato que están ao límite de alumnos permitidos, existindo unha media de alumnos 28 alumnas e alumnos por clase no centro.

Por se fora pouco existe unha desleixo da administración galega para dar resposta a outras deficiencias como son a traída de auga do centro, que leva máis de 4 anos rota sen dar ningún tipo de resposta por parte das administracións. A necesidade de máis liñas do servizo de autobuses ou a reparación da escaleira de incendios. Incluso as obras que se realizan fanse sen unha correcta previsión como no caso da cuberta lateral, que anos despois de realizarse, tívose que retirar para facer un aumento nas aulas para que os ciclos formativos de FP puideran impartirse. Obras que duraron ata ben entrado novembro deste curso pasado.

En canto aos centros de educación de infantil e primaria reitérase unha política de desleixo nas melloras das infraestruturas que cos anos van quedando obsoletas ou inutilizables, tendo en conta que dos 5 colexios públicos do Concello, todos menos un teñen mais de 25 anos.

O CEIP Pena de Francia precisa de melloras en cuanto ás zonas cubertas exteriores.

O CEIP Atin Cela ten necesidade urxente de construír un muro de contención lateral que evite os movementos de terras e reforce a seguridade do edificio. Así como que dende hai uns anos solicitan a construción dun novo parque de primaria.

O CEIP Petelos existe preocupación pola aparición de gretas na cimentación das pistas exteriores, sendo un perigo para o alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CEIP Mestre Valverde Mayo precisan dun cambio de ventás urxentes, xa que son as mesmas que se instalaran na súa construción sen a necesaria rotura térmica para un centro educativo actual, e unha urxente mellora das condicións do pavimento no patio.

O CEIP Mestre Martínez Alonso, é necesaria unha revisión das instalacións para a súa mellora.

En definitiva, a situación dos centros educativos en Mos é o resultado de anos de deixación de funcións por parte da administración galega en que non se puxeron as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos. Por todo isto, dende Bloque Nacionalista Galego formulamos as seguintes:

Por outra banda os centros tamén acumulan un déficit de profesionais. Unha situación que é especialmente notoria no que ten que ver coa atención ao alumnado con necesidades educativas e de atención especiais. Así, no CEIP Pena de Francia necesitan de máis horas de orientador. No Mestre Valverde Mayo iniciaron o curso sen orientador que lles corresponde por ter 12 unidades e sen o especialista AL que antes compartían con outro centro e que precisan a tempo completo. No CEIP Petelos reduciuse o número de especialistas PT e a pesar de que solicitaron incorporar 1 PT e 1 AL, foi denegado. No Atin Cela solicitouse unha docente de atención domiciliaria que foi denegada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas urxentes vai adoptar a Xunta para mellorar a calidade do servizo e das instalacións nos centros educativos públicos de Mos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/11/2024 18:12:22

Cristina Fernández Davila na data 05/11/2024 18:12:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións da Xunta diante da avaría do buque Nissos Rhenia preto das costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte as galegas e galegos soubemos da avaría dun buque petroleiro, máis unha vez, fronte ás costas de Portugal, a 24 millas de Viana do Castelo e aproximadamente a 50 quilómetros das costas galegas, que ao parecer xa se produciu hai unha semana.

Con bandeira das Illas Marshall, o Nissos Rhenia, que transporta máis de 150.000 litros de gasóleo, foi remolcado o pasado xoves, día no que tamén comezaron os labores de reparación no seu sistema de propulsión, que se están a levar a cabo no mar e que, segundo as autoridades portuguesas, durarán ata finais desta mesma semana.

Segundo transcendeu, os responsábeis marítimos lusos garantiron que non existen riscos e que unha vez rematada a reparación, o petroleiro podería continuar a súa viaxe cara ao porto de Le Havre, no noroeste de Francia.

Tamén se fixo público que o Goberno galego solicitou información ao Centro de Coordinación de Salvamento de Fisterra e á Dirección Xeral da Mariña Mercante, mais descoñecemos cal foi a resposta e, polo tanto, se se está a facer algún tipo de seguimento sobre un barco fondeado por avería a tan pouca distancia das nosas costas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que, necesariamente, ten que pasar por elas cara ao seu destino: Se se ten coñecemento exacto do emprazamento do buque, da evolución da reparación da avaría en tempo real, se se activou algún tipo de protocolo de seguridade e actuación para evitar posíbeis riscos e, dende logo, se os medios necesarios de salvamento marítimo ubicados en Galiza están en alerta, tendo en conta o risco desta emerxencia e por se fose necesario actuar con axilidade no caso dunha eventual situación de alarma.

A coordinación e colaboración dos medios do Estado, de quen dependen as competencias en salvamento marítimo, e dos pertencentes á Xunta de Galiza e adscritos ao Servizo de Gardacostas, resulta non só lóxica senón nestes casos absolutamente imprescindible en previsión de indesezábeis consecuencias.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Diante da situación de avaría do buque Nissos Rhenia preto das costas galegas, que actuacións levou e está a levar a cabo o Goberno galego para tratar de garantir a protección e seguridade das nosas rías diante de calquera eventual risco?

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2024 14:08:54

Carmela González Iglesias na data 06/11/2024 14:09:03

Daniel Castro García na data 06/11/2024 14:09:21

Daniel Pérez López na data 06/11/2024 14:09:32

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2024 14:09:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Rosana Pérez Fernández deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao depósito da area sobre as dunas da praia da Basteira, no Concello de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de outubro o Conselleiro do Mar, Sr. Alfonso Villares, visitou o Concello de Cariño xunto coa Delegada territorial da Xunta en Ferrol, Sra. Martina Aneiros, e o presidente de Portos de Galiza, Sr. José Antonio Álvarez. Unha nutrida representación de autoridades do Partido Popular para anunciar as obras de dragaxe do seu porto e os investimentos previstos no actual proxecto de orzamentos para a comarca de Ortegal.

En canto ao destino dos áridos extraídos da dragaxe, e tal como figura na nota de prensa da páxina web da Xunta, o Conselleiro explicou que unha parte sería depositada en alta mar, a unhas 7 millas do porto, nun punto de depósito autorizado, e outra parte da area sería utilizada para a rexeneración das praias próximas.

Unha destas praias próximas parece ser a praia da Basteira, que xunto co seu sistema dunar debería gozar de protección.

O depósito de area nesta praia está a provocar graves afeccións ao sistema dunar e unha grande alarma entre os veciños e veciñas que se queixan de cheiros que parecen os propios de produtos petrolíferos como fuel ou gasóleo, e lembran que no fondo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariño do porto de Cariño é moi probábel que se acumulara algunha cantidade da dunita que se embarca nese porto e que se acumula a ceo aberto.

De feito, un grupo de estes veciños e veciñas veñen de presentar unha denuncia perante a garda civil xa que consideran moi improbábel que este depósito de area poda estar avalado por calquera tipo de estudo de impacto ambiental, dadas as características da praia e das dunas e a afección á que están sendo sometidas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para repoñer a praia da Basteira do Concello de Cariño ao estado anterior á agresión ambiental que ven de sufrir polo depósito dos áridos extraídos do fondo do porto de Cariño?

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 06/11/2024 15:55:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 06/11/2024 15:56:02

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2024 15:56:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás queixas sobre o Punto de Encontro Familiar de Ourense e o correcto e suficiente atendimento das vítimas e situacións de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son ferramentas impulsadas para dar cumprimento do autogoberno en materia de política social e de protección das e dos menores que ten o noso país, que ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Tal e como se recolle no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar, a Xunta de Galiza, xa desde o ano 2001, afronta o financiamento dunha rede de puntos de encontro “para garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de xeito exponencial.”

A cidade de Ourense conta cun Punto de Encontro familiar (PEF) situado na rúa Celso Emilio Ferreiro que arrastra recorrentes queixas por distintas razóns. Por unha banda, pola acumulación de casos por ser ata o momento a única referencia para esa parte do país, o que supón para moitas crianzas desprazamentos de horas para poder realizar as visitas e unha maior dificultade organizativa. Por outra banda, polas propias condicións das súas instalacións, xa que no 2013 a Xunta de Galiza trasladou as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións á Casa da Xuventude. Esta situación, obviamente, implica enormes dificultades para garantir o dereito á privacidade, mais tamén para o desenvolvemento da actividade pola limitación do espazo.

Dentro das distintas circunstancias que deben enfrontar estes Puntos de Encontro, cabe sinalar a importancia de abordar situacións nas que non só hai conflitividade, senón que se debe ter en conta o risco de existencia de situacións de violencia machista, denunciadas ou non, que requiren da máxima prevención, observación, atención e intervención. Máis aínda, tendo en conta que malia as recomendacións de colectivos feministas, do propio Observatorio contra a Violencia de Xénero do Consello do Poder Xudicial e as recomendacións do propio Pacto de Estado, as visitas e encontros, por distintas casuísticas, de maltratadores cos seus fillos continúan dándose.

Hai que recordar que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Acorde a isto, o propio Decreto 96/2014 contempla entre os seu obxectivos o de “*Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia*” e “*Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007*”

Acorde a estas obrigas, é evidente que a localización das instalacións do Punto de Encontro Familiar non é adecuada porque non garanten a privacidade e a seguridade de forma suficiente, tal e como xa ten demandado o feminismo ourensán en múltiples ocasións, como no ano 2019, en que a Coordinadora Local da Marcha Mundial das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mulleres recolleu sinaturas ante unha serie de situacións de violencia institucional e de revitimización que dirixiu á entón Consellaría de Política Social.

Recentemente, a Valedora do Pobo remitía ao Parlamento Galego o Informe Anual respecto do ano 2023. Neste informe, ademais de reiterárense as queixas e conflitividade recorrente dos Puntos de Encontro familiar, recollíase unha queixa específica respecto do Punto de Encontro Familiar de Ourense indicándose que *“Da exposición dos feitos obsérvase que o persoal do PEF logra acadar un acordo entre os pais para o réxime de visitas, dentro da dispoñibilidade do PEF, que soamente pode facilitar unha hora por semana para poder exercer tal dereito”* e recomenda *“poñer a disposición dos proxenitores infraestruturas suficientes para o correcto exercicio deste dereito”* facendo á entón Consellería de Política Social e Xuventude a petición de que se comprobara a situación de posibles atrasos na materialización das visitas acordadas.

Así mesmo, desde os colectivos feministas da cidade alertaron que segue a ser un espazo que está excesivamente exposto, que non protexe axeitadamente a confidencialidade e que non permite un tratamento singularizado e específico para protexer as situacións nas que concorre a violencia machista. Esta situación, ademais, incrementa a preocupación ante os cambios de empresa e xestión derivados da Resolución do 18 de outubro de 2024, pola que se publica a selección de entidade privada sen ánimo de lucro no procedemento de asignación de concerto social para a execución do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar da Coruña e Ourense nos que a de Ourense se adxudicou a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai impulsar o goberno galego o traslado do Punto de Encontro Familiar para garantir unha mellor atención e singularmente a prevención de situacións de violencia machista?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2024 10:57:35

Ariadna Fernández González na data 07/11/2024 10:57:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/11/2024 10:58:31

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2024 10:58:33





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 29 de outubro o leste da península ibérica padeceu os efectos dunha DANA, que impactou sobre todo na Comunidade Valenciana causando gravísimas desfeitas e un número moi elevado de mortes.

O acontecido fainos reflexionar sobre os efectos que esta a ter no noso territorio o cambio climático, provocando que os fenómenos atmosféricos sexan cada vez máis agresivos e daniños.

A Xunta de Galicia por lei ten a obriga da superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

A actual Lei de emerxencias é do ano 2007 (lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e tras 14 anos de goberno do PP, non só seguen a manter a mesma lei senón que non foron quen de desenvolver un regulamento para poder delimitar moitos aspectos necesarios para unha mellor aplicación dela e máis eficiente funcionamento dos recursos.

Por outra banda, temos o Platerga, aprobado no ano 2009, que é o documento técnico que ten como fin actuar como marco orgánico-funcional para a planificación das actuacións, xestión das emerxencias e mecanismo de coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas e destas





cos particulares, e que establece as instrucións para permitir mobilizar os recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens. Dende o Grupo Socialista levamos moito tempo incidindo na importancia de ter un sistema de emerxencias dotado de medios materiais suficientes que dea respostas ante as diferentes situacións que poidan xurdir.

A realidade da Xunta de Galicia é que non se preocupou en todos estes anos de Goberno, máis dunha década, de actualizar os sistemas de emerxencias existentes e adecualos ás novas tecnoloxías nin ás novas situacións que poidan xurdir.

Feitos como o de Valencia fannos dar de conta da importancia dunha resposta rápida e axeitada ante as situacións de emerxencia que se poden dar na Comunidade Autónoma de Galicia, de ter recursos humanos e materiais necesarios e suficientes para facer fronte ás distintas tipoloxías de riscos que se poden dar, e da importancia dunha organización, planificación, coordinación e dirección de todos os axentes involucrados na emerxencia.

Ante esta situación, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta:

Entende o Goberno galego que conta cun sistema de emerxencias axeitado para dar unha resposta eficaz ante ás diferentes situacións extremas que poidan provocar os efectos do cambio climático?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/11/2024 15:22:27





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14238
Data envío: 07/11/2024 15:25:59.030

Patricia Iglesias Rey na data 07/11/2024 15:22:38

CSV: B0P5TRBQ3HjPaZ0Y6gC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

48820

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación dedicou dos seus títulos á equidade na educación, e establece que as administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Esta lei no seu artigo 37. Recursos materiais. Establece tamén:

1. A consellería con competencias en materia de educación dotará os centros educativos do necesario equipamento e materiais educativos específicos para atender as necesidades educativas da diversidade do seu alumnado.





2. A consellería con competencias en materia de educación dotará de servizos complementarios adaptados ao alumnado cando se determine a súa necesidade nos informes e/ou ditames que corresponda.
3. As instalacións e dependencias dos centros educativos serán accesibles para todo o alumnado escolarizado neles.

Vilagarcía de Arousa conta cun centro de educación especial que realiza un gran labor formativo que axuda aos rapaces e rapazas a acadar a inclusión en todos os ámbitos, acadar a máxima autonomía e fomentar a comunicación como dereito fundamental.

Todo isto é posible polo magnífico traballo que realiza o equipo de traballadoras e traballadores públicos do centro co alumnado e apoiando ás familias. Nos últimos seis anos o centro experimentou un notable incremento de alumnos e alumnas, pasando no ano 2018 de 30 a 62 no presente curso.

Pero este incremento de alumnado non se corresponde co incremento do número de profesionais, se no 2018, para 30 matrículas existían 6 prazas de coidadores, en 2024, para 62 teñen 7.

A maiores disto produciuse unha mingua na praza de enfermería que antes estaba contratada a tempo completo, sendo nestes momentos a tempo parcial.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista defendemos que se deben cubrir como se merece por tratarse de servizos fundamentais para persoas con necesidades específicas e especiais.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan, formulan a seguinte pregunta:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2024 17:09:17
Nº Rexistro: 14243
Data envío: 07/11/2024 17:09:17.888

Vai o Goberno galego incrementar de forma urxente o persoal do CEE de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 7 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/11/2024 16:39:20

Julio Abalde Alonso na data 07/11/2024 16:39:28

Silvia Longueira Castro na data 07/11/2024 16:39:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

48823

@PSdeG



CSV: BGPSIDBDG-HPFgM3g7e-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o programa bono Activa Comercio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio galego ven sufrindo unha profunda crise nos últimos anos que levou ao peche a preto de 8.000 negocios. As causas da situación na que se atopa o pequeno comercio en Galiza son múltiples, mais a emerxencia do comercio en liña e o avance das grandes superficies comerciais son, xunto coa falta de apoio por parte do goberno galego, as causas fundamentais desta crise na que se atopa o sector.

O orzamento da Dirección Xeral de Comercio vense reducindo nos últimos 15 anos, en 2009 o orzamento foi de 35.224.920€ e para o ano 2024 o orzamento previsto é de 21.727.845€. A baixada continuada deste orzamento nestes 15 anos representa un acumulado de 251.923.346€, unha cantidade que debería terse destinado a frear a sangría constante do comercio polo miúdo galego e que non se fixo.

Esta redución de orzamento impide que algunha das medidas adoptadas polo goberno do PP, que o BNG consideramos positivas, contén cun orzamento moi escaso.

Isto ocorre co Bono Activa Comercio, unha medida que ven sendo convocada pola Xunta de Galicia desde o ano 2021 e que ten un orzamento totalmente insuficiente. Proba disto é que se esgotan a escasos días de poderen ser utilizados. A última convocatoria abriu o prazo para consumir os bonos o pasado día 4 de novembro e en menos de 3 días xa estaban esgotados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha comparecencia do Director Xeral de Comercio na Comisión de Industria, Enerxía, Turismo e Comercio deste Parlamento o pasado mes de xullo anunciaba anunciaba a ampliación do orzamento destinado a esta medida e a ampliación dos negocios que se poderían acoller aos mesmos incluíndo ao chamado comercio ambulante.

A realidade é que na convocatoria publicada no DOG o pasado 22 de outubro non se recollían ningún destes anuncios, o orzamento destinado aos Bono Activa Comercio seguía sendo de 2,5 millóns de euros e no anexo I que recolle os grupos e epígrafes do IAE dos establecementos que poden adherirse a estas axudas non aparece o rupo 663 do IAE, correspondente ao comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos).

A convocatoria do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Galiza a través dos bonos Activa Comercio explicita que teñen como obxectivos “incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña”. Engade nos seus obxectivos o de “propiciar o fortalecemento do sector comercial retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista”.

Non parece que esta medida estea a cumprir o seu obxectivo xa que seguimos perdendo tecido comercial na Galiza.

Que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos indica a política continuísta que practica a Xunta de Galicia e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten o Goberno Galego intención de incrementar o orzamento, cando menos duplicándoo, do Programa Bono Activa Comercio?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 07/11/2024 17:32:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/11/2024 17:36:34



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Pablo Javier Prieto Perille, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de facer un balance do continxente coordinado pola Xunta tras a petición de medios por parte da Comunidade Valenciana en apoio ás persoas afectadas pola DINA

Galicia é unha terra solidaria e, como non podía ser doutro xeito, así o demostrou logo dos graves sucesos acontecidos como consecuencia da situación de emerxencia derivada da DINA que afectou especialmente á Comunidade Valenciana.

Foi unha traxedia que sentimos preto, por iso, de xeito inmediato xurdiron iniciativas públicas e privadas dirixidas a despregar esforzos e medios para colaborar naquilo que resulte de utilidade para atender ás familias afectadas e as súas necesidades.

De feito, a Xunta de Galicia foi a encargada de coordinar o envío de profesionais e medios de emerxencias que se realizaron desde Galicia e que foron requiridos desde o Centro de Coordinación de Emerxencias da Generalitat valenciana.

Resulta salientable o compromiso amosado estes días por miles de galegas e galegos anónimos así como os profesionais das emerxencias que traballan neste tipo de situacións e que voluntariamente se ofreceron para botar unha man e axudar nuns momentos no que a súa axuda é especialmente necesaria.

É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego do continxente de emerxencias mobilizado en apoio das persoas afectadas pola DINA en Valencia?



Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 11/11/2024 13:56:00

Julio García Comesaña na data 11/11/2024 13:56:24

Argimiro Marnotes Fernández na data 11/11/2024 13:56:40

Paula Mouzo Mas na data 11/11/2024 13:56:50

Alberto Pazos Couñago na data 11/11/2024 13:57:05

Pablo Prieto Perille na data 11/11/2024 13:57:23

Katherinie Varela Fernández na data 11/11/2024 13:57:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/11/2024 13:57:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 16:57:56
Nº Rexistro: 14353
Data envío: 11/11/2024 16:57:56.035

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola inmediatez de feitos sucedidos que precisan dunha explicación rápida.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego limita as posibilidades de fiscalización do seu labor reducindo a transparencia sobre a súa xestión?

Santiago de Compostela, 11 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/11/2024 16:47:13

Paloma Castro Rey na data 11/11/2024 16:47:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

48829

@PSdeG



CSV: B6P1S1R3D3G1j1h1W1X1Y1Z1-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre os recortes realizados na atención educativa ás doentes menores ingresadas na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e do alumnado que precisa atención educativa domiciliaria.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación de desesperación na que se atopan as familias das e dos menores ingresados na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo polo déficit na atención educativa.

Exposición de motivos

A Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro presta asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas agudos de saúde mental, sendo, despois da de Santiago, a segunda de Galiza en número de doentes.

Malia ter como referencia unha gran poboación, dende O Salnés, Pontevedra, Ourense, Verín e ata o Barco de Valdeorras, e ter sido dotado dende o primeiro día con docentes para atender ás e aos menores ingresados, na actualidade este alumnado non conta co profesorado e atención educativa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precisan. Trátase dunha vulneración clara dos seus dereitos que van a afectar de xeito importante ao seu desenvolvemento educativo, pero tamén a nivel persoal, para un alumnado que debe ser considerado o máis vulnerable que precisa maior apoio e reforzo.

Segundo recolle o artigo 25.2 do Decreto 229/2011, será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

Esta unidade hospitalaria ten carácter pechado, na que os doentes non poden saír da mesma para asistir ás clases nos centros educativos ordinarios nin se lles permite asistir á aula ordinaria pediátrica do Hospital, é polo que os docentes deben desprazarse ata alí para darlle a atención debida.

Se temos en conta a aula creada no Hospital nese andar, hai que dicir que, ten unha dotación de profesorado pero debe atender a todas as persoas menores ingresadas no citado andar, doentes oncolóxicos ou con outras patoloxías. Efectivos que non son os suficientes para a atención que precisa o alumnado da propia unidade, como demostra que o anterior curso si que había docentes ocupándose deste alumnado dentro das súas instalacións.

A situación actual é que as doentes menores ingresadas na nova unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo levan sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

docente dende o comezo de curso, polo tanto sen ter en conta a normativa. Igual acontece co alumnado ingresado noutros andares e que deben ter a Aula Pediátrica de referencia e non son avisados para asistir ás clases, ou os de secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual, cando o máis aconsellable sería atención presencial pola súa situación persoal e/ou médica (por criterio médico o teñen totalmente prohibido por alta medicación que dificulta a súa autonomía e outras causas).

As familias, desesperadas imaxinando un curso perdido sen a atención educativa que precisan os seus fillos e fillas, están iniciando un conxunto de mobilizacións que van dende a denuncia ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo, ata sumarse nas convocatorias de concentracións impulsadas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e os distintos sindicatos do Ensino. Calquera cousa que lles permita visibilizar a súa grave situación e a falta de cumprimento da lei por parte da Consellaría de Educación.

Parece unha burla cara as familias e o alumnado máis vulnerable que o Conselleiro de Educación, e mesmo o Presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter este curso a maior dotación de profesorado da historia. Unha clara deformación dos datos e da situación que estase a vivir en todo o país, non só nos centros educativos, como demostra esta iniciativa.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai activar a Xunta de Galiza os protocolos precisos de coordinación da Consellería de Educación e o Sergas para que a atención educativa ás doentes ingresadas na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro sexa efectiva como reclaman persoal sanitario e doentes e familias?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 11/11/2024 17:41:32





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 18:21:40
Nº Rexistro: 14376
Data envío: 11/11/2024 18:21:40,924

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cre o Goberno galego que son suficientes as súas políticas para loitar contra a lacra da violencia machista?

Santiago de Compostela, 11 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/11/2024 18:06:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, que pensa facer para corrixir o deterioro da democracia en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2024 18:25:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o caos e os problemas xerados polo novo organigrama de goberno en cuanto ás competencias en materia de ordenación territorial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, determina que o goberno galego ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. En virtude do mesmo aprobouse, primeiro, a *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* e, posteriormente, a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*.

En ditas normas queda recollida a necesidade de realizar un tratamento integral do territorio, tanto na harmonización das distintas escalas espaciais da planificación, como das múltiples instancias e materias da xestión pública que abarca. Así, a exposición de motivos da lei en vigor especifica no capítulo primeiro o seguinte:

“Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndelle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central dos principios de colaboración e cooperación. A globalidade do fin perseguido demanda primordialmente a articulación dunha política pública integrada, capaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de darlle satisfacción, e isto, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado na existencia de varias instancias territoriais dotadas de poder político, exige a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.”

“A lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, ao tempo que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.”

A visión integral da Ordenación do Territorio constitúe en eixo fundamental da disciplina. Existe un consenso académico de décadas sobre esta cuestión que se traduce, por exemplo, na Carta europea de ordenación do territorio de 1983, que conceptúa a ordenación do territorio como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade” e defínea como “unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como un enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor”, ademais de establecer unha serie de obxectivos fundamentais da política territorial. Tamén na propia Constitución Española que consagrou a Ordenación do Territorio como unha materia distinta e diferenciada de calquera outra.

Por iso na conformación dos distintos gobernos da Xunta, a ordenación do territorio obtivo sempre un rango de Consellería, onde se incluían todas as competencias que xiraban ao redor da mesma. Se ben é certo que a acción resultante destes gobernos priorizou unha visión da ordenación baseada na planificación sectorial, especialmente ligada ás cuestións económicas, cando menos a estrutura do goberno permitía reunir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixo unha mesma consellería a toma de decisións, o proceso técnico administrativo e a capacidade normativa de boa parte dos aspectos centrais para que se puidese producir, de ter vontade, unha verdadeira política transversal coordinada, ao estilo do que teñen noutros países europeos.

Pero todo isto quebrouse na conformación do novo goberno da Xunta de Galiza en 2024, en que por vez primeira na historia da autonomía, non hai ningunha Consellería de planificación territorial. Podería pensarse que isto vén dado por unha priorización doutras materias sobre esta, pero os motivos van moito máis alá. Non só desaparece a Consellería, senón que nas direccións de rango inferior prodúcese esa mesma laminación da planificación territorial. Se no último goberno existía unha Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, cunha subdirección xeral de ordenación do territorio, un servizo de ordenación territorial e un servizo de autorizacións e informes sectoriais. No novo goberno nin tan sequera existe xa unha Dirección Xeral ou Secretaría Xeral con competencias en planificación territorial.

O que decidiu o novo presidente da Xunta de Galiza é a aniquilación mesma da planificación territorial como materia. Con todo, resulta complicado borrarla por completo, en tanto que é unha materia específica que se desenvolve en toda a arquitectura normativa. De forma que o presidente da Xunta toma unha segunda decisión que é a fragmentación caótica e artificial das competencias propias en materia de ordenación territorial en 3 consellerías distintas.

Así, no novo organigrama desaparecen todas as referencias á planificación territorial e só algunhas das súas atribucións específicas se reparten entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Economía e Industria. Igualmente as entidades anteriormente vinculadas á Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo como son a IET, o IGVS e a APLU, son repartidas polas distintas consellerías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fica con algunhas competencias ligadas á planificación territorial como son a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, aínda que non exista ningunha Dirección Xeral orientada a tal fin. En concreto vai ser a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático a que asuma as competencias en materia de ordenación do litoral “Sen prexuízo das que estean atribuídos a outros órganos”. Máis concretamente será a Subdirección Xeral de Cambio climático e de Ordenación do Litoral a través dun Servizo de Xestión do Litoral que acolla estas funcións.

En cuanto ás competencias relativas á xestión da paisaxe non existe ningún centro directivo, nin subdirección xeral ou servizo que asuma esta tarefa e fican limitadas ao papel do Instituto de Estudos do Territorio e ao órgano colexiado do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. Igualmente quedan adscritas tamén a esta Consellería a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica ou a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

Doutra banda a Consellería de Vivenda e Planificación das Infraestruturas corresponden competencias en materia de vivenda, urbanismo e as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Porén desaparece da súa denominación toda referencia á ordenación do territorio. Así, o que no anterior goberno se denominaba como Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pasa a converterse en Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, cunha dirección xeral de Urbanismo. Non hai nin centros directivos, nin subdireccións xerais, nin servizos que fagan referencia no seu título ás competencias en planificación territorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que entrar nas atribucións concretas da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo definidas na normativa, para atopar algunha referencia ás competencias en materia de planificación territorial e de utilización racional do solo, que se prescriben de forma moi limitada a funcións como a elaboración de informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, o seguimento, arquivo e rexistro dos instrumentos aprobados ou a emisión de informes que correspondan ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio. É dicir limitado nas súas capacidades de impulso e de vocación de desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial.

A pesar de que as atribucións son mínimas, tendo en conta as que se lle asignan a esta Consellería en materia de planificación territorial, non semella razoable que o IET, que a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza ou a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, estean localizadas no organigrama doutra Consellería distinta. Mentres que si fican adscritos a esta Consellería o IGVS e a APLU, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e os órganos colexiados do Xurado de Expropiación de Galicia e a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Por se non fose suficiente a confusión xerada, hai outras competencias ligadas á planificación territorial que foron trasladadas á Consellería de Economía e Industria na norma que o regula. Por exemplo, a través da disposición adicional sétima determínase:

Consellería competente en materia de solo empresarial, establécese que esta asuma as competencias en materia de solo empresarial, así como a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Ditas competencias quedan adscritas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo empresarial e a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. Esta decisión está creando evidentes contradicións no funcionamento interno da Xunta. Un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtico caos por parte dos axentes que deben operar con este organismo. A pesar dos anuncios feitos polo presidente do goberno en relación co Xestur, o certo é que máis de medio ano despois segue sen resolverse.

En definitiva, todas estas decisións forman parte dunha estratexia xeral de eliminado da materia de planificación territorial, co obxectivo único de facilitar a especulación e o espolio. Xa coa aprobación da LOT en 2021, dende este grupo denunciámos que a nova lexislación supuña un serio paso atrás en cuanto á necesidade de termos unha visión integrada e sostible da planificación territorial. Unha norma, recordemos, que abría a posibilidade de instrumentos como os PIA para facilitar a toma de decisións arbitrarias por parte do Consello da Xunta, a negativa a comprometerse co desenvolvemento dos plans de escala subrexionais, ou a vinculación dos obxectivos da planificación territorial ao servizo dunha política económica extrativista dos recursos do noso territorio.

Durante o debate parlamentario desa lei aseguramos dende o BNG que a súa aprobación supuña a morte da planificación territorial, entendida como instrumento ao servizo do interese público. Agora esta decisión de erradicar e fragmentar do novo goberno esta materia, supón xa un golpe de gracia, que destrúe a posibilidade de alcanzar un desenvolvemento territorial sostible de conxunto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales foron os criterios para eliminar o rango de Consellería á ordenación do territorio?
- Que aspectos positivos se conseguiron con este cambio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales foron os criterios para fragmentar as competencias en 3 consellerías distintas?
- Que aspectos positivos se conseguiron con este cambio?
- Consideran adecuada a distribución actual dos organismos?
- Que impacto considera a Xunta que vai ter o novo organigrama de goberno na planificación territorial?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2024 13:44:31

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 13:50:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ausencia de versións consolidadas da lexislación en galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, dedica o seu artigo 9.º á xustiza no que, entre outras cousas, se compromete a:

“Facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos lexislativos nacionais máis importantes e aqueles que se refiren en particular aos falantes das devanditas linguas, a menos que xa se dispoña de tales textos doutro modo”.

O 6.º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento no Estado español da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, publicado o 24 de setembro, indica no que se refire á área da administración de xustiza, en canto á valoración do cumprimento dos compromisos asumidos, que o seguinte só se cumpre parcial ou formalmente:

- pór a disposición en galego os principais textos legais e, especialmente, os relacionados cos falantes de lingua galega.

Na actualidade, non existe ningún recurso que poña a disposición a lexislación estatal consolidada en lingua galega, o que obriga os e as profesionais a usaren a versión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consolidada en castelán das diferentes normas, ou a faceren unha tradución que carece de carácter oficial, polo que o goberno galego está a incumprir o obxectivo do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega en relación co incremento do uso da lingua galega na Administración de Xustiza, ademais de incumprir os obxectivos xerais do propio Plan Xeral (“Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións”, “Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”, “Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna”), e de complicar o uso normal do galego nun ámbito no que xa está moi limitado, e que ten consecuencias moi diversas para o traballo e para vida diaria de moitas persoas e colectivos.

O suplemento en galego do BOE deixou de publicarse en outubro de 2021 (algo que tamén pon de manifesto o 6.^a Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, que inclúe entre as súas recomendacións o restablecemento dunha versión en galego do Boletín Oficial do Estado), deixando os operadores xurídicos que traballan en galego sen unha tradución oficial que ofrezca seguridade xurídica, a pesar do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galiza para a publicación das Leis en Lingua Galega aprobado en 1998, polo cal a Xunta de Galiza deberá facerse responsábel da tradución das Leis, Reais Decretos-leis e Reais Decretos Lexislativos, remitindo o texto composto en galego ao Ministerio da Presidencia para a súa verificación e cotexo, e sufragando o custo da tradución do castelán ao galego ao 50 % entre o Boletín Oficial do Estado e a Xunta de Galiza.

A dispoñibilidade en galego da lexislación publicada no BOE é imprescindible para garantir o uso desta lingua con plenitude de efectos, e unha esixencia do principio de seguridade xurídica, tanto no ámbito do Dereito como no do ensino universitario desta disciplina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da lexislación estatal consolidada, a Xunta de Galiza tamén debería publicar as versións consolidadas en galego da lexislación galega, porque agora as únicas accesíbeis, en español, son as que publica o Boletín Oficial do Estado. A páxina lex.gal, que a o goberno galego desenvolve en colaboración coa USC non ofrece suficiente fiabilidade xurídica para que poida ser utilizada de xeito habitual. O Diario Oficial de Galiza debería ofrecer a publicación da versión consolidada das leis e decretos autonómicos en galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Como valora o goberno galego o contido do 6.º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias no ámbito da xustiza, no que se refire ás competencias da Xunta de Galiza?
- Ten previsto o goberno galego implantar algún mecanismo para traducir ao galego, e manter actualizados, todos textos legais consolidados en vigor en Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Oscar Insua Lema

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 31/10/2024 09:25:43

Mercedes Queixas Zas na data 31/10/2024 09:30:01

Daniel Castro García na data 31/10/2024 09:30:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2024 09:32:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o persoal que realiza os labores de mantemento nas autoestradas que van ser rescatas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente Alfonso Rueda anunciou o pasado 14 de outubro o acordo do Consello da Xunta para recuperar a concesión de catro autoestradas, a do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión.

O presidente informa no seu anuncio do aforro que esta operación significará para as finanzas galegas, estimacións que figuran tamén na memoria do proxecto de orzamentos actualmente en trámite nesta cámara, na que figura expresamente que no mes de outubro a Xunta chegou a un acordo coas concesionarias para proceder ao rescate destas autovías polos importes pendentes até o ano 2040, un total de 297 millóns de euros, calculando o aforro en 344,1 millóns de euros.

Hai que lembrar a respeito dos custos destas infraestruturas para o erario público as consideracións feitas polo Consello de Contas de Galiza no seu “Informe sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas”, no que manifesta que “Ante a caída da demanda, os pregos de condicións eran claros e excluían expresamente que as concesionarias puideran reclamarlle á administración compensacións polo feito de que a evolución real do tráfico diferise das previsións realizadas pola concesionaria”, mais para superar este obstáculo a Xunta incorporou nos orzamentos do ano 2014 unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Disposición adicional que habilitaba á Axencia galega de infraestruturas para a realización de reequilibrios para o caso de alteración imprevisíbel e extraordinaria no tráfico da autovía”. Estes reequilibrios, “deron lugar a pagos estimados en 205 millóns de euros” de xeito que “son os orzamentos públicos da Xunta de Galiza os que soportan boa parte da caída do tráfico e dos ingresos das concesionarias e cobren os beneficios das entidades financeiras (prestamistas) e, parcialmente das concesionarias”.

O Consello de Contas continúa manifestando que “as renegociacións realizadas supoñen unha quebra importante na transferencia do risco” e que ademais “lesionan o principio de igualdade dos licitadores posto que prexudican a aquelas empresas non gañadoras que de boa fe presentaron ofertas máis prudentes....”, “de feito, as tarifas aboadas ás concesionarias despois dos reequilibrios son superiores ás presentadas polos restantes licitadores que non resultaron adxudicatarios”.

O anuncio do Sr. Rueda recollido na web da Xunta de Galiza fala de que “con esta operación prevese un aforro de máis 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento até o final das concesións”.

Esta afirmación do Presidente da Xunta fixo saltar as alarmas das máis de 60 persoas que traballan no mantemento destas autoestradas, que solicitaron de inmediato unha reunión co Grupo parlamentario do BNG para trasladarnos que aínda hoxe, momento no que redactamos a presente iniciativa, ningún da empresa ou do goberno galego se ten posto en contacto con eles e elas para darlles garantías ou calquera información sobre as intencións da Xunta en canto aos seus postos de traballo.

Nesa reunión celebrada entre o Grupo parlamentario do BNG e máis a representación legal do persoal tamén nos informan que o convenio colectivo que resulta de aplicación nesta materia é o Convenio xeral do sector da construción, que recolle no seu artigo 29 o dereito á subrogación do persoal das contratas que realice o mantemento das estradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o feito de ser un dereito máis que consolidado no sector, que ven respectándose dun xeito pacífico, as declaracións do Presidente Rueda no sentido de aforrar en mantemento non deixa ser un elemento relevante de preocupación para todas as persoas afectadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza o número e categorías dos postos de traballo vinculados ás autoestradas que decidiu recuperar?
2. Cando ten pensado a Xunta de Galiza facer efectiva esa recuperación e polo tanto facerse coa xestión destas infraestruturas?
3. Como ten pensado xestionar o seu mantemento?
4. Ten previsto realizar unha licitación para contratar o servizo de mantemento destas autoestradas ou podería ampliar os contratos actualmente vixentes para o mantemento da rede viaria titularidade da Xunta?
5. Ten previsto a Xunta de Galiza a subrogación de todo o persoal que traballa actualmente vinculado a estas autoestradas?

Santiago de Compostela, 31 de outubro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 31/10/2024 09:31:44

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 09:31:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2024 09:32:02

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 09:32:17

Rosana Pérez Fernández na data 31/10/2024 09:32:48

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 09:32:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que o Hospital de Burela conte con servizo de cardioloxía canto antes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de cardioloxía do Hospital de Burela leva tempo baixo mínimos, xa que desde o mes de febreiro levaba contando con soamente un profesional dun total de tres, é dicir, que toda a poboación mariñá tiña soamente un só cardiólogo na súa sanidade pública.

Mais, por se isto fose pouco, no mes de outubro este hospital estivo tres días (23, 24 e 25) sen ningún profesional da cardioloxía. Unha poboación de 70 mil habitantes con ningún cardiólogo ou cardióloga na súa sanidade pública.

Ademais, esta situación de extrema gravidade pode verse incrementada a partir do próximo 28 de novembro, xa que desde ese día e polo menos até o 13 de xaneiro este servizo estará pechado pola ausencia do único especialista que soporta a demanda cardiolóxica na Mariña.

Esta situación tan lamentable trae consigo unha serie de consecuencias para todos e todas. A primeira e a máis obvia é que con un só cardiólogo é imposible atender a consulta diaria, alén de que o Hospital da Mariña non asume ingresos de pacientes de cardioloxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En segundo lugar, e como era de esperar, os e as pacientes de cardioloXía que precisan ingreso son trasladados ao HULA, onde chegan sen cama asignada e polo tanto teñen que acudir por Urxencias.

En terceiro lugar, os e as pacientes cun episodio cardiovascular agudo que acoden a Hemodinámica do HULA por precisar dun cateterismo, non poden volver ao Hospital da Mariña, tendo que quedar ingresados en Lugo por falta de especialistas na comarca.

Por último, calquera doente que entre por Urxencias e precise de probas cardiolóxicas será citado ou citada para a realización das mesmas no HULA, un feito que demorará o seu diagnóstico e o que provocará un aumento das listas de agarda, unhas listas que xa de por si teñen unhas esperas altísimas.

Toda esta situación xa de por si pésima, afectará a calquera mariñán ou mariñá debido a que a ambulancia medicalizada que hai na comarca asume os traslados de cardioloXía ao HULA, deixando así á comarca sen a única ambulancia que permite prestar asistencia sanitaria in situ a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización de manobras de soporte vital avanzado.

Todo o dito vén a demostrar unha vez máis que os servizos no Hospital comarcal empeoraron dun xeito máis que palpable e que día tras día non fan outra cousa que seguir empeorando, a menos que se lle poña solución de xeito inmediato.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que o servizo de cardioloXía do Hospital da Mariña garante unha sanidade pública de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza asignarlle ao Hospital da Mariña os e as profesionais do servizo de CardioloXía cos que este está dotado de xeito inmediato?

- Cre a Xunta de Galiza que as doenzas cardiolóxicas poden estar ben tratadas na sanidade pública na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 31/10/2024 10:10:49

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 10:11:11

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 10:11:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación dos centros de saúde de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Santa Cruz (Oleiros) tivo nas últimas semanas sen cubrir de xeito regular o servizo de matrona, pois a titular desta praza estivo de baixa. Na meirande parte dos días, a súa axenda foi atendida de xeito parcial por matronas que fan horas adicionais á súa xornada noutros centros de saúde e, esporadicamente, os días que non contan co persoal voluntario para facer esta dobre xornada, cobren a ausencia a xornada completa con persoal eventual. Este persoal eventual forma parte dunha listaxe de contratación temporal e, segundo a normativa vixente (o Manual de Coberturas de Ausencias do propio SERGAS), esta debería ser a primeira opción á hora de cubrir esta ou calquera outra incidencia. Isto provoca que a atención ás pacientes non sexa a axeitada, tanto pola falta de continuidade das profesionais como pola imposibilidade de cubrir os horarios da matrona titular por completo, provocando que en certos momentos sexa preciso deixar de atender pacientes ou de prestar algún servizo como, por exemplo, as clases de preparación maternal (como pasa nalgún centro de saúde no que usan este mesmo sistema de cobertura), co que todo isto implica para as pacientes que se atopan en procesos cuns prazos e protocolos establecidos.

Esta fórmula de cobertura de ausencias e a contratación das eventuais con vínculos de acumulación de tarefas, que están a ser desprazadas diariamente para dar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cobertura ás baixas existentes nos distintos centros de saúde, tamén supoñen un grave prexuízo para as profesionais.

Ademais, este mesmo centro de saúde ten pechados os dous cupos de pediatría dos que dispón por superar estes o número de cartillas recomendados, polo que se nacece na zona algún neno ou nena nova tería que ir ao centro de Saúde de Perillo. Desde o verán, o centro de saúde de Santa Cruz só conta cunha pediatra en horario de mañá, e a outra praza está sen cubrir, unicamente con prolongacións de media xornada algunhas tardes. En setembro, a xerencia pechou as cotas de pediatría do Centro de Saúde de Santa Cruz, e só se permite que as crianzas de Mera se inscriban a ese centro de saúde, enviando o resto ao de Perillo. Por todo isto, sería preciso abrir unha nova praza de pediatría no Centro de Saúde de Mera ou no da Covada, para que as dúas prazas existentes de pediatría do Centro de Saúde de Santa Cruz poidan atender a poboación desta localidade e isto permita que todos os membros da familia poidan ser atendidos no mesmo centro de saúde.

Por outra banda, o servizo de odontoloxía (só existe unha profesional no Centro de Saúde da Covada) non é suficiente actualmente para atender toda a poboación do Concello de Oleiros, polo que sería preciso abrir este Centro de saúde polas tardes ou trasladar a Unidade de Saúde Bucodental a outro centro que abra polas tardes, ou habilitar outra Unidade no mesmo ou noutro centro e co persoal necesario.

O Concello de Oleiros aumentou a súa poboación nos últimos anos, e non está previsto que esta tendencia se vexa modificada proximamente de xeito substancial, polo que entendemos que o Servizo Galego de Saúde debe adaptar os servizos á realidade da cidadanía, así como planificar unha atención axeitada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- O goberno galego é coñecedor da escaseza actual de persoal na atención sanitaria en Oleiros?
- O goberno galego ten previsto corrixir as eivas de persoal nos Centros de Saúde de Oleiros?
- En que prazo o vai facer?
- O goberno galego ten previsto cubrir axeitadamente as baixas de matrona e pediatría que se produzan no Centro de Saúde de Santa Cruz, de Oleiros?
- O goberno galego ten previsto aumentar os profesionais de atención bucodental dos centros sanitarios de Oleiros?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 31/10/2024 10:53:09

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 10:55:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á mellora do marco de apoio económico ás vítimas de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica das mulleres, no ámbito colectivo e no individual, é un dos elementos determinantes á hora de combater a violencia de xénero e así o recolle a lexislación galega na materia e a nosa experiencia colectiva na construción dun sistema de protección, intervención e atención. O factor económico é, sen dúbida, determinante para interromper ou alongar a situación de submisión e dependencia de moitas mulleres e intervir nel é fundamental para crear as condicións óptimas para que as vítimas poidan romper esa espiral de violencia, máis aínda cando concorren circunstancias que incrementan a vulnerabilidade.

Así as cousas, non podemos ignorar os efectos que a concatenación de crises que viviu a nosa sociedade nos últimos anos ten nas mulleres. Debemos ter presente que ás consecuencias da crise financeira de 2009 se sumaron as da pandemia, a da prolongación da crise de prezos, que Galiza viviu con máis intensidade que o conxunto do Estado español, e a precarización das condicións materiais de vida. Non en balde, recentemente a Rede Galega contra a pobreza facía públicos os datos do último informe respecto do ano 2023 e alertaba, novamente, da intensificación da feminización da pobreza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a Rede alerta máis un ano de que empeora a taxa de pobreza feminina e crece a fenda de xénero. Segundo os datos recentemente publicados, das case 690.000 persoas que no 2023 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de 305.000 eran homes (case 17.000 máis, 1,3 puntos) e pouco máis de 384.000 mulleres (35.215 máis, 2,4 puntos). Así, agudízase a feminización da pobreza, especialmente en colectivos como as familias monoparentais e en contextos nos que hai crianzas. Ademais, debemos ter en conta que aínda non temos a foto completa da realidade económica das mulleres pois, tal e como advirten as persoas e entidades expertas, segue habendo un importante nesgo estatístico.

Se a precarización das condicións materiais de vida afecta con intensidade ás mulleres, máis aínda a aquelas en situación de especial vulnerabilidade que atravesen situacións de violencia machista, xa que tal e como se ten analizado, a violencia económica é unha cara máis da poliédrica violencia machista.

É polo tanto necesario que se reforcen os recurso existentes e destinados ao ámbito económico e que se impulsen medidas como a actualización das axudas periódicas ás vítimas impulsadas ao abeiro do artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que son unha ferramenta importantísima e consolidada en Galiza e que, porén, levan anos sen actualizar as súas contías. O propio articulado da lei recoller que a devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia. Para isto, é fundamental que os limiares das axudas acompañen os cambios do ciclo económico e se adapten á carestía da vida para ser realmente efectivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza debe seguir a liderar a mellora dun instrumento consolidado e que nos sitúa na vangarda da loita contra a violencia machista e que axudou desde 2006 a 7.415 vítimas. Ao tempo que os cambios legais impulsados no ámbito do recoñecemento da violencia sexual levan a incorporar unha ampliación das axudas neste sentido que foi manifestada polo goberno galego, é o momento de valorar a ampliación xeral das contías.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para reducir o impacto da violencia económica sobre as mulleres vítimas de violencia machista e aumentar a efectividade dos recursos que temos impulsado?

Valora incrementar a contía das axudas existentes para adaptalas ao contexto económico e ao incremento da carestía da vida que experimentamos nos últimos anos?

Considera que as axudas existentes cobre o incremento da carestía da vida?

Que estudos propios desenvolveu ou valora desenvolver o goberno galego para avaliar o impacto da situación económica nas vítimas de violencia machista?

Valora impulsar algún tipo de estudo cualitativo ao respecto?

Vai valorar o goberno galego, nos distintos órganos de participación e cos diferentes axentes e organismos implicados, a necesidade de revisar os mecanismos de axuda económicos? En que prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2024 11:14:10

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2024 11:17:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o plan galego de medición, información e protección contra o radón nas vivendas e nos centros de traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O radón é un gas radioactivo que se atopa en solos, rochas e auga. É un gas incoloro, inodoro e insípido que provén da desintegración nuclear do radio (de aí lle vén o nome). É un elemento cunha presenza importante en toda a codia terrestre e nomeadamente en solos graníticos coma o galego.

O radón é a maior fonte de exposición humana á radioactividade natural; entra nas edificacións principalmente a través das fendas na cimentación, polas paredes, tubaxes, e mesmo por difusión a través de cerramentos en contacto co chan. As medidas máis efectivas e económicas para previr a acumulación de radón son as que se toman na fase de construción, illando o subsolo ou deixando cámaras de aire que canalicen as filtracións de radon ao exterior. Para edificios xa construídos, ou se a zona é de alto risco, compre garantir unha boa ventilación, e se a aireación tradicional non é suficiente, cómpren outras solucións como a extracción forzosa e canalización do aire ou a impermeabilización de chans e paredes.

2. Estudos realizados en todo o mundo -e tamén en Galiza- mostran que as persoas expostas de xeito continuado a niveis elevados deste gas teñen un maior risco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de desenvolver cancro de pulmón. A OMS considera que a exposición a gas radón é responsábel de até o 14% das mortes por cancro de pulmón (a segunda causa de morte tras do tabaco). Tamén considera que o radón é un grave problema para a saúde e por iso insta a todos os países a protexer e concienciar á poboación sobre os seus prexuízos, mesmo propón que se inclúa a protección contra os efectos negativos do radón na lexislación sobre vivenda, aconsellando reducir a súa presenza nas mesmas a niveis inferiores a 100 Bq/m3.

3. Nos estudos realizados no Estado español Galiza está considerada como unha das zonas con maior irradiación de radón, un gas presente nos solos graníticos fracturados e que pasa a sotos e vivendas.


Segundo os estudos realizados polo CSN, o 70% do territorio galego presenta risco de concentracións de radón, con maior incidencia nas provincias de Ourense e Pontevedra así como na parte occidental da Coruña e no centro de Lugo.

O Laboratorio do Radón de Galiza (CRETUS-USC) realiza medicións e a partir delas publica un mapa con nives de concentración ao longo do territorio galego. Logo de realizar máis de 20.000 medicións, as zonas con maior incidencia do gas son A Barcala, Muros, Santiago, Quiroga, Allariz, a Baixa Limia, Terra de Caldelas, Verín, Viana, O Condado e O Salnés.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



4. A Comisión Europea elaborou xa no ano 1997 unhas recomendacións nas que instaba aos gobernos a establecer un sistema axeitado de medición e a necesidade de emprender medidas correctoras cando a concentración de radón fose superior a 200 Bq/m3 (becquerelios por metro cúbico de aire no interior) en vivendas e 800 Bq/m3 en edificios públicos e lugares de traballo.

En xaneiro de 2012, o BOE publicou a Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear, sobre criterios para a protección fronte á radiación natural. Esta instrución establece nos 600 Bq/m3 de concentración media anual de radon durante a xornada laboral o umbral por riba do cal é obrigatorio activar a protección para os traballadores e traballadoras. Así e todo, nos centros de traballo con alta permanencia do público (hospitais, centros educativos, cárceres...) o nivel establécese nos 300 Bq/m3. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instrución prevé a realización de medicións nos lugares de traballo en áreas identificadas polos seus valores elevados de radón.

A Unión Europea estableceu o 6 de febreiro de 2018 como data límite para a aplicación da directiva europea 2013/59/EURATOM, en vigor desde 2014. Esta normativa establece nos 300Bq/m³ o umbral de referencia para as concentracións de radon en espazos pechados nos lugares de traballo e obriga a realizar medicións en zonas de elevadas concentracións deste gas radiactivo. A citada norma tamén establece a obriga de aprobar un Plan Estatal de acción para o radon.

Cómpre ter en conta que segundo numerosas persoas expertas, o umbral establecido pola UE é bastante alto para marcar o punto a partir do cal hai que actuar. A OMS fixou en 2009 o límite nos 100 Bq/m³ e desde 1998 a Axencia de Protección Ambiental fixou 148 Bq/m³ como nivel de referencia.

5. Logo dun considerable retraso na transposición da Directiva EURATOM, o goberno español aprobou o pasado mes de xaneiro de 2024 o Plan Estatal Contra o Radón.

En decembro de 2022 publicouse o RD polo que se aprobaba o Plan de prevención contra o gas radón en lugares de traballo, que entrou en vigor en xullo de 2024 despois dunha moratoria de ano e medio. Segundo este plan, todos os centros de traballo públicos e privados situados en planta baixa ou baixo rasante de concellos de alta incidencia de radón están obrigados a medir o nivel de gas nas súas dependencias. As empresas contarán con unha marxe de tempo para facer as medicións a partir da data de entrada en vigor da norma.

Se ben é o Consello de Seguridade Nuclear (CSN) o que ten que publicar a listaxe de concellos que terán que aplicar a medida, en Galiza existen medicións do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Laboratorio do Radon que permiten adoptar medidas preventivas cando menos en 283 concellos con áreas con potencialidade de superar o nivel máximo permitido pola lei, 300 bq por metro cúbico de media anual en espazos pechados (concellos situados na zona II do Código Técnico da Edificación).

Os organismos encargados de velar polo cumprimento destas medidas son a Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza.

6. As Normas do Hábitat aprobadas en 2007 polo goberno da Xunta facían referencia directa ao radon e á necesidade de illamento nas construcións como medida preventiva. Lamentabelmente esta norma foi derogada polo goberno do PP sen ningunha medida alternativa.

No ano 2019 a Xunta publicou a través do IGVS unha Guía de recomendacións de mitigación en vivendas existentes. No caso das vivendas de nova construción teñen que cumprir o estipulado polo Código Técnico de Edificación, que establece os requisitos técnicos que deberán cumprir os edificios para a protección das persoas fronte á exposición ao gas radon.

Tendo en conta a incidencia deste tema na saúde pública e a complexidade e diversidade de actuacións que hai que desenvolver, é importante que o goberno galego aprobe un plan de traballo de carácter transversal, co asesoramento do Laboratorio do Radón e en coordinación coas entidades locais, as organizacións sindicais e empresariais, as asociacións de persoas consumidoras, etc., para facerlle fronte a esta importante ameaza para a saúde pública e o benestar da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este programa de actuación debe incluír medidas normativas, de información, prevención e protección da poboación, especialmente naquelas zonas máis expostas á acción deste gas altamente perigoso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza desenvolver un Plan de medición e protección contra o radón nas vivendas e nos centros de traballo, procurando a implicación de todas as administracións e contando co asesoramento do Laboratorio do Radón?

2. Ten previsto desenvolver a Xunta un programa de medición e redución do radón nos centros de traballo dependentes da administración autonómica: edificios administrativos, centros de saúde, centros da terceira idade, centros educativos, escolas infantís...?

3. Vai o goberno galego desenvolver por medio da consellaría de Vivenda un programa de asesoramento e apoio para a medición da concentración de gas radón en vivendas particulares, así como axudas para a implantación de medidas de mitigación con criterios sociais e de renda?

4. Ten previsto a Xunta establecer políticas de saúde pública que inclúan a información á poboación, a prevención da exposición ao gas radón e estudos sobre a súa incidencia na saúde?

5. Que actuacións está levando a cabo o goberno galego, no ámbito das súas competencias, para velar polo cumprimento da normativa de prevención contra o gas radón en centros de traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 11:16:37

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 11:16:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do CEIP Sigüeiro de Oroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación na que se atopa o CEIP Sigüeiro no concello de Oroso é extremadamente precaria. A propia infraestrutura atópase en mal estado, precisando actuacións no tellado para resolver filtracións e goteiras, a mellora da instalación eléctrica, a dotación dun ascensor no edificio construído en primeiro lugar ou a ampliación do espazo destinado ao comedor, servizo cunha gran demanda por parte das familias.

A pesar destas melloras necesarias e imprescindíbeis sobre a edificación do CEIP, esta non é súa principal demanda. A escaseza de persoal por mor dos recortes impostos por parte do Partido Popular desde a Consellería de Educación supón unha situación grave que se agudiza no caso de alumnado con maiores necesidades de apoio.

Dentro das crianzas con NEAE, seis delas precisan e teñen autorizado un coidador. A orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes recolle no seu artigo 80.4: “A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado”. Neste centro, aínda que a rateo non está excedida en termos cuantitativos, non se pode dicir o mesmo en termos cualitativos, pois estas crianzas teñen uns altos requirimentos de atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación agrávase na situación de que esta profesional non poida acudir ao seu posto de traballo ou incluso cando unha destas crianzas ten unha saída do centro por mor de calquera actividade, pois o centro queda sen ningunha profesional que realice estas tarefas, tendo que ser as familias as que asuman a atención destas crianzas, coas obvias dificultades que isto ten a nivel de conciliación laboral, mais con outros trastornos que pode supor.

Mais o recorte de persoal afecta ao global do centro, pois a dotación de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe é claramente insuficiente para o alumnado que precisa dese apoio educativo. Tamén é insuficiente a dotación de profesorado xeral, precisando reforzos tamén neste eido.

Esta situación é sobradamente coñecida por Inspección Educativa, mais ata o día de hoxe non foi tomada ningunha medida de apoio, após de ser denegado tamén o programa PROA+.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as crianzas do CEIP Sigüeiro? Considera o goberno galego que a atención proporcionada ao alumnado con maiores necesidades educativas e de apoio é a correcta?
- Considera realmente suficiente a dotación de unha única persoa coidadora para este centro dadas as necesidades que presentan as crianzas?
- Cal é a previsión que ten a Xunta de Galiza para a cobertura desta persoa no caso de que esta persoa non poida acudir ao seu posto de traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cal é o motivo polo cal non se incrementou a dotación de coidadoras nin de profesorado especialista en PT e AL?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para mellorar a atención ao alumnado do CEIP Sigüeiro?

Santiago de Compostela, 31 de outubro 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 13:06:10

Cristina Fernández Davila na data 31/10/2024 13:06:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Iria Carreira Pazos, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os recortes realizados na atención educativa das doentes menores ingresadas na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e do alumnado que precisa atención educativa domiciliaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A unidade de saúde mental infanto-xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro presta asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas agudos de saúde mental e é a segunda de Galiza, despois da de Santiago.

A pesar de ter como referencia unha gran poboación, dende O Salnés, Pontevedra, Ourense, Verín e ata o Barco de Valdeorras, e ter sido dotado dende o primeiro día con docentes para atender ás e aos menores ingresados, na actualidade este alumnado non conta co profesorado e atención educativa que precisan. Trátase dunha vulneración clara dos seus dereitos que van a afectar de xeito importante ao seu desenvolvemento educativo, pero tamén a nivel persoal, para un alumnado que debe ser considerado o máis vulnerable que precisa maior apoio e reforzo.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

Esta unidade hospitalaria ten carácter pechado, na que os doentes non poden saír da mesma para asistir ás clases nos centros educativos ordinarios nin se lles permite asistir á aula ordinaria pediátrica do Hospital, é polo que os docentes deben desprazarse ata alí para darlle a atención debida.

Se temos en conta a aula creada no hospital nese andar, hai que dicir que, ten unha dotación de profesorado pero debe atender a todas as persoas menores ingresadas no citado andar, doentes oncolóxicos ou con outras patoloxías. Efectivos que non son os suficientes para a atención que precisa o alumnado da propia unidade, como demostra que o anterior curso sí que había docentes ocupándose deste alumnado dentro das súas instalacións.

Sen ter en conta a normativa, as menores ingresadas na nova unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo levan sen docente dende o comezo de curso. Igual acontece co alumnado ingresado noutros andares e que deben ter a Aula Pediátrica de referencia e non son avisados para asistir ás clases, ou os de Secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual, cando o máis aconsellable sería atención presencial pola súa situación persoal e/ou médica (por criterio médico o teñen totalmente prohibido por alta medicación que dificulta a súa autonomía e outras causas).

As familias, desesperadas imaxinando un curso perdido sen a atención educativa que precisan os seus fillos e fillas, están iniciando un conxunto de mobilizacións que van dende a denuncia ante o Defensor do menor ou a Valedora do Pobo, ata sumarse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas convocatorias de concentracións impulsadas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e os distintos sindicatos do Ensino. Calquera cousa que lles permita visibilizar a súa grave situación e a falta de cumprimento da Lei por parte da Consellaría de Educación.

Parece unha burla cara as familias e alumnado máis vulnerable que o Conselleiro de Educación, e mesmo o Presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter este curso a maior dotación de profesorado da historia. Unha clara deformación dos datos e da situación que estase a vivir en todo o País, non só nos centros educativos, como demostra esta iniciativa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Vigo, no hospital Álvaro Cunqueiro?

- Que acontece cos efectivos docentes que precisa o alumnado de Secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual?

– Por que non se ten dotado aínda de persoal docente este curso?

– Considera que están garantidos os dereitos das persoas menores hospitalizadas ou con enfermidades no seu domicilio que non poden acudir diariamente aos seus centros de ensino habituais?

– Cando se vai producir esa dotación de persoal docente que lle reclama tanto o persoal sanitario coma as propias doentes e as súas familias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Van activar os protocolos precisos para coordinación da Consellería de Educación e o Sergas para que a atención educativa sexa efectiva dende o primeiro momento?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 31/10/2024 16:47:18

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2024 16:49:45

Carmela González Iglesias na data 31/10/2024 16:50:37

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 16:50:39

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/10/2024 16:51:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a utilización errónea e imprudente do eslogan “Galicia Refuxio Climático” pola consellaría de medio ambiente e cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da tendencia da Consellaría de Medio Ambiente á hipérbole e aos slogans baleiros, a última creación -desafortunada creación- é a marca “Galicia Refuxio Climático”. Desde o BNG consideramos que se trata dun erro porque a utilización deste termo xera confusión, xa que os refuxios climáticos son áreas naturais ou urbanas concretas que ofrecen unhas condicións favorábeis para protexerse dun contexto desfavorable como as ondas de calor, ondas de frío, secas ou en xeral fenómenos meteorolóxicos adversos. No canto desta utilización incorrecta, o goberno galego debería dialogar coas demais administracións para facer un estudo, diagnose e planificación de áreas e espazos que sirvan como refuxios climáticos ao longo da xeografía galega, nomeadamente nos espazos urbanos e de solos máis artificializados.

Por outra parte, a utilización deste termo para referirse ao conxunto do país contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e especialmente a algunhas zonas, e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben pode ser entendible que a benignidade do clima de Galiza se aproveite como reclamo turístico ou mesmo laboral en contraposición con outras zonas sometidas a unha maior incidencia das ondas de calor, a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” é un exemplo clásico de substitución do todo pola parte, da categoría pola anécdota e da política seria polo eslogan baleiro.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o custo da campaña “Galicia Refuxio Climático”?

Cales son as razóns e os obxectivos desta campaña?

É consciente o goberno galego da utilización incorrecta e da distorsión da expresión “refuxio climático”?

Pensa o goberno galego desbotar a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” por ser tecnicamente incorrecta e porque contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía e á auga?

Ten previsto a Xunta a realización dun estudo e dunha planificación para a creación de zonas ou espazos que sirvan como refuxio climático ao longo da xeografía galega?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:06:30

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 17:09:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2024 17:09:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a emerxencia climática e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para combatela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos publicáronse estudos que advirten dos riscos relacionados coa emerxencia climática, o incremento de temperaturas e dos períodos de seca, a redución das precipitacións e a diminución das reservas de auga: é o caso do informes do Observatorio de la Sostenibilidad, da AEMET, da Comisión Europea, da Organización Meteorolóxica Mundial ou do Grupo Intergubernamental de Expertos dobre o Cambio Climático. Tamén existen informes da administración e do sistema universitario galego que alertan sobre as consecuencias da emerxencia ambiental e do cambio climático nas reservas e dispoñibilidade da auga, na biodiversidade e nas actividades económicas, entre outras materias.

Para o caso galego, contamos con estudos e análises da Axencia Española de Meteoroloxía e de expertos en investigación do clima como Dominic Royé e Alberto Martí. Nunhas declaracións ao medio Praza Pública estes autores sinalaban en 2022 que “En Galicia espéranse períodos de seca máis dilatados no tempo, vagas de calor máis longas e intensas, precipitacións concentradas en menos días ao ano e condicións máis favorables para os incendios”.






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente do ano 2019 prevía que “na área mediterránea en particular, incluíndo a maior parte de Portugal, Galicia en España, o norte de Escandinavia e a Turquía mediterránea o incremento da severidade das secas será máis pronunciado”.

Segundo o medio GCiencia, que recollía datos da delegación en Galiza da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) do balance anual de 2022, “O ano 2022 está a resultar extremadamente cálido no conxunto de Galicia, cunha anomalía térmica de máis de 1,5 graos con respecto ao valor normal”.


O balance climatolóxico anual de MeteoGalicia sinala que 2023 foi o ano máis cálido en Galiza das últimas seis décadas. A temperatura media en Galicia nese ano foi de 14,9 graos, o que supón un incremento de **1,3 graos** a respecto dos valores esperados e a cifra máis elevada **desde 1961**. Isto despois que xa o 2022 fose o ano máis cálido da serie histórica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta ademáis que as anomalías da temperatura teñen unha distribución diferente no noso país, e teñen un maior impacto nalgúns zonas nas que o incremento supera os 2 graos nos meses de setembro-novembro.



Anomalía da temperatura media no período setembro-novembro. AEMET





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2024 17:25:57
Nº Rexistro: 13997
Data envío: 31/10/2024 17:25:57,755

Categorización mensual segundo as anomalías de temperatura no ano 2023			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	normal	normal	normal
febreiro	moi frío	normal	moi cálido
marzo	moi cálido	moi cálido	cálido
abril	moi cálido	moi cálido	moi cálido
maio	moi cálido	moi cálido	moi cálido
xuño	extremadamente cálido	moi cálido	moi cálido
xullo	normal	normal	normal
agosto	moi cálido	moi cálido	moi cálido
setembro	moi cálido	moi cálido	cálido
outubro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
novembro	moi cálido	moi cálido	cálido
decembro	cálido	cálido	normal

Táboa 2: Cualificación mensual en función das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010

Categorización das temperaturas cada mes de 2023 a respecto dos valores normais CC-BY-SA MeteoGalicia

Polo que respecta ás precipitacións e á seca, no anos 2023 foi necesario adoptar medidas excepcionais, nun escenario de prealerta ou de alerta, co obxecto de reducir o consumo de auga e garantir as necesidades básicas relacionadas co abastecemento humano/urbano.

Este escenario de escaseza de auga non só ten incidencia no abastecemento á poboación. As consecuencias son moi evidentes tamén na produción agrogandeira, pola incidencia da baixada de precipitacións e do aumento da temperatura en ámbitos como a produción de forraxes e outras especies e, nun escenario a medio prazo, en cambios profundos na adaptación de especies forestais, froiteiras ou nas zonas vitivinícolas. Outra das consecuencias é a proliferación de pragas que teñen consecuencias devastadoras e tamén o incremento de especies invasoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais alá dos efectos sobre o medio terrestre, o cambio climático tamén está a ter un impacto directo nas augas do mar, con especial incidencia nas rías. Nos últimos anos semanas publicáronse informacións a respecto dos efectos da suba da temperatura da auga do mar na biodiversidade e na perda de produtividade no sector da pesca, marisqueiro e na acuicultura.

Outro aspecto a ter en conta é o impacto da emerxencia ambiental-climática na saúde, especialmente da proliferación das ondas de calor e do aumento da contaminación. Esta afección é moito máis directa no medio urbano, polos efectos da contaminación atmosférica e da illa de calor, o que obriga a facer un seguimento e a establecer estratexias ambiciosas de mitigación e de adaptación. E ademais sería necesario contar con estudos sobre a incidencia do cambio climático, e nomeadamente das ondas de calor, no incremento da mortalidade e na saúde en xeral.

Malia a enorme gravidade e complexidade destes procesos, non existe unha estratexia integral do goberno galego para facerlle fronte. Dáse o paradoxo de que a Xunta non ten plenas competencias en materia de clima e que segue pendente a transferencia das competencias no ámbito dos servizos meteorolóxicos. En relación coa planificación e xestión hidrolóxica, só ten competencias na bacía Galiza Costa, mentres que as demais bacías son de competencia estatal. Esta anomalía competencial e de xestión non permite facer unha observación, análise, seguimento e resposta en todo o territorio. Nin sequera existe un sistema de coordinación ou de gobernanza que permita avaliar e facer seguimento da evolución no conxunto do país.

A fragmentación das competencias, a falta de coordinación, a dispersión da información e a falta de planificación son obstáculos para dar resposta con garantías aos retos da emerxencia climática, da seca e dos riscos derivados. Nunha táctica que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mestura o escapismo, a propaganda e a cosmética, a Xunta fixo público en 2023 un anteproxecto de lei do clima xeralista, declarativo, pouco ambicioso e que non asume con rigor e cos medios necesarios os desafíos e os compromisos que temos que asumir en relación coa emerxencia ambiental e cos cambios do clima.

Máis alá do contexto inmediato, resulta imprescindible facer previsións e planificación de carácter estrutural, a medio e longo prazo, para facerlle fronte ás ameazas e retos relacionados coa emerxencia climática, cos seus impactos no medio e na saúde, así como ás necesidades relacionadas coa disponibilidad de auga para as actividades humanas e económicas esenciais. Fronte a estratexia reactiva que prevalece na actualidade, pensada só no curto prazo, débese asumir un enfoque de máis longo alcance, baseado na previsión, na proactividade e na prospectiva.

Polo tanto, a previsión e planificación en relación co clima e a auga debe atender unha serie de criterios fundamentais

a) Debe ser integral e transversal, contemplando todos os escenarios e todos os aspectos relacionados coa emerxencia climática e as súas repercusións na biodiversidade, na saúde e disponibilidad de auga para o abastecemento humano e para as actividades económicas esenciais.

b) Debe contar co aproveitamento e desenvolvemento de redes científicas de análise, observación e prospectiva, coordinando os medios xa existentes e estudando a creación dun Observatorio Galego do Clima que atenda a incidencia das modificacións climáticas na saúde, na biodiversidade (incluíndo pragas e especies invasoras), na conservación e protección dos recursos hídricos, na garantía do acceso á auga para o abastecemento humano e as actividades socioeconómicas, na incidencia territorial do cambio climático tanto no espazo terrestre como marítimo, na repercusión do cambio climático nos sectores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos (sector primario, industria, sector servizos e nomeadamente sector do turismo), na xestión do territorio para a prevención de incendios, na relación entre cambio climático e o incremento das desigualdades, etc.

c) Debe garantir a gobernanza e a máxima capacidade de decisión das institucións galegas sobre todos os aspectos relacionados co clima, os servizos meteorolóxicos e os recursos hídricos.

Polo que atinxe á planificación, a Xunta recoñeceu a necesidade de actualizar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía pola súa obsolescencia e outras carencias. No que ten a ver co “Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023”, o goberno galego presentou un informe de execución que é un exercicio de propaganda e autobombno, e que pon de relevo a falta de ambición, as limitacións do Plan, a falta de información, e unha preocupante distorsión da realidade.

Dentro das eivas das políticas do goberno galego en relación co clima, unha das principais é a que ten que ver coa debilidade do organigrama institucional e dos medios humanos e materiais en relación con esta importante materia. A propia Xunta recoñeceu nun documento que o departamento con competencias nesta materia só dispoñía dun funcionario e por iso era necesario contratar unha empresa privada para levar a cabo un proxecto denominado Galicia Resiliente valorado en 1.000.000 de euros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai demandar a Xunta todas as competencias en materia de clima, meteoroloxía e xestión dos recursos hídricos, e, transitoriamente, garantir a máxima coordinación na avaliación, planificación e toma de decisións?

-Considera o goberno galego de interese a creación do Observatorio Galego do Cambio Climático entendido como rede especializada de información, seguimento, avaliación e previsión sobre os cambios no clima e os seus efectos sobre a saúde, as desigualdades, o medio, a biodiversidade, os recursos, a produción de alimentos e as actividades económicas?

-Contempla a Xunta a posibilidade de crear un organismo público que aglutine todas as competencias autonómicas en relación co clima, co obxecto de garantir unha actuación integral, transversal e coordinada nesta materia que comprometa a todos os departamentos do goberno galego?

-Prevé o goberno galego modificar o estatus e o peso político do departamento de cambio climático no organigrama da Xunta e incrementar os orzamentos destinados a esta materia?

-Considera de interese a Xunta encargar ao sistema universitario galego unha diagnose sobre os efectos do cambio climático no medio natural e a biodiversidade, nos ámbitos socioeconómicos, na produción de alimentos, nas infraestruturas, no transporte, na ocupación do territorio, na saúde, na equidade, e no medio físico?

-Considera necesario aprobar no prazo máximo de 6 meses, logo dun amplo proceso participativo, unha nova Estratexia 2050 de Cambio Climático e Enerxía e o Plan Integrado de Enerxía e Clima 2025-2030, con obxectivos e liñas de actuación ambiciosos, un cronograma realista de desenvolvemento, unha programación orzamentaria real e acorde coa dimensión deste reto, e un programa de avaliación e seguimento que conte coa participación do sistema universitario galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prevé a Xunta enviar ao parlamento tanto a Estratexia como o Plan serán enviados ao parlamento para o debate e aprobación?

Considera de interese a Xunta a creación da Asemblea da Cidadanía Galega polo Clima como instrumento permanente de participación da sociedade galega na elaboración, planificación, avaliación e seguimento das políticas sobre o cambio climático?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:20:21

Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2024 17:23:46

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2024 17:24:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a mellora da atención sanitaria en Cerdedo-Cotobade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Cerdedo-Cotobade leva tempo sufrindo unha situación de desorganización, falta de persoal de reforzo e saturación do persoal sanitario. Os continuos recortes nos servizos sanitarios básicos (atención primaria e pediatría) están a crear unha situación de desesperación e desacougo na poboación.

Esta situación agravouse co caos que se produciu a propósito das extraccións e da campaña de vacinación no centro de saúde de Cerdedo, de maneira que foi a propia veciñanza quen se tivo que autoorganizar para salvar a xornada de extraccións e de vacinación.

Máis alá deste incidente concreto, mantéñense unha serie de carencias estruturais que é preciso atender tanto en Cerdedo como en Carballedo e Tenorio. Polo que respecta a Cerdedo, as demandas veciñais son a dotación do servizo de matrona, pediatría, reforzo de enfermaría, ambulancia medicalizada ou cobertura de vacacións e baixas.

Un dos servizos máis deficitarios é o de pediatría, xa que só hai consultas tres días á semana en Forcarei e dous en Tenorio. Por iso a veciñanza de Cerdedo reclama que se poña pediatría nesa zona do concello, cando menos algúns días á semana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a plataforma veciñal en defensa da sanidade pública sinalan que as familias seguen recorrendo a consultas privadas e mesmo ao desprazamento a Urgencias Pediátricas del hospital del Pontevedra.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que medidas prevé adoptar a Xunta para mellorar a atención primaria no concello de Cerdedo Cotobade?

Que previsións e prazos ten o Sergas para cubrir o servizo de matrona, mellorar a atención pediátrica, dar cobertura de emerxencias sanitarias e cubrir baixas e vacacións do persoal?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 31/10/2024 17:38:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2024 17:42:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as instrucións da Consellería de Educación dirixidas ás direccións dos centros educativos para denegar o acceso á información sobre os datos do curso actual].

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de outubro a Confederación ANPAs Galegas denunciaba publicamente o que estaba acontecendo nos centros educativos da provincia de Lugo. Unha situación que reflectía o escurantismo do Goberno da Xunta a través da Consellería de Educación.

É ben coñecida en todo o País a situación das familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo dentro dos centros escolares. A falta de profesorado de apoio, especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as, etc. é evidente en todas as escolas e institutos. Saen en prensa a diario casos concretos que levan dende comezos de curso, hai dous me-ses, reclamando unha atención que por lei correspóndelles e que a Consellería de Educación está a denegar baseando a súa decisión en catálogos de persoal e outras cuestións menores que non serven como argumento para explicar a toma desta decisión errada. Este alumnado carente dos apoios que precisa para avanzar neste curso escolar, permanecerá frustrado e excluído, sen entender porqué ago-ra non se poñen os recursos necesarios para que poidan estar dentro das aulas en igualdade de condicións co resto dos seus compañeiros/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ANPAs levan meses mobilizándose nos centros educativos e na rúa, nas súas vilas, nas grandes cidades e a última multitudinaria o pasado 26 de outubro en Santiago de Compostela, onde milleiros de persoas entre familias, docentes e alumnado reclamaban un dereito a unha atención individualizada para aqueles nenos e nenas e adolescentes máis vulnerables e con maiores necesidades de apoios e reforzos. Un dereito recollido na Constitución e na Lei de Diversidade.

Pero tamén é función das ANPAs reclamar oficialmente esta cuestión básica para un 30% do alumnado matriculado na actualidade. É dicir, ante a administración competente, a Consellería de Educación, ante as Direccións Territoriais en cada provincia, ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo.

Para iso precisaban datos máis concretos, todos eles que deberan aparecer na páxina de transparencia da Xunta ou da Consellería e non están, ou que deberan ser facilitados en cada centro educativo con respecto aos seus propios datos de matrícula, de número de alumnado NEAE, catálogo numérico de docentes adscritos de xeito estable ou necesidades reais en profesorado de apoio ou especialistas para o alumnado máis vulnerable, e se deben estar adscritos ou só é un reforzo puntual. É dicir, precisaban ter coñecemento claro da situación educativa en cada centro, para despois poder facer a reclamación pertinente. Todos eles datos xerais e numéricos que non eran contrarios á Lei de Protección de Datos.

Esta pequena investigación que facían as Asociacións de Nais e Pais estaba a pór en evidencia a falta de recursos educativos actuais nos centros, en contraposición con meses e meses de propaganda e autobombo do PP na Xunta en todos os medios de comunicación, do maior número de profesorado na historia do noso País.

Unha maneira de poñer freo a esta mobilización e reclamación destas asociacións foi enviar dende as Inspeccións Educativas a todos os seus centros de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia na provincia de Lugo primeiro, e poste-riormente a outras provincias, un escrito dirixido ás direccións dos centros educativos.

Neste escrito a Inspección daba “instrucións” claras de como as direccións dos centros deben proce-der diante da solicitude de información que lles realizan as ANPAs. Falamos de impedir, dificultar ou dilatar o acceso da sociedade xeral aos datos non privados que definen a normalidade dun centro escolar e que se están a demandar.

Non só atenta contra a normativa de transparencia para pretender lograr o efecto contrario ao que esta normativa pretende, senón que pretende impedir concretamente á ANPA, un membro nato do Consello Escolar, o principal órgano de goberno democrático dun centro escolar, o acceso á informa-ción que lle permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa.

En conclusión, a instrución pretende evitar que a información real chegue ao coñecemento de quen pode e quere utilizala na crítica responsable dun sistema que cada curso entorpece máis a inclusión, a igualdade e as oportunidades vitais do alumnado máis vulnerable.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- É coñecedora a Consellería de Educación do escrito con instrucións enviado aos centros educativos por parte das Inspeccións Educativas coa finalidade de evitar que as ANPAs obteñan a información que lles permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa?

2.- Quen deu orde ás Inspeccións para enviar este escrito de instrucións aos centros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Vai a Consellería retirar de xeito inmediato estas instrucións enviadas aos centros educativos?

4.- Vai a Consellería posibilitar que as direccións dos centros habiliten nas súas páxinas web aqueles datos xerais, que non atenten contra a Lei de Protección de Datos, sobre o funcionamento do centro en cada curso escolar, como poden ser o número de matrículas, de unidades, de repetidores por curso ou de alumnado NEAE, ratios nas aulas, catálogo de profesorado adscrito e estable, etc.?

5.- Vai a Consellería manter un encontro coas Federacións e Confederacións de ANPAs para aclarar a situación educativa actual e escoitar as propostas formuladas para mellorar a situación actual con respecto á falta de atención ao alumnado NEAE, así como a outras eivas que son preciso solventar de xeito urxente?

6.- Vai a Consellería activar un protocolo que permita ás Confederacións acceder, en cada comezo do curso escolar, a todos os datos xerais dos centros educativos galegos, de xeito global, por provincias, por comarcas e municipios?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:25:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 04/11/2024 09:30:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dotar de seguridade ao alumnado nos vehículos destinados a transporte escolar en etapas obrigatorias e postobrigatorias para que teñan reserva de praza e non fagan o percorrido da liña de pé.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas son as Federacións e ANPAs galegas que teñen trasladado un problema que preocupa aos pais e nais do alumnado usuario do transporte escolar.

Existen na actualidade liñas de autobuses de transporte escolar competencia do Goberno da Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación, con mais demanda que oferta, onde se mesturan alumnos, con outros colectivos con tarxeta gratuíta, con peregrinos, ou viaxeiros ocasionais. Isto acontece a partir da aprobación da Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dera publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xaneiro de 2019 e polo que se autorizaba a integración das diferentes modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galiza para facilitar a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de Transporte Público de Galiza.

En dita disposición garántese a atención prioritaria dos colectivos de escolares, mantendo e mellorando os niveis de calidade e prestación de servizos preexistentes, dando así cumprimento aos mandatos do artigo 79.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, e facilitando que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real alternativa ás diferentes redes dedicadas a colectivos singulares como o escolar, que actualmente mantén a Xunta de Galiza, mais a realidade é ben distinta, pois dende hai tempo atopámonos que os autobuses veñen cheos e os escolares cando suben ao transporte na súa parada non atopan asentos baleiros e deben ir de pé todo o traxecto.

Normativa como o Real Decreto 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores ou o Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, cintos que deben estar dispoñibles en todos aqueles autobuses que fosen matriculados a partir de outubro de 2007, regulan as condicións de seguridade no transporte escolar, xunto con outros Reais Decretos, leis e Resolucións da Dirección Xeral de Mobilidade.

No mesmo RD 443/2001 tamén figuran outras disposicións que reflicten a importancia de cumprir certas normas de seguridade como son as seguintes:

- Art. 4.1.4ª: “Os asentos enfrontados a pozos de escaleira, así como os que non estean protexidos polo respaldo doutro anterior a unha distancia horizontal máxima de 80 cms., deberán contar cun elemento fixo de protección que proporcione aos seus ocupantes un nivel suficiente de seguridade...”
- Art. 4.1.12: “Cada menor disporá da súa propia praza ou asento, que deberá ter as dimensións mínimas determinadas...”
- Art. 4.1.18: “Si a visibilidade directa non é suficiente, instalaranse dispositivos ópticos que permitan ao condutor detectar dende o seu asento a presenza dun viaxeiro nos arredores inmediatos, tanto exteriores como interiores, das portas de servizo...”
- Art. 4.3.4ª: “Unicamente poderase transportar unha persoa por praza”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Art. 8.1: “O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira”.

Polo tanto esta normativa deixa claro que o transporte escolar está pensado para que cada alumno/a, incluso a persoa que exerce a función de “Acompañante” en etapas de Infantil e Primaria teñen un asento individual e ademais obriga a dotar de medidas que dean maior seguridade aquelas prazas que están nun espazo máis próximo as portas de acceso ao vehículo, non sendo acaído que as persoas estean fóra do seu asento. Máis é certo que o artigo 48.1.b) do Regulamento xeral de circulación establece que “b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade máxima fixada no parágrafo a) en función do tipo de vehículo e da vía pola que circula”.

No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora. Cando cremos que nun vehículo de transporte de persoas, parece que todas elas deberían ir sentadas e levar o cinto de seguridade, pois a realidade nos demostra que non, que estas poden ir de pé, como acontece no transporte urbano. E isto pasa porque o goberno da Xunta permite que nalgúns casos nos autobuses de 50 prazas poidan ir persoas de pé, sen ningún tipo de mecanismo de seguridade que impida moverse en caso de accidente.

Esta situación vense denunciando polas familias das persoas usuarias e polas ANPAs dende hai moito tempo, sen que a consellería adopte unha solución, permitindo por interese da empresa concesionaria unha situación que nunca deba pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a reservar as prazas dos escolares no autobús, porque cobran por elas, e polo que estes deberan ter sempre praza nese transporte mixto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Garda Civil de Tráfico ten parado ocasionalmente algún dos autobuses pero debe deixalos continuar a súa ruta tras comprobar que contan con toda a documentación necesaria para transportar viaxeiros de pé, a pesar de non estar adaptado para iso.

Existe un “Manual de Bos Hábitos para as Persoas Usuarias do Transporte de Escolares” que lembra as medidas de seguridade para todas as persoas usuarias e, sobre todo do alumnado, que se concreta nos protocolos de bos hábitos que todas as persoas usuarias deben coñecer para previr riscos en beneficio do benestar de todos/as. Pero o mesmo manual debera aplicarse a todos os usuarios, acudan á escola obrigatoria ou non, porque ademais de ser recomendable, tamén é obrigatorio de acordo coas disposicións do RD 443/2001 do 21 de abril, antes nomeadas, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente a Consellería de educación de que nos autobuses de liñas de transporte escolar en Galiza hai vehículos nos que viaxa o alumnado de pé?
- Que accións vai adoptar a Consellería para evitar esta situación que provoca inseguridade nos escolares e nos usuarios?
- Vai o goberno a modificar a normativa galega para prohibir que os usuarios de transporte interurbano poida ir de pé nos autobuses?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:44:24

Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2024 09:44:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as deficiencias do servizo do transporte público regular por estrada no Concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoas usuarias da liña 3 Gondomar-Vigo teñen trasladado queixas a respecto do servizo de transporte prestado pola empresa Lugove no concello de Gondomar, concretamente na liña 3 Gondomar-Vigo.

A viaxe desa liña con saída ás 6:15h do Baixo Miño, pasando pola estación de autobuses de Gondomar arredor das 7:15h e que atravesa as parroquias de Vincios (Gondomar) e Valadares (Vigo) camiño da urbe olívica é a que máis queixas presenta. Esta é unha frecuencia moi demandada por alumnado e por persoas traballadoras que se desprazan a centros de ensino ou de traballo da cidade. Esa elevada demanda provoca en numerosas ocasións que cando chega ás paradas de Vincios, unha das parroquias máis poboadas do concello de Gondomar, non haxa prazas suficientes e moitas persoas queden ‘en terra’.

Ante esta situación moitas persoas usuarias vense na obriga de se desprazar por outros medios até paradas do bus urbano de Vigo ou directamente aos seus destinos, para evitar chegar tarde ao traballo ou a clase ou para poder chegar a tempo a citas médicas ou de outro tipo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Asemblea Veciñal por un Transporte Digno para Gondomar (AVTG) vén de presentar reclamacións diante da Xunta e de Lugove polas deficiencias detectadas no servizo de transporte que afectan ás persoas usuarias.

Desde a asociación solicitaron tanto á empresa concesionaria como ao Servizo de Mobilidade da Xunta de Galiza que se reforce esa liña nese horario, e calquera outros en que sexa necesario, para asegurar que todas as persoas teñan praza garantida e evitar os prexuízos que a falta de praza lles ocasiona.

Non é este o único problema co transporte público. Outra das razóns que fai que o transporte público non conte con máis usuarias é a falla de fiabilidade, a AVTG denuncia os desfases nos horarios que xeran unha grande incerteza á hora de agardar nunha parada o que desanima á veciñanza a usar o autobús público como medio de transporte. É preciso adaptar os horarios ao tempo real de cada itinerario tendo en conta variables como as complicacións do tráfico na cidade ou as franxas de maior demanda.

A outra queixa das persoas usuarios é o formato dos horarios, unha cuestión que pode parecer menor pero que pode disuadir, e en realidade disuade, do uso do autobús como medio de transporte á veciñanza. A queixa xeral é que son incomprensibles, a xente non os entende xa que non son nada intuitivos. A propia asemblea veciñal recibe consultas constantes sobre os horarios do servizo facendo de interpretes ás persoas que se dirixen a ela para saber a que hora lles pasa o bus. Por isto é preciso que se elaboren outros modelos de horarios máis simples e fáciles de entender por calquera persoa.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten coñecemento o Goberno Galego das deficiencias do transporte público por estrada no Concello de Gondomar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno Galego que queden en terra por falta de prazas as persoas usuarias da liña 3 Gondomar-Vigo ao longo do día, especialmente no horario que ten a saída ás 6:15h do Baixo Miño e que pasa pola estación de autobuses de Gondomar arredor das 7:15h?

- Sabe o Goberno Galego de que esta é unha frecuencia moi demandada por alumnado e por persoas traballadoras que se desprazan a centros de ensino ou de traballo da cidade o que provoca que cando chega ás paradas de Vincios, non haxa prazas suficientes e moitas persoas queden ‘en terra’?

- Como xustifica o Goberno Galego que ante esta situación moitas persoas usuarias se vexan na obriga de se desprazar por outros medios até paradas do bus urbano de Vigo ou directamente aos seus destinos, para evitar chegar tarde ao traballo ou a clase ou para poder chegar a tempo a citas médicas ou de outro tipo. ?

- Que medidas ten previsto adoptar o Goberno Galego para asegurar que todas as persoas usuarias da liña 3 Gondomar-Vigo teñan praza garantida e evitar os prexuízos que a falta de praza lles ocasiona, nomeadamente aquelas que collen o autobús a partir da parroquia de Vincios (Gondomar)?

- Coñece o Goberno Galego os desfases horarios que se producen nesta liña e que xeran unha grande incerteza á hora de agardar nunha parada o que desanima á veciñanza a usar o autobús público como medio de transporte? Que medidas vai tomar para evitalos?

- Considera o Goberno Galego que o formato dos horarios son intuitivos e de fácil comprensión?

- Diante das queixas das persoas usuarios pola dificultade para entender os horarios dos buses, tanto os da páxina buses.gal como os da empresa que presta o servizo, considera o Goberno Galego a posibilidade de elaborar outros modelos de horarios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 04/11/2024 10:29:36

Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2024 10:32:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto eólico Greco e a demanda de que a administración ambiental galega realice un informe desfavorable polo seu impacto sobre o medio natural e a paisaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A empresa MOWE ENERGÍA, pertencente ao grupo Villar Mir, está a tramitar o proxecto eólico Greco e a súa infraestrutura de evacuación, infraestruturas situadas nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, e Covelo na provincia de Pontevedra e Avión, Melón, Carballeda de Avia e Beariz na provincia de Ourense.

Este megaproxecto industrial eólico, de 124,6 MW de potencia instalada, está formado polas seguintes infraestruturas

- 24 aeroxeradores de 5,2 MW e 177 m de altura, coas súas infraestruturas asociadas

- 3 torres meteorolóxicas e as súas infraestruturas asociadas

- Viais de acceso e canalizacións soterradas

- Subestación eléctrica transformadora Greco Norte (Cerdedo-Cotobade)

- Subestación eléctrica transformadora colectora Greco Centro (Fornelos de Montes)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Subestación eléctrica transformadora Greco Sur (Melón)

-3 liñas de evacuación, incluíndo a liña SET Suído a SET Paraño.

O megaproxecto eólico Greco divídese en tres subparques: Greco Norte, con 11 aerogeradores, situado en Cerdedo Cotobade; Greco Centro, con 6 aerogeradores, situado na Lama e Fornelos; e Greco Sur, con 7 aerogeradores.



Nesta imaxe pode verse as enormes dimensións deste proxecto.

2. Estamos diante dun proxecto aberrante, tramitado ao abeiro das normativas que favorecen a depredación do territorio. Un proxecto de grande capacidade destrutiva, que se vén sumar a outros proxectados na mesma zona (contorna da Serra do Suído e da Serra do Cando) que se someteron recentemente ao procedemento de información pública:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Edreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

-Edreira 1, Ampliación de Edreira I e Coto de Eiras, tres proxectos promovidos polo mesmo grupo inversor que suman 72 MW.

-Liña de evacuación dos proxectos anteriores até a subestación de Pazos de Borbén.

3. Existen numerosas razóns para impedir a tramitación e aprobación deste macropolígono industrial eólico, polo que a Xunta debería emitir canto antes un informe contrario con referencia ás seguintes cuestións:

1º Impacto crítico na Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP Serra do Suído. Remitímonos ao informe do Instituto de Estudos do Territorio ao respecto do proxecto eólico Puza, situado na mesma zona: “os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suído, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suído, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora”.

2º Impacto directo e crítico nunha Zona Ben Conservada, en estudo, tal como se reflicte no Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto. Trátase dunha zona de hábitats de interese prioritario e abundancia de turbeiras, unha parte das cales foron incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que o goberno galego podería incorrer en responsabilidades polo coñecemento e constancia documental destas zonas e a súa non protección. Asemade, hai que ter en conta que a Xunta xa emitiu informe desfavorable a outro proxecto tramitado nesta zona, o denominado Carballoso (antigo Coto das Airas modificado e ampliado).




Figura 4. Zonas bien conservadas en estudio en el entorno del proyecto Fuente: EsIA y Visor cartográfico Xunta de Galicia

3º Proximidade do subproxecto Greco Norte á Rede Natura 2000 (ZEC Serra do Cando).

4º Efectos sinérxicos e acumulativos, efecto barreira e superación da capacidade de carga do territorio. Nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Tal como sinala o informe de determinación ambiental do proxecto eólico Edreira “O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio”.

5º Impacto sobre o patrimonio cultural integrado por unha rica rede de camiños históricos e un conxunto de bens etnográficos que a propia Xunta considera elementos singulares e únicos desta zona de Galiza, pola “existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suído”. Indícase tamén que “Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial”.

5º Impacto sobre o medio hídrico (regos, regatos mananciais, augas subterráneas) incluíndo a afección directa á Reserva Natural Fluvial do río Parada de Valdehome.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten coñecemento a Xunta do proxecto eólico Greco, con unha potencia instalada de 126 MW e situado nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, e Covelo na provincia de Pontevedra e Avión, Melón, Carballeda de Avia e Beariz na provincia de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta que este proxecto e outros en tramitación son compatibles coa preservación dos valores naturais e paisaxísticos do territorio?

Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta para protexer a zona en bo estado de conservación da Serra do Suído e os seus hábitats de interese prioritario, para desta maneira evitar os impactos dos proxectos industriais que lle afectan?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 10:40:47

José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2024 10:40:55

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2024 10:41:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas que debe tomar o Goberno Galego para incluír o bacharelato de artes na oferta educativa no Val Miñor para o próximo curso 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Val Miñor hai un total de catro institutos de secundaria (IES) en que se imparte o bacharelato, pero en ningún destes centros se oferta a opción do Bacharelato de Artes, polo que aquel alumnado que queira matricularse nesta especialidade ten que facelo fóra do noso concello. (Mos, Vigo, Redondela ou Pontevedra).

Un mozo ou unha moza que queira optar pola formación de Arte no ensino secundario ten que optar por facelo fóra do Val Miñor. Unha decisión que ademais de implicar afrontar un importante desembolso económico e de supoñer un investimento de tempo para se desprazar ata e desde o centro de estudos, non garante que se poida conseguir praza nalgún deses centros debido a que as matrículas teñen lista de agarda desde o momento da solicitude.

Nalgúns casos malia existir liñas de transporte público desde o Val Miñor, non conectan directamente e o alumnado ten que coller varios autobuses diferentes para chegar o centro, o que supón para algúns deles ter que erguerse ás seis da mañá.

Porén e malia a estas dificultades, que en moitos casos actúan como factor disuasorio para moitas mozas e mozos que teñen como opción preferida o estudo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

artes, as alumnas e alumnos do tres concellos do Val matriculáronse igualmente neste bacharelato de artes noutros concellos.

As consultas feitas no servizo de orientación dos centros do Val Miñor nos cursos anteriores indican que o número de alumnado interesado nesa especialidade segue en aumento, polo que a súa implantación no Val Miñor é realmente necesaria para cubrir esta eiva na oferta actual.

O Consello Escolar do IES Auga da Laxe xa se dirixira á Consellería de Educación para solicitar a implantación no Val Miñor do Bacharelato de Artes para o curso no que comezou a impartirse (2022-2023), para posibilitar o dereito do alumnado da zona a acceder ás diferentes vías do Bacharelato e que non supuxera unha discriminación para o alumnado e as súas familias.

O pasado mes de outubro, recollendo a demanda da comunidade educativa, o Pleno da Mancomunidade do Val Miñor adoptou o acordo de instar a Xunta de Galiza a implantar o bacharelato de artes nalgúns dos institutos de secundaria do Val Miñor.

Por todo o exposto fórmulasne as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o Goberno Galego que en ningún dos catro institutos de secundaria do Val Miñor se oferte a opción de bacharelato de artes?
- Sabe o Goberno Galego que un mozo ou unha moza dos concellos de Baiona, Gondomar ou Nigrán que queira optar pola formación de Arte no ensino secundario ten que optar por facelo fóra do Val Miñor coas dificultades de transporte e o custo económico que supón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece o Goberno Galego que a comunidade educativa do Val Miñor leva anos demandando a implantación do bacharelato de artes nalgún dos centros de Baiona, Gondomar ou Nigrán?

- Ten valorado o Goberno Galego a posibilidade de implantar a opción de bacharelato de artes nalgún dos catro institutos de secundaria do Val Miñor?

- Pensa o Goberno Galego implantar esta opción logo do acordo adoptado polo pleno da Mancomunidade do Val Miñor?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 04/11/2024 10:54:09

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 10:56:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o control de especies exóticas invasoras e aos resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais ameazas para a biodiversidade, e implican riscos para os equilibrios ecolóxicos, para a saúde e para as actividades económicas. Ademais de constituír a segunda causa de perda de biodiversidade segundo as Nacións Unidas, poden causar efectos prexudiciais na saúde como a transmisión de enfermidades e tamén teñen efectos prexudiciais no ámbito económico, principalmente nas actividades do sector primaria como a agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, apicultura, etc.

2. A Xunta de Galiza publicou en 2006 o estudo “As especies exóticas invasoras en Galicia: diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación”. No ano 2013 aprobouse o Plan Estratéxico de xestión das Especies Exóticas Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de análise de riscos para as especies exóticas en Galicia.

Este documento fixaba como obxectivos os seguintes:

A) Obxectivo xeral: Minimizar o risco que supón a presenza de EEI para a biodiversidade, a saúde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e a economía na Comunidade Autónoma de Galicia e reducir os impactos negativos causados

polas mesmas.

B) Obxectivos específicos: sentar as bases necesarias para

1) Determinar os roles e as responsabilidades nos seo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas diferentes Consellerías (a nivel central e provincial) e organismos asociados, respecto os obxectivos estratéxicos, liñas estratéxicas e actuacións sinaladas;

2) Previr a introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI, minimizando o risco asociado ás mesmas;

3) Detectar e reducir o risco de introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI.;

4) Establecer programas de contención, control e/ou erradicación de poboacións de EEI, de forma que se minimicen ou se eliminen o seus impactos negativos, favorecendo a posterior recuperación dos ecosistemas;

5) Rehabilitar e restaurar os ecosistemas danados pola presenza de EEI,

devolvéndoo na medida do posible o seu estado anterior.

En canto ás actuacións de xestión, o Plan contemplaba as seguintes

- Accións prioritarias estratéxicas e resultados esperados.
- Accións prioritarias xerais e resultados esperados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Accións prioritarias en zonas de alto valor ecolóxico.
- Accións estratéxicas transversais.

Transcorridos 11 anos desde a aprobación da Estratexia, non se coñecen os resultados das diferentes liñas de actuación. E se atendemos ao publicado na web da consellaría de medio ambiente o balance é máis ben escaso.

3. O artigo 108 da LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece o seguinte nos apartados 4., 5. e 6.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 64.7 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá, no seu ámbito competencial, elaborar uns plans que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, a flora ou os hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular.

5. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural establecerá unha Rede de alerta para a vixilancia das especies exóticas invasoras que recompila e rexistre os datos sobre a incidencia no medio das especies exóticas invasoras.

6. A Administración autonómica adoptará as medidas de control ou de erradicación das especies exóticas invasoras. No marco dos plans de control e de erradicación da Administración autonómica poderáselles incluír a imposición da obriga de execución de tales medidas ás persoas responsables da introdución ou da propagación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2023 a consellaría de medio ambiente licitou o contrato de actualización da proposta técnica do Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras, cun prezo de licitación 58.935,92 euros. Este contrato foi adxudicado en outubro de 2023 á empresa Enebada Entorno SL. O prezo da adxudicación foi de 58.080 euros e o prazo de 6 meses. Transcorrido máis de un ano da adxudicación do contrato, aínda non é coñecido o resultado dos traballos realizados.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Cal é o balance de resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013?

-Que accións prioritarias estratéxicas se levaron a cabo e cales foron os resultados?

-Que accións prioritarias xerais se levaron a cabo e cales foron os resultados?

-Que accións prioritarias en zonas de alto valor ecolóxico se levaron a cabo?

-Que accións estratéxicas transversais se levaron a cabo?

-Que previsións ten o goberno galego en relación co establecido no artigo 108 da lei de patrimonio natural e da biodiversidade?

-Que previsións ten a Xunta en relación coa aprobación dun novo Plan Estratéxico de especies exóticas invasoras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 11:18:42

Alexandra Fernández Gómez na data 04/11/2024 11:18:56

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 11:19:06



A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Desde hai unha década está vixente a Lei Valentín Paz Andrade (LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía).

Desde o Grupo Popular apoiamos a probación desta lei porque entendemos que era unha ferramenta útil para avanzar no aproveitamento das vantaxes competitivas de Galicia desde o punto de vista lingüístico e cultural e, tamén, reforzar os lazos con Portugal e a lusofonía.

De xeito progresivo, nestes anos o portugués consolidouse como unha das linguas estranxeiras que escollen os estudantes, cumprindo co obxectivo marcada na lei de incorporar progresivamente a súa aprendizaxe nos centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o valora a consolidación do ensino do portugués como lingua estranxeira en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 10:57:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 10:58:03

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 10:58:11



Julio García Comesaña na data 04/11/2024 10:58:22

Patricia García González na data 04/11/2024 10:58:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 10:58:47

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 10:59:00

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 10:59:15

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 10:59:22



A Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Non cabe dúbida da importancia de coñecer linguas estranxeiras nunha sociedade cada vez máis global e conectada. As linguas son fundamentais para facilitar as relacións entre os cidadáns, máis tamén permiten o acceso á información e o coñecemento, son unha fonte de oportunidades profesionais e laborais, permiten comprender outras culturas e, incluso, fomentan o entendemento entre sociedades e países.

Edulingüe 2030 supón a continuidade e a consolidación dos programas de éxito levados a cabo na última década pola Xunta de Galicia que, ademais, inclúen novos retos de calidade vinculados á inclusión e á innovación educativa e á internacionalización, artellados en dez liñas de acción específicas con obxectivos como:

- Promover a mobilidade internacional, a cooperación educativa con outros países e o desenvolvemento de políticas lingüísticas como ferramenta para a internacionalización educativa.
- Acadar habilidades para comunicarse en múltiples idiomas e establecer relacións internacionais persoais e profesionais duradeiras.
- Fomentar a internacionalización entre o alumnado e as súas familias, como eixe transformador da sociedade, para o enriquecemento e desenvolvemento persoal, académico e profesional.
- Favorecer a empregabilidade e a mobilidade do alumnado ao remate da súa formación académica.



- Apreciar a diversidade cultural e fomentar no alumnado o interese polos idiomas e a comunicación intercultural, a través da aprendizaxe doutras linguas.
- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade na aprendizaxe e uso das linguas, durante toda a vida, de acordo cos obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia as liñas de actuación en materia de linguas estranxeiras no ensino?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:03:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:04:10

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:04:21

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:04:48

Patricia García González na data 04/11/2024 11:05:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:05:15

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:05:29

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:05:42

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:05:50



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A mellora continua do convivencia escolar é unha liña prioritaria de acción da Xunta de Galicia que traballa no convencemento de que non pode haber calidade educativa sen unha atención adecuada ao clima escolar e ao coidado do benestar emocional de toda a comunidade educativa.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 é a folla de ruta que o Goberno galego desenvolve co obxectivo que cada alumna e cada alumno, en cada centro docente galego e en todas as etapas educativas, sexa quen de desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades nun clima de cooperación, respecto e tolerancia.

Os resultados, recollidos nos diversos informes de diagnose da convivencia, demostran que os avances nesta materia son firmes e continuos, aínda que sempre quede moito por facer.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:10:24

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:10:43

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:10:55



Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:11:07

Patricia García González na data 04/11/2024 11:11:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:11:36

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:11:54

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:12:12

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:12:22



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Estratexia para a Educación Dixital 2030 pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral.

Con esta folla de ruta o Goberno galego busca, entre outros retos:

- Reforzar un modelo híbrido no ensino, que combine ensino dixital e tradicional, garantindo as competencias ao alumnado.
- Avanzar nunha cidadanía dixital plena, que asegure que ninguén quede atrás por carecer de competencias dixitais.
- Defender os dereitos e os deberes dixitais, a convivencia dixital pacífica e loita contra a desinformación a través do pensamento crítico.
- Atallar a fenda dixital.
- Ou facer fronte ao reto demográfico de consolidación da poboación en contornos rurais.

A través desta folla de ruta, a Xunta de Galicia desenvolve programas consolidados e de gran éxito como E-Dixgal, plans de formación ou os Polos Creativos, xa presentes en todos os centros educativos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Como valora o desenvolvemento da Estratexia de Educación Dixital 2030?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:14:56

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:15:11

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:15:22

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:15:33

Patricia García González na data 04/11/2024 11:15:46

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:15:59

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:16:14

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:16:31

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:16:40



A Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Galicia conta cunha rede de máis de 1.600 edificios que prestan servizo educativo por toda a xeografía. Colexios e institutos que, polo propio desenvolvemento e extensión da educación nas pasadas décadas ten unha antigüidade media de máis de 40 anos.

Baixo este marco, desde o ano 2021, a Xunta de Galicia desenvolve unha transformación sen precedentes das infraestruturas educativas a través do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica cun investimento inicial de 191M€.

Con esta ambiciosa estratexia, a Xunta de Galicia de Galicia entendía que os colexios e institutos debían ser máis que edificios para convertelos en sexan espazos accesibles, inclusivos, nos que se garanta o benestar de todo o alumnado; nos que tiveran cabida as novas metodoloxías de aprendizaxe; e, en definitiva, permitiran o desenvolvemento integral do alumnado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Cal e o balance que realiza a Xunta de Galicia do desenvolvemento Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 11:19:15

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2024 11:19:33

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 11:19:45

Julio García Comesaña na data 04/11/2024 11:20:07

Patricia García González na data 04/11/2024 11:20:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/11/2024 11:20:34

Carmen Pomar Tojo na data 04/11/2024 11:20:50

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2024 11:21:03

Raúl Santamaría González na data 04/11/2024 11:21:10



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O programa Arraigo para a formación deu comezo o ano pasado en colaboración con tres entidades, Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela-Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias en Galicia (EFA Galicia), coa intención de dar continuidade ao desenvolvemento dun programa de arraigamento para a formación, dirixido a persoas migrantes en situación irregular, beneficiando a máis de 100 persoas das que, arredor dun 70%, conseguiron un traballo indefinido, tras a realización de preto de 60 formacións.

O obxectivo é que estas persoas poidan obter unha autorización de residencia e de traballo que facilite a súa integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral.

Desde xeito, a Xunta de Galicia vén de firmar tres convenios de colaboración coas tres entidades, investindo preto dun millón de euros coa previsión de que poidan regularizar a súa situación, entre este ano e o vindeiro, un total de 145 persoas que se atopan, nestes momentos, en situación irregular en Galicia, sempre que se comprometan a cumprir un compromiso efectivo de formación para poder obter unha autorización de residente e, posteriormente, unha autorización de residencia e traballo.

As tres entidades mencionadas, Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas de Lugo e as EFA (Escolas Familiares Agrarias) comprométese a desenvolver as accións e funcións previstas nos presentes convenios, así como a poñer a disposición os recursos humanos e materiais precisos para a súa execución e a impulsar as relacións e alianzas que aporten valor engadido ao obxecto do convenio.



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os centros especiais de emprego son aqueles centros que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado e que teñen por finalidade a integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal, asegurando un emprego remunerado, á vez que prestan os servizos de axuste persoal e social que requiran estas persoas.

A súa estrutura e organización debe axustarse aos das empresas ordinarias, sen prexuízo da súa función social das características particulares. O seu cadro de persoal estará constituído polo maior número de traballadores con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo. En todo caso, como mínimo, o 70% do cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen, para estes efectos, o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

Ditos centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para seren empresarios.

A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego requirirá autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, logo de solicitude da persoa interesada e acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

É importante destacar que consumen, ano a ano, unha cantidade inxente de recursos públicos debido ao incremento do Salario Mínimo Interprofesional.

Este incremento fai que a administración autonómica teña que dedicar máis orzamento cada ano a estes centros.



O Salario Mínimo Interprofesional incrementouse, desde 2021 ata 2024, un 19,37%, supoñendo dito desgaste económico para a administración, pero tamén para os propios centros.

Dito incremento afecta directamente aos custos salariais dos mesmos que, en moito casos, teñen dificultade para financiarse. Todo isto supón un reto económico para as de menor tamaño, que incluso poder incidir no nivel de emprego das persoas con discapacidade ou para a propia supervivencia do centro, así como un maior nivel de previsión económica para as máis consolidadas.

Así, a Xunta de Galicia convoca anualmente as axudas para subvencionar o 50% so SMI e o 60% para as persoas cun maior grao de discapacidade.

Cada ano aténdense todas as peticións mediante ampliacións de crédito, co fin de manter o acceso ao emprego das persoas que máis o precisan. Desde o Goberno galego existe unha aposta pola inserción laboral das persoas con discapacidade e así o demostran as cifras, con máis de 4.400 persoas con discapacidade empregadas e preto de 700 persoas atendidas por unidades de apoio.

Todo isto supón un custo para a Xunta de Galicia, pero tamén para os propios centros, xa que cada vez é máis difícil de asumir debido a que o resto do custo salarial non subvencionado é asumido polo propio centro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que balance fai o Goberno galego da situación actual dos centros especiais de emprego rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia?



2.- Cal é a evolución das axudas concedidas a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración?, E, o grao de integración das persoas con discapacidade?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 04/11/2024 12:23:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2024 12:24:07

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2024 12:24:15

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 12:24:38

Nicole Grueira Fernández na data 04/11/2024 12:24:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/11/2024 12:24:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/11/2024 12:25:12

Ethel Vázquez Mourelle na data 04/11/2024 12:25:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 12:25:42



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia está a favor do emprendemento e do traballo por conta propia, así como das novas medidas nas que se está traballando de cara ao vindeiro ano 2025, entre as que salienta a aposta estratéxica pola simplificación administrativa dos apoios específicos destinados ao colectivo autónomo, coa conseguinte redución de carga burocrática.

Potenciar o emprendemento e o traballo por conta propia é unha prioridade clave como motor fundamental de xeración de riqueza e de emprego de calidade.

Neste senso, a eficacia das medidas impulsadas polo Goberno galego reflíctese no peso do sector. Galicia está entre as tres comunidades cun maior peso porcentual de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións. O colectivo representa o 19,5%, máis de tres puntos por enriba da media nacional, demostrando a capacidade emprendedora da rexión e contribuíndo á xeración de emprego, ao aumento da produtividade e á competitividade económica.

É preciso destacar que as empresas promovidas por autónomos e autónomas son vitais para a recuperación establece de emprego, ademais de constituír unha vía eficaz para facilitar a incorporación, ou reincorporación, ao mercado de traballo das persoas desempregadas, sobre todo daquelas persoas que, estando durante moito tempo no mercado laboral, se atopan na actualidade en situación de desemprego.



O liderado de Galicia na atención ás políticas activas de emprego queda patente co seu posicionamento como a Comunidade Autónoma cun maior número de convocatorias de axudas publicadas neste eido, case un 10% do total do Estado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que balance fai o Goberno galego do grao de execución das liñas complementarias en apoio aos autónomos?
- 2.- Cales son as actuacións que se levarán a cabo no vindeiro ano 2025?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 04/11/2024 12:26:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2024 12:26:45

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2024 12:26:53

Víctor Baladrón Lamas na data 04/11/2024 12:27:04

Nicole Grueira Fernández na data 04/11/2024 12:27:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/11/2024 12:27:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/11/2024 12:27:38

Ethel Vázquez Mourelle na data 04/11/2024 12:27:52

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/11/2024 12:28:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a estratexia da Xunta para o mocidade no rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O medio rural vén perfilando en gran medida o carácter do pobo galego e ten sido fonte de riqueza e medio de vida de xeracións e xeracións durante centos de anos. O rural, é, por tanto, unha parte esencial do noso país. A súa defensa e apoio por parte das diferentes administracións ten que ser primordial.

A verdade é que na actualidade pódese dicir que o noso medio rural vive unha situación de emerxencia con cada vez menos persoas que viven no rural e do rural. Unha situación que se agrava aínda máis se falamos de mocidade. A falta de remuda xeracional nos traballos do rural galego é apremiante e desde logo fainos cuestionar cal vai ser o futuro dun sector tan importante para o país como é o rural. As estratexias do goberno galego non teñen funcionado e non vemos mudanzas a mellor neste eido.

Na realidade, o rural ten unhas potencialidades enormes no que ten a ver co desenvolvemento vital e profesional da mocidade galega, mais a Xunta debe facer a súa parte e dotar o rural dos servizos necesarios así como deseñar as políticas necesarias para facilitar que se fixe poboación nas zonas rurais do país. Así, o goberno galego deber pór o foco, ao noso ver, na formación e na dignificación do rural par afacer que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este sexa atractivo para a mocidade e esta decida levar p seu proxecto de vida a unha zona rural a todos os niveis e efectos.

Por outra parte entendemos vital que se pechen os ciclos de produción rurais dentro do propio país e se xere valor engadido a partir das nosas materias primas. Isto facilitaría a creación dunha industria propia o que tamén levaría a crear empregos e riqueza para as galegas e galegos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a opinión do goberno galego acerca da situación da mocidade no rural do país?
- Ten a Xunta de Galiza estratexia para fixar xuventude no rural galego?
- Prevé a Xunta elaborar algún plan de formación para a mocidade con saídas laborais específicas no rural?

Santiago de Compostela, 4 novembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Secundino Fernández Fernández
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/11/2024 12:44:05

Secundino Fernández Fernández na data 04/11/2024 12:47:02

Iria Carreira Pazos na data 04/11/2024 12:47:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a retirada da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bioenergía Lugo SL iniciou o proceso para instalar unha planta de Xestión de Residuos Orgánicos e Biometanización en Coeses, no concello de Lugo. Trátase dun proxecto declarado como iniciativa empresarial prioritaria en outubro de 2021 por parte da Xunta de Galiza. Esta declaración permite unha importante simplificación dos trámites administrativos ante a Xunta, reducindo á metade os trámites da administración galega, e ademais é a Xunta de Galiza a que vai determinar se a planta cumpre ou non coa normativa medioambiental.

O proxecto consiste na valorización de residuos orgánicos de procedencia agrogandeira e agroindustrial, mediante dixestión anaerobia, para a produción de biometano, con características tales que permitan inxectalo na rede gasista nacional. Prevese procesar un máximo de 53.000 tn/ano dunha mestura de residuos orgánicos (non urbanos), das cales 12.000 tn/ano estarán clasificadas como residuos SANDACH. Realizarase un tratamento completo do dixerido, de tal xeito que se poida xestionar mediante terceiros a fracción sólida e verter o efluente líquido unha vez depurado. Prevese a existencia de redes separadas de recollida dos distintos fluxos de augas residuais que se xerarán na instalación. As augas residuais procedentes do lavado dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

camións de transporte de SANDACH incorporaranse ao proceso de hixienización. Verteranse ao dominio público hidráulico (rego de Vilalvite, afluente do río Miño): a) As augas residuais sanitarias e as xeradas nas distintas fases do proceso industrial, despois do tratamento nunha depuradora biolóxica propia. b) As augas residuais pluviais contaminadas, procedentes de vías de rodamento e plataformas, despois do tratamento nun separador de graxas. c) As augas pluviais non contaminadas, procedentes das cubertas, despois da recollida nun depósito de regulación.

Desde a publicación do proxecto, a veciñanza da contorna e de toda a cidade de Lugo amosou unha enorme implicación en contra deste proxecto, o que se demostrou non só cos centos de alegacións presentadas denunciando a afectación negativa que suporá esta planta aos núcleos de poboación e á contorna, senón tamén cunha importante mobilización o pasado mes de setembro.

A empresa recoñece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e un vertido de 76,7 m³ de augas residuais ao regato de Vilalbite que logo desemboca no río Miño. O tratamento destas augas foi considerado ineficiente por parte da Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), o que fixo que este proxecto fose informado desfavorablemente dado que este regato conta con pouco caudal de auga, especialmente nos meses estivais, co cal non hai case posibilidades de dilución.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta de Galiza retirar a Declaración de Iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 13:37:58

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 13:38:11

José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2024 13:38:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/11/2024 13:38:35

Luis Bará Torres na data 04/11/2024 13:38:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª** sobre as rateos de persoal nas residencias de maiores concretamente na de San Antonio de Padua en Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Familiares de persoas usuarias da residencia de maiores San Antonio de Padua, no Concello de Lugo, puxéronse en contacto co G.P. do Bloque Nacionalista Galego para denunciar a escaseza de persoal do centro.

Segundo nos trasladan actualmente na residencia de maiores hai por volta dunhas 85 persoas das que unhas 60 son grandes dependentes. Para atender todas as persoas usurarias dispoñen de 6 xerocultoras na quenda de mañá e 5 na de tarde así como dúas enfermeiras. Na quenda de noite o persoal redúcese a apenas dúas persoas para atender todas as persoas usuarias.

En canto ao servizo de cociña unha persoa cociñeira e unha axudante deben facer o xantar para todo o centro residencial en cadansúa quenda (mañá e tarde). A limpeza e lavandería aténdena dúas únicas persoas.

Un cadro de persoal absolutamente insuficiente que deixa unha rateo de 14 persoas por xerocultora para atender todas as súas necesidades básicas. É importante sinalar que falamos de persoas, especialmente no caso das grandes dependentes, que precisan apoio e axuda para levar a cabo labores diarios elementais como erguerse, asearse, vestirse ou comer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que a Residencia de maiores San Antonio de Padua foi construída pola Fundación Amancio Ortega e entregada á Xunta de Galiza sen custe algún. Posteriormente, a Consellaría de Política Social adxudicoulle a súa xestión á Fundación Fesán, de *Estudios y Análisis*, unha entidade dedicada especialmente á análise de datos malia estar nos últimos anos abrindo nicho de mercado no sector dos coidados.

A concesión realizouse de maneira conxunta sobre as residencias de Lugo e Santiago por valor de máis de 10 millóns de euros, nun período inicial de 2 anos prorrogábeis até un máximo de tres, e un beneficio industrial para a empresa adxudicataria do 5%. A razón da súa adxudicación a Fesán foi, segundo se recolle na web de contratos públicos de Galiza, a redución do custe para a administración ao rebaixar a Fundación Fesán o 12% o prezo por praza e día.

A ratio de persoal esixida pola Xunta de Galiza no prego de condicións técnicas é a establecida na Orde do 18 de abril de 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores (0,35). A oferta de Fesán foi de 0,37.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos insistindo en que:

1- É necesario e urxente que a Xunta de Galiza asuma a xestión directa dos centros sociais que son da súa titularidade acabando co proceso de privatización dos coidados que tantos prexuízos tivo e ten, como vimos durante a pandemia da Covid-19.

2- É necesario e urxente que se desenvolva unha lexislación específica en materia de residencias de maiores e, sobre todo, que se amplíen as ratios de persoal de atención directa para garantir as mellores condicións de vida das persoas usuarias. Especialmente, garantir que non se compute como persoal de atención directa aquel que non o é tendo en conta o tipo de xornada e condicións laborais.

3- É imprescindible despreparar un novo modelo de coidados, especialmente nas residencias de maiores, baseado na Atención Centrada nas Persoas (ACP) e iso esixe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis persoal de atención directa, pequenas unidades de convivencia e centros residenciais dimensionados, próximos ao lugar de residencia das persoas usuarias que non superen un límite máximo de prazas.

Sorprende, cando menos, que apenas uns meses despois de inaugurarse esta residencia e comezar a súa actividade, as familias das persoas usuarias xa denuncien déficits na atención das persoas que nela residen.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a normativa que regula as rateos de persoal nas residencias de maiores?
- Cónstalle á Xunta de Galiza algunha denuncia por falta de persoal ou doutro tipo relativa á atención das persoas usuarias nas residencias de maiores recentemente inauguradas?
- Cónstalle á Xunta de Galiza algunha denuncia concretamente na de Lugo?
- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir a máxima calidade asistencial nestes centros?
- Vai esixir algunha medida de mellora á entidade que xestiona en concesión estas residencias?
- Valora a Xunta de Galiza reverter para o público a xestión destas residencias unha vez finalice a súa concesión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 15:43:12

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2024 15:43:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as rateos de persoal de atención directa nas residencias de maiores galegas e a normativa que os regula.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza a rateo de persoal de atención directa nas residencias de maiores réxese pola Orde do 18 de abril de 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Na normativa en vigor fíxase como rateo mínima de atención directa a xornada completa:

- 0,20 para persoas usuarias con dependencia leve ou moderada
- 0,35 para usuarias e usuarios con grande dependencia

Así mesmo, a Orde sinala que se entende por atención directa aquela prestada por persoal tanto xerocultor como sanitario.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos reclamando unha regulación específica para o sector das residencias de maiores e dentro dela unha nova ordenación dos recursos humanos e das obrigas de cumprimento na atención directa. Neste senso, outros territorios mudaron a súa normativa despois da pandemia provocada pola Covid-19 conscientes das debilidades que se evidenciaron nas residencias de maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debilidades que xa viñan de atrás e que amosaron as costuras dun modelo de coidados que non responde ás necesidades e paradigmas que deben rexer actualmente.

Porén, Galiza non foi un deses lugares. Despois da pandemia non mudou absolutamente nada na lexislación galega para mellorar o sistema de coidados nin tampouco para adoptar un modelo de atención centrada nas persoas. Malia os anuncios e a propaganda do goberno do Partido Popular todo continúa practicamente igual, boa mostra diso son as denuncias de persoas usuarias, traballadoras e familiares das residencias de maiores así como o mantemento das mesmas condicións tanto laborais como de atención na práctica totalidade dos centros residenciais tanto daqueles que xa existían como os de nova creación.

Así, nada obriga as residencias –sexa cal sexa a súa titularidade ou modelo de xestión-- a crear unidades de convivencia ou a facer reformas nas súas instalacións para mellorar as condicións de vida das persoas usuarias.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai mudar a Xunta de Galiza a lexislación e normativa vixente para ampliar a rateo de persoal de atención directa e implantar un novo modelo de coidados centrado na persoa?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2024 16:31:38

Ariadna Fernández González na data 04/11/2024 16:31:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación da lingua galega nas notarías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 8 que os documentos públicos outorgados en Galiza se poderán redactar en galego ou en castelán.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega fixa como obxectivos da área da Administración de Xustiza “conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua”, “garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos” e “propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións”.

O mesmo Plan, entre os obxectivos para a área de Notarías e outros servizos documentais e de xestión, establece “garantir que todas as notarías e xestorías de Galicia poidan ofrecer os seus servizos en galego” e o obxectivo específico para a área de “introducir o galego como lingua normal de traballo das notarías”. As medidas que fixa para esta área son: “facilitarlles ás notarías os medios técnicos e terminolóxicos para que os seus titulares poidan desenvolver a súa actividade en galego doadamente”,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“establecer un programa de capacitación dirixido aos traballadores das notarías”, “posta en marcha dunha campaña de información sobre os dereitos lingüísticos dos usuarios das notarías e da plena validez dos documentos en galego”, “establecer que en todas as notarías de Galicia exista, en lugar ben visible da sala de espera e do despacho do notario, un cartel que indique o dereito do cidadán a que o documento se lle redacte e asente en lingua galega polo mesmo prezo e co mesmo valor xurídico”, “establecer a norma de que nas notarías, antes do inicio do procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental”, “crear un premio anual á notaría que máis destaque pola introdución do galego no seu traballo profesional”. O goberno galego non puxo en marcha ningunha destas medidas, incumprindo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004 e dificultando o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de ignorar o deber da administración galega en relación coa promoción da presenza da nosa lingua neste ámbito.

O informe do Comité de Expertos do Consello de Europa de setembro de 2024 en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas indica, entre as súas recomendacións máis urxentes “asegurarse de que a lexislación garanta que os tribunais leven os procedementos penais, civís e administrativos en galego cando o solicite unha das partes, e levar a cabo as accións necesarias para que se leve á práctica”, ademais de “pór a disposición en galego os textos administrativos e formularios de uso habitual”.

Ademais, o Regulamento da Organización e Réxime do Notariado declara o dereito a solicitar os documentos notariais en galego.

A pesar de todo isto, nos últimos meses deste mesmo ano coñecemos dous casos concretos nos que se negou este dereito a dous cidadáns. En Vigo, este verán unha persoa que vendía unha finca solicitou que a escritura estivese en galego, mais a compradora quería a escritura en castelán. Na notaría informaron de que, debido á falta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de acordo entre elas, a escritura debía estar en castelán. Esta persoa, asesorada pola Mesa pola Normalización Lingüística, lembroulle ao oficial da notaría o artigo 149 do Regulamento do Notariado, que indica que, en caso de discrepancia, se debe redactar a escritura a dobre columna, nas dúas linguas.

Hai só uns días, coñecemos o caso dunha notaría de Santiago de Compostela que se negou a redactar ningún documento en galego a un usuario que, coñecedor desta norma, tivo que acudir a outra notaría que si aceptou redactar a documentación na lingua da súa elección, conforme o dereito que lle outorga a lexislación. O cidadán presentou unha queixa formal ante a primeira notaría, por vulnerar os seus dereitos lingüísticos. Trátase de dous casos de especial gravidade, non só pola vulneración dos dereitos lingüísticos destes cidadáns por parte destas dúas notarías, senón tamén pola información falsa que lles transmitiron, xa que non é potestade das notarías elixir a lingua na que redactan os documentos ou os asentos, senón do cidadán ou cidadá que os solicita. As notarías tampouco poden decidir sobre a oficialidade do galego nin sobre os dereitos da cidadanía, pois prestan un servizo público, e non teñen a potestade de prestalo incumprindo os dereitos dos e das cidadás, nin informando de xeito incorrecto ou falso sobre estes dereitos, e a administración galega ten a obriga de velar pola prestación correcta deste servizo.

Estes dous exemplos indican a dificultade de usar a nosa lingua con normalidade nas notarías, que contradí as obrigas que teñen tanto as notarías como a administración. Esta dificultade implica, ademais, que só transcenden as queixas dun número moi reducido de persoas, xa que a administración tamén está a incumprir o seu deber á hora de informar sobre os dereitos lingüísticos que asisten a cidadanía nestes establecementos e circunstancias. En ningún caso podemos afirmar que se trata de casos illados ou puntuais, xa que son coñecidas outras situacións semellantes, nas que cidadáns e cidadás se ven obrigadas na actualidade a agardaren 15 días por unha tradución ao galego, co que isto supón tanto de agravio comparativo e de discriminación como de incomodidade e molestias, que poden ter consecuencias segundo o caso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreto do que se trate. Ter que agardar semanas por unha escritura en galego é, por si mesmo, unha penalización e unha discriminación fronte a quen a obtén no día se opta pola escritura en castelán. Todo isto demostra que a lingua galega está en desvantaxe e que non existe igualdade nas circunstancias nas que se desenvolve unha persoa galegofalante. Noutras ocasións, a notaría informa, incorrecta e inxustamente, da súa incapacidade para atender a petición ou mesmo, noutra grave vulneración dos dereitos de que debe ser o propio cidadán quen se faga cargo da tradución.

O artigo 9.2 da Constitución ordena aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, debendo retirar os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece “Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”, polo que resulta urxente que o goberno galego actúe para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, ademais de traballar para crear unha situación de normalidade para a nosa lingua nas notaría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego nas notaría?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno galego sobre o uso do idioma galego nas notaría?
- Que medidas de entre as que fixa o goberno galego para as notaría puxo en marcha o goberno nos últimos catro anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego implantar, na presente lexislatura, algunha das medidas que establece o Plan Xeral de Lingua Galega para facilitar e promover o uso do galego as notarías?

- Que medidas ten previsto pór en marcha o goberno galego para protexer os dereitos lingüísticos dos e das falantes de galego nas notarías, e que sexan materializados?

- Que medidas informativas sobre os dereitos lingüísticos ten previsto pór en marcha o goberno galego no ámbito das notarías, coa finalidade de informar a cidadanía sobre os seus dereitos lingüísticos?

- Que medidas ten previsto pór en marcha o goberno galego en relación coa comunicación ás notarías sobre as súas obrigas en relación cos dereitos lingüísticos?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2024 16:56:46

Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2024 16:56:57

Daniel Castro García na data 04/11/2024 16:57:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/11/2024 16:57:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Monserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación de falla de profesionais médicos e ao limitado horario do PAC do centro de saúde de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de seis meses de manifestar a súa protesta semanalmente diante do centro de saúde de Rianxo, a cidadanía dese concello saíu ás rúas masivamente no día de onte para exixir a atención sanitaria que lle corresponde.

A falta crónica de persoal, nomeadamente de profesionais de medicina de familia e a necesaria ampliación do horario do PAC son as principais demandas dos veciños e veciñas de Rianxo, diante dunha situación que a esta altura xa se converteu en insostíbel por mor da falta de actuacións da Consellaría de Sanidade ao longo do tempo.

O centro de saúde de Rianxo ten 8 prazas de medicina de familia e, a día de hoxe, 2 non se cubriron a través de oposición e só unha ten un médico eventual asignado dende este mes de outubro. Outras dúas son ausencias prolongadas, das que unha cubriuse despois de meses esta mesma semana cun substituto. Así, durante moito tempo ten sido habitual que estiveran só 3 ou 4 profesionais traballando

Por outra banda, o servizo de PAC de Rianxo funciona só de noite, das 22:00 horas ás 8:00 da mañá os días laborábeis, e 24 horas a fin de semana. A consecuencia principal deste horario é que de luns a venres, en horario de 15:00 a 22:00 horas, son os médicos da quenda de tarde os que asumen as súas propias consultas programadas máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a atención urxente no centro ou a domicilio dos profesionais da quenda de mañá, que son maioría, resultando unha desorganización e unha enorme carga de traballo difícil de asumir, que afecta gravemente á demora da atención dos pacientes de consultas programadas.

Estas condicións, ademais, fan que as prazas de quenda de tarde resulten moi difíciles de cubrir e o Centro vén funcionando dende hai meses, de 15:00 a 22:00 horas, con médicos achegados doutros centros para realizaren a atención de urxencias, non sendo ata este mes de outubro cando é contratado un médico a tempo completo no PAC, con quendas que comezan ás 15:00 horas.

Polo tanto, de facto, a Xerencia da Área Santiago-Barbanza e a propia Consellaría están a recoñecer o que se leva tanto tempo pedindo e denunciando pola cidadanía e polos propios profesionais, a necesidade de ampliación do horario do PAC para asumir o horario das tardes.

A ampliación do servizo de atención de urxencias suporía unha mellora da organización do traballo, atenuaría as condicións actuais das prazas para facilitar a súa cobertura e faría que, sen dúbida, a atención sanitaria mellorara para o conxunto dos veciños e veciñas de Rianxo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da precaria situación que vive dende hai anos a atención sanitaria no centro de saúde de Rianxo?

. Que medidas vai tomar para poñer fin á xa cronificada falta de persoal do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai cubrir as prazas vacantes que existen no mesmo e repoñer a totalidade do número de prazas asignadas a este centro? De ser así, cando? De non levalo a cabo, por que razón?

. Considera que a ampliación do horario do PAC dese centro, demandada dende hai anos, incidiría na mellora organizativa do traballo diario e incrementaría a atención que deben recibir os usuarios e usuarias?

. Vai levar a cabo esa ampliación de horario, dende as 15:00 ata as 22:00 horas? De ser así, cando? De non levalo a cabo, por que razón?

. Considera que diante das circunstancias que se están a vivir no centro de saúde de Rianxo os e as pacientes están a recibir a atención sanitaria que lles corresponde?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/11/2024 17:35:43

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2024 17:35:50





Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Cristina Sanz Arias, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.

A comezos de 2024 comezou a funcionar o Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo logo dun investimento da Xunta de 16,5 M€. Trátase do primeiro centro deste modelo en Lugo, permitindo albergar múltiples servizos da atención primaria. Estase replicando xa este modelo en outros puntos de Galicia, como en Lalín, onde xa funciona desde o pasado 14 de outubro, ou en Vigo, onde o Olimpia Valencia está en plena execución.

Pero sabemos que o compromiso da Xunta con Lugo non se limita a este centro, senón que o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria ten máis accións previstas na cidade. Este Plan, aprobado en 2021 establece as prioridades, deseñando unha folla de ruta a curto e medio prazo.

Unha das actuacións contempladas no Plan é a construción dun novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón, en substitución do anterior e que permita actualizar as instalacións e dotalo de novos espazos.

Ambos centros son de prioridade 1 e a postura da Consellería de Sanidade sempre foi axilizar a licitación daqueles centros onde tivera colaboración do Concello para cederlle os terreos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

En que situación se atopa a construción do novo Centro de Saúde para o barrio do Sagrado Corazón?





Santiago de Compostela, 5 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 05/11/2024 10:36:05

Raquel Arias Rodríguez na data 05/11/2024 10:36:31

Cristina Sanz Arias na data 05/11/2024 10:36:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/11/2024 10:37:07

Noelia Pérez López na data 05/11/2024 10:37:13

Víctor Baladrón Lamas na data 05/11/2024 10:37:30

Dolores Hermelo Piñeiro na data 05/11/2024 10:37:51

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 10:38:08

Ethel Vázquez Mourelle na data 05/11/2024 10:38:24

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/11/2024 10:38:39

Nicole Grueira Fernández na data 05/11/2024 10:39:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A Xunta realiza con frecuencia simulacros de emerxencia para, ademais de servir como un exercicio de adestramento, testar os diferentes plans de actuación activos e a coordinación entre os efectivos que participan neste tipo de situacións.

Neste contexto, o pasado día 15 activouse o Plan de Emerxencia Exterior do parque industrial A Grela-Bens, nos municipios da Coruña e Arteixo.

No exercicio aproveitouse para realizar unha proba do sistema ES-Alert, unha ferramenta clave de Protección Civil para alertar á poboación de xeito masivo mediante o envío dunha mensaxe indiscriminada a todos os móbiles en caso de emerxencia.

Unha mensaxe que se enviou, ademais de aos dous concellos afectados polo simulacro de emerxencia, a outras zonas limítrofes situadas nos municipios de Oleiros, Culleredo, A Laracha e Carballo.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados dos simulacros organizados para constatar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert?

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 05/11/2024 10:57:59

Julio García Comesaña na data 05/11/2024 10:58:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 10:58:37

Alberto Pazos Couñago na data 05/11/2024 10:58:46

Katherinie Varela Fernández na data 05/11/2024 11:00:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/11/2024 11:00:18

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/11/2024 11:00:29

Paula Mouzo Mas na data 05/11/2024 11:00:49

Pablo Prieto Perille na data 05/11/2024 11:01:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O Diario Oficial de Galicia recollía hai uns días a publicación da revisión do Plan especial de Protección Civil ante o risco de inundacións tras o informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil.

O Inungal establece o marco de coordinación dos servizos de emerxencias para diminuír os riscos e reducir as consecuencias negativas das inundacións.

Neste contexto, ten como principal obxectivo establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos de titularidade autonómica, así como os que asignen outras administracións, para minimizar os riscos nas zonas asolagadas.

Previr e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos mediante a mobilización de medios de evacuación e de asistencia sanitaria e de lugares de aloxamento para os evacuados, así como de mecanismos de restauración das vías de comunicación e servizos básicos afectados son outros dos seus cometidos.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

Que novidades se introduciron no Plan especial de Protección Civil ante o risco de inundacións de Galicia como consecuencia da recente actualización levada a cabo?

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 05/11/2024 11:11:08

Julio García Comesaña na data 05/11/2024 11:11:28

Pablo Prieto Perille na data 05/11/2024 11:11:40

Katherinie Varela Fernández na data 05/11/2024 11:11:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/11/2024 11:11:55

Paula Mouzo Mas na data 05/11/2024 11:12:07

Alberto Pazos Couñago na data 05/11/2024 11:12:20

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/11/2024 11:12:42

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/11/2024 11:12:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación da atención pediátrica no CIS de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública leva sendo vítima de recortes constantes nos últimos anos, sendo os concellos rurais dos máis afectados por esta sistemática precarización, no seu caso nos servizos de atención primaria e de especialidades que son básicas para dar a axeitada cobertura sanitaria a poboación vivan onde vivan ao longo do país.

O caso de Lalín, como concello eminentemente rural, non queda exento do desmantelamento sanitario que sofre Galiza en xeral, como se mostra na cada vez máis limitada atención primaria que se ofrece no CIS, cuxa inauguración ofrece tan só unhas novas instalacións, nas que, coma se levaba perpetuando anos, o que se precisa é persoal sanitario dotado de medios suficientes para levar a cabo unha atención de calidade para a cidadanía.

É por todos coñecido que a praza de pediatría en horario de tarde de Lalín quedou sen cubrir porque o titular renunciou a ela, o que supuxo que a propia vila lalinense permaneza a día de hoxe sen esa cobertura, pero tamén os outros concellos limítrofes, coma Agolada, Dozón ou Rodeiro, por exemplo. Deste xeito, as crianzas desta grande parte da comarca do Deza, teñen que desprazarse ao CHUS para recibir atención especializada se a precisan polas tardes, chegando a percorrer mais de 70 quilómetros de distancia en algúns casos. Mais non é a única eiva nesta especialidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sofre o concello lalinense, que esta mesma semana de comezos de novembro, debido á baixa dun dos pediatras que atendían ás crianzas no CIS e á solicitude de traslado de outro, as crianzas de Lalín, concello de máis de 20000 habitantes, son atendidas por un só pediatra, co correspondente atraso nas consultas, listas de agarda moito máis longas para seren atendidas e a imposibilidade de desprazarse aos concellos que tiñan atención pediátrica dúas horas á semana de estar presentes os 3 pediatras habituais no centro integral da capital dezá.

Tras consultar ao Servizo Galego de Saúde, a xerencia da área sanitaria de Santiago aclarou que a persoa que está de baixa se reincorporará en canto lle sexa posible, prevendo que sexa en escasos días, máis non foi positiva en canto á recuperación do servizo do terceiro pediatra, cuxa cobertura recoñeceron que non sería doada pola suposta escaseza de profesionais, abríndose a posibilidade de que Lalín fiquen con 2 pediatras para atender en horario de mañá a unha área territorial moi ampla e cunha carga de crianzas moi elevada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cando se vai cubrir a praza de pediatría que queda vacante no CIS de Lalín para que o concello recupere aos 3 profesionais en pediatría en horario de mañá que se precisan para atender ás crianzas da vila e ás dos concellos limítrofes?

2. Vaise cubrir a praza de pediatría en horario de tarde que se prometeu por parte do goberno local antes das eleccións municipais do 2023 e que entendemos que tiña o apoio da Xunta de Galiza e do SERGAS?

3. Avisouse ás familias que solicitaban citas médicas en pediatría da problemática que estaba acaecendo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Cando pediu o traslado o profesional de pediatría que levaba a cabo a súa actividade profesional no CIS de Lalín?

5. Considera a Xunta de Galiza que a atención pediátrica no SERGAS para as crianzas de Lalín, Agolada, Rodeiro e Dozón está garantida?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/11/2024 16:36:57

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2024 16:39:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade urxente de intervir nos centros educativos públicos de Mos para garantir a calidade do seu servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución demográfica do concello de Mos non se corresponde coa evolución dos investimentos e dos servizos públicos que se prestan por parte da Xunta de Galiza. Así, a pesar de que de que dende o ano 1998 até o 2022 a poboación aumentase de 13.704 habitantes a 15.199, non se reforzaron os servizos educativos. Neste momento os centros educativos e os cadros de profesionais cos que conta o concello de Mos para as distintas etapas educativas son insuficientes ou presentan graves carencias e deficiencias.

No tócate ao ensino secundario, o IES de Mos leva anos arrastrando un problema de saturación do centro. Na actualidade hai entre 630 e 650 alumnos e alumnas para un centro cunha capacidade para 500. Por tanto teñen unhas instalacións que non foron concibidas para poder dar servizo a un 30% máis de alumnado. Tampouco a Xunta demostra vontade de actuar para tratar de paliar este problema. Así, leva anos desouvindo as peticións da comunidade educativa para cubrir as pistas exteriores, todo isto a pesar de que só contan con dúas zonas cubertas, de 70m2 unha e 50 m2 outra. Situación que é inconcibible xa que nos días de choiva os rapaces e rapazas non teñen sitio para protexerse da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No plano dos recursos humanos tampouco a Xunta tratou de paliar o déficit da saturación do centro, que actualmente conta tamén con ciclos formativos de FP. Neste momento dos 60 profesores solicitados polo centro, apenas se enviaron 57,5. Isto fai con que haxa varias clases de bacharelato que están ao límite de alumnos permitidos, existindo unha media de alumnos 28 alumnas e alumnos por clase no centro.

Por se fora pouco existe unha desleixo da administración galega para dar resposta a outras deficiencias como son a traída de auga do centro, que leva máis de 4 anos rota sen dar ningún tipo de resposta por parte das administracións. A necesidade de máis liñas do servizo de autobuses ou a reparación da escaleira de incendios. Incluso as obras que se realizan fanse sen unha correcta previsión como no caso da cuberta lateral, que anos despois de realizarse, tívose que retirar para facer un aumento nas aulas para que os ciclos formativos de FP puideran impartirse. Obras que duraron ata ben entrado novembro deste curso pasado.

En canto aos centros de educación de infantil e primaria reitérase unha política de desleixo nas mellora das infraestruturas que cos anos van quedando obsoletas ou inutilizables, tendo en conta que dos 5 colexios públicos do Concello, todos menos un teñen mais de 25 anos.

O CEIP Pena de Francia precisa de melloras en cuanto ás zonas cubertas exteriores.

O CEIP Atin Cela ten necesidade urxente de construír un muro de contención lateral que evite os movementos de terras e reforce a seguridade do edificio. Así como que dende hai uns anos solicitan a construción dun novo parque de primaria.

O CEIP Petelos existe preocupación pola aparición de gretas na cimentación das pistas exteriores, sendo un perigo para o alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CEIP Mestre Valverde Mayo precisan dun cambio de ventás urxentes, xa que son as mesmas que se instalaran na súa construción sen a necesaria rotura térmica para un centro educativo actual, e unha urxente mellora das condicións do pavimento no patio.

O CEIP Mestre Martínez Alonso, é necesaria unha revisión das instalacións para a súa mellora.

En definitiva, a situación dos centros educativos en Mos é o resultado de anos de deixación de funcións por parte da administración galega en que non se puxeron as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos. Por todo isto, dende Bloque Nacionalista Galego formulamos as seguintes:

Por outra banda os centros tamén acumulan un déficit de profesionais. Unha situación que é especialmente notoria no que ten que ver coa atención ao alumnado con necesidades educativas e de atención especiais. Así, no CEIP Pena de Francia necesitan de máis horas de orientador. No Mestre Valverde Mayo iniciaron o curso sen orientador que lles corresponde por ter 12 unidades e sen o especialista AL que antes compartían con outro centro e que precisan a tempo completo. No CEIP Petelos reduciuse o número de especialistas PT e a pesar de que solicitaron incorporar 1 PT e 1 AL, foi denegado. No Atin Cela solicitouse unha docente de atención domiciliaria que foi denegada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza adecuada a situación das infraestruturas nos centros educativos públicos no concello de Mos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da saturación do IES de Mos?
- Vai dotar ao CEIP Pena de Francia dun orientador a xornada completa?
- Vai dotar ao CEIP Petelos dun PT e 1 AL máis?
- Vai dotar ao Mestre Valverde Mayo dun Al e 1 orientador a tempo completo?
- Vai dotar ao CEIP Atín Cela do docente de atención domiciliaria solicitado?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/11/2024 18:10:22

Cristina Fernández Davila na data 05/11/2024 18:12:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a consideración do proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo) como iniciativa empresarial prioritaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bioenergía Lugo SL iniciou o proceso para instalar unha planta de Xestión de Residuos Orgánicos e Biometanización en Coeses, no concello de Lugo. Trátase dun proxecto declarado como iniciativa empresarial prioritaria en outubro de 2021 por parte da Xunta de Galiza. Esta declaración permite unha importante simplificación dos trámites administrativos ante a Xunta, reducindo á metade os trámites da administración galega, e ademais é a Xunta de Galiza a que vai determinar se a planta cumpre ou non coa normativa medioambiental.

O proxecto consiste na valorización de residuos orgánicos de procedencia agrogandeira e agroindustrial, mediante dixestión anaerobia, para a produción de biometano, con características tales que permitan inxectalo na rede gasista nacional. Prevé o procesamento dun máximo de 53.000 tn/ano dunha mestura de residuos orgánicos (non urbanos), das cales 12.000 tn/ano estarán clasificadas como residuos SANDACH. Realizará un tratamento completo do dixerido, de tal xeito que se poida xestionar mediante terceiros a fracción sólida e verter o efluente líquido unha vez depurado. E prevé a existencia de redes separadas de recollida dos distintos fluxos de augas residuais que se xerarán na instalación. As augas residuais procedentes do lavado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos camiões de transporte de SANDACH incorporaranse ao proceso de hixienización. Así como tamén contempla que se verterán ao dominio público hidráulico (rego de Vilalvite, afluente do río Miño):

- a) As augas residuais sanitarias e as xeradas nas distintas fases do proceso industrial, despois do tratamento nunha depuradora biolóxica propia.
- b) As augas residuais pluviais contaminadas, procedentes de vías de rodamiento e plataformas, despois do tratamento nun separador de graxas.
- c) As augas pluviais non contaminadas, procedentes das cubertas, despois da recollida nun depósito de regulación.

Desde a publicación do proxecto, a veciñanza da contorna e de toda a cidade de Lugo amosou unha enorme implicación en contra deste proxecto, o que se demostrou non só cos centos de alegacións presentadas denunciando a afectación negativa que suporá esta planta aos núcleos de poboación e á contorna, senón tamén cunha importante mobilización o pasado mes de setembro.

A empresa reconece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e un vertido de 76,7 m³ de augas residuais ao regato de Vilalbite que logo desemboca no río Miño. O tratamento destas augas foi considerado ineficiente por parte da Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), o que fixo que este proxecto fose informado desfavorablemente dado que este regato conta con pouco caudal de auga, especialmente nos meses estivais, co cal non hai case posibilidades de dilución.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta de Galiza retirar a declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto de planta de biometanización de Coeses (Lugo)?

Considera a Xunta de Galiza estudar o cambio de ubicación da planta proxectada para que non provoque afeccións á poboación, onde as vivendas estean a maior distancia e non se vexan afectadas as persoas?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/11/2024 18:23:12

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2024 18:23:16

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/11/2024 18:23:34

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2024 18:23:35





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Víctor Baladrón Lamas, Juan Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Zas e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

A temporalidade do persoal da CRTVG era do 40 por cento no 2009. A isto engadíase unha elevada litixiosidade laboral.

Ao longo desta etapa de Alfonso Sánchez Izquierdo ao fronte da CRTVG desenvolveuse un plan de acción laboral centrado nas persoas, que ten entre os seus eixos a estabilidade e calidade do emprego, o clima laboral, o recoñecemento e participación das persoas traballadoras e unha formación continua.

De feito, nas Directrices Básicas en materia de persoal aprobadas en novembro do 2020 plasmasen como uns dos compromisos o da estabilidade e a calidade no emprego, a partir dunha política de contratación temporal que prime a estabilidade, tendendo a unha provisión eficiente das necesidades.

No ano 2012 culminouse un proceso extraordinario de consolidación de emprego longamente demandado.

A partir de aí seguiu a actuar na liña de lograr a estabilización da práctica totalidade dos traballadores.

Por iso, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





-Cantos procesos de estabilización de emprego tiveron lugar ou están en marcha desde o ano 2009?

-A cantas prazas afectan?

-Como se desenvolveron estes procesos?

-Que balance fai da xestión dos recursos humanos entre o 2009 e o 2024?

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 06/11/2024 12:19:38

Raquel Arias Rodríguez na data 06/11/2024 12:19:59

Ángel Rodríguez Conde na data 06/11/2024 12:21:39

Jesús María Fernández Rosende na data 06/11/2024 12:21:49

Juan Manuel Casares Gándara na data 06/11/2024 12:21:58

Paula Mouzo Mas na data 06/11/2024 12:22:07

Víctor Baladrón Lamas na data 06/11/2024 12:22:17

Cristina Campero Dorado na data 06/11/2024 12:22:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Enrique Barreiro Sánchez na data 06/11/2024 12:22:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as actuacións da Xunta diante da avaría do buque Nissos Rhenia preto das costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte as galegas e galegos soubemos da avaría dun buque petroleiro, máis unha vez, fronte ás costas de Portugal, a 24 millas de Viana do Castelo e aproximadamente a 50 quilómetros das costas galegas, que ao parecer xa se produciu hai unha semana.

Con bandeira das Illas Marshall, o Nissos Rhenia, que transporta máis de 150.000 litros de gasóleo, foi remolcado o pasado xoves, día no que tamén comezaron os labores de reparación no seu sistema de propulsión, que se están a levar a cabo no mar e que, segundo as autoridades portuguesas, durarán ata finais desta mesma semana.

Segundo transcendeu, os responsábeis marítimos lusos garantiron que non existen riscos e que unha vez rematada a reparación, o petroleiro podería continuar a súa viaxe cara ao porto de Le Havre, no noroeste de Francia.

Tamén se fixo público que o Goberno galego solicitou información ao Centro de Coordinación de Salvamento de Fisterra e á Dirección Xeral da Mariña Mercante, mais descoñecemos cal foi a resposta e, polo tanto, se se está a facer algún tipo de seguimento sobre un barco fondeado por avería a tan pouca distancia das nosas costas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que, necesariamente, ten que pasar por elas cara ao seu destino: Se se ten coñecemento exacto do emprazamento do buque, da evolución da reparación da avaría en tempo real, se se activou algún tipo de protocolo de seguridade e actuación para evitar posíbeis riscos e, dende logo, se os medios necesarios de salvamento marítimo ubicados en Galiza están en alerta, tendo en conta o risco desta emerxencia e por se fose necesario actuar con axilidade no caso dunha eventual situación de alarma.

A coordinación e colaboración dos medios do Estado, de quen dependen as competencias en salvamento marítimo, e dos pertencentes á Xunta de Galiza e adscritos ao Servizo de Gardacostas, resulta non só lóxica senón nestes casos absolutamente imprescindible en previsión de indesezábeis consecuencias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que información ten neste momento a Xunta de Galiza da situación do buque Nissos Rhenia?

2.- Como e cando foi informada e cales son as medidas que vai adoptar para colaborar cos medios de salvamento marítimo do Estado de ser necesario?

3.- Que medidas ten implementado a Xunta de Galiza para evitar calquera tipo de incidencia nas costas galegas que se puidera derivar do agravamento da avaría do Nissos Rhenia?

4.- Está o goberno galego poñendo en marcha os protocolos de actuación que se precisarían neste caso? Ten mobilizado neste momento os medios materiais e humanos necesarios para dar unha resposta rápida no caso de producirse unha necesidade de intervención?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Considera que, diante da situación de alarma que se pode dar, debe o goberno galego demandar do goberno do Estado que o barco non acceda ás augas da súa zona económica exclusiva e nomeadamente ás costas galegas?

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2024 14:05:50

Carmela González Iglesias na data 06/11/2024 14:05:55

Daniel Castro García na data 06/11/2024 14:06:05

Daniel Pérez López na data 06/11/2024 14:06:19

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2024 14:06:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Rosana Pérez Fernández deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ao depósito da area sobre as dunas da praia da Basteira, no Concello de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de outubro o Conselleiro do Mar, Sr. Alfonso Villares, visitou o Concello de Cariño xunto coa Delegada territorial da Xunta en Ferrol, Sra. Martina Aneiros, e o presidente de Portos de Galiza, Sr. José Antonio Álvarez. Unha nutrida representación de autoridades do Partido Popular para anunciar as obras de dragaxe do seu porto e os investimentos previstos no actual proxecto de orzamentos para a comarca de Ortegal.

En canto ao destino dos áridos extraídos da dragaxe, e tal como figura na nota de prensa da páxina web da Xunta, o Conselleiro explicou que unha parte sería depositada en alta mar, a unhas 7 millas do porto, nun punto de depósito autorizado, e outra parte da area sería utilizada para a rexeneración das praias próximas.

Unha destas praias próximas parece ser a praia da Basteira, que xunto co seu sistema dunar debería gozar de protección.

O depósito de area nesta praia está a provocar graves afeccións ao sistema dunar e unha grande alarma entre os veciños e veciñas que se queixan de cheiros que parecen os propios de produtos petrolíferos como fuel ou gasóleo, e lembran que no fondo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariño do porto de Cariño é moi probábel que se acumulara algunha cantidade da dunita que se embarca nese porto e que se acumula a ceo aberto.

De feito, un grupo de estes veciños e veciñas veñen de presentar unha denuncia perante a garda civil xa que consideran moi improbábel que este depósito de area poda estar avalado por calquera tipo de estudo de impacto ambiental, dadas as características da praia e das dunas e a afección á que están sendo sometidas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Que empresa está a realizar as obras de dragaxe do porto de Cariño?
2. Que empresa é a responsábel do depósito da area extraída da dragaxe?
3. Que trámites ambientais tivo que superar o proxecto de dragaxe e depósito dos áridos?
4. Os áridos extraídos do fondo do porto son obxecto de análise antes do seu depósito?
5. A que se debe o forte cheiro que desprenden os áridos extraídos en opinión da Xunta de Galiza?
6. Que administración foi responsábel de autorizar ese depósito é que administración é a responsábel da supervisión das obras?
7. Que ten previsto facer a Xunta de Galiza para repoñer o sistema dunar e a praia de Basteira á súa situación anterior a esta agresión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/11/2024 15:53:03

José Manuel Golpe Acuña na data 06/11/2024 15:53:11

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2024 15:53:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás queixas sobre o Punto de Encontro Familiar de Ourense e o correcto e suficiente atendimento das vítimas e situacións de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son ferramentas impulsadas para dar cumprimento do autogoberno en materia de política social e de protección das e dos menores que ten o noso país, que ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Tal e como se recolle no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar, a Xunta de Galiza, xa desde o ano 2001, afronta o financiamento dunha rede de puntos de encontro “para garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de xeito exponencial.”

A cidade de Ourense conta cun Punto de Encontro familiar (PEF) situado na rúa Celso Emilio Ferreiro que arrastra recorrentes queixas por distintas razóns. Por unha banda, pola acumulación de casos por ser ata o momento a única referencia para esa parte do país, o que supón para moitas crianzas desprazamentos de horas para poder realizar as visitas e unha maior dificultade organizativa. Por outra banda, polas propias condicións das súas instalacións, xa que no 2013 a Xunta de Galiza trasladou as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións á Casa da Xuventude. Esta situación, obviamente, implica enormes dificultades para garantir o dereito á privacidade, mais tamén para o desenvolvemento da actividade pola limitación do espazo.

Dentro das distintas circunstancias que deben enfrontar estes Puntos de Encontro, cabe sinalar a importancia de abordar situacións nas que non só hai conflitividade, senón que se debe ter en conta o risco de existencia de situacións de violencia machista, denunciadas ou non, que requiren da máxima prevención, observación, atención e intervención. Máis aínda, tendo en conta que malia as recomendacións de colectivos feministas, do propio Observatorio contra a Violencia de Xénero do Consello do Poder Xudicial e as recomendacións do propio Pacto de Estado, as visitas e encontros, por distintas casuísticas, de maltratadores cos seus fillos continúan dándose.

Hai que recordar que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Acorde a isto, o propio Decreto 96/2014 contempla entre os seu obxectivos o de “*Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia*” e “*Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007*”

Acorde a estas obrigas, é evidente que a localización das instalacións do Punto de Encontro Familiar non é adecuada porque non garanten a privacidade e a seguridade de forma suficiente, tal e como xa ten demandado o feminismo ourensán en múltiples ocasións, como no ano 2019, en que a Coordinadora Local da Marcha Mundial das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mulleres recolleu sinaturas ante unha serie de situacións de violencia institucional e de revitimización que dirixiu á entón Consellaría de Política Social.

Recentemente, a Valedora do Pobo remitía ao Parlamento Galego o Informe Anual respecto do ano 2023. Neste informe, ademais de reiterárense as queixas e conflitividade recorrente dos Puntos de Encontro familiar, recollíase unha queixa específica respecto do Punto de Encontro Familiar de Ourense indicándose que *“Da exposición dos feitos obsérvase que o persoal do PEF logra acadar un acordo entre os pais para o réxime de visitas, dentro da dispoñibilidade do PEF, que soamente pode facilitar unha hora por semana para poder exercer tal dereito”* e recomenda *“poñer a disposición dos proxenitores infraestruturas suficientes para o correcto exercicio deste dereito”* facendo á entón Consellería de Política Social e Xuventude a petición de que se comprobara a situación de posibles atrasos na materialización das visitas acordadas.

Así mesmo, desde os colectivos feministas da cidade alertaron que segue a ser un espazo que está excesivamente exposto, que non protexe axeitadamente a confidencialidade e que non permite un tratamento singularizado e específico para protexer as situacións nas que concorre a violencia machista. Esta situación, ademais, incrementa a preocupación ante os cambios de empresa e xestión derivados da Resolución do 18 de outubro de 2024, pola que se publica a selección de entidade privada sen ánimo de lucro no procedemento de asignación de concerto social para a execución do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar da Coruña e Ourense nos que a de Ourense se adxudicou a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai impulsar o goberno galego o traslado do Punto de Encontro Familiar para garantir unha mellor atención e singularmente a prevención de situacións de violencia machista?

Que valoración fai o goberno galego dos espazos existentes e da dotación de recursos humanos á hora de evitar a revitimización e de evitar que hax intervención en casos sospeitosos de violencia de xénero como se se tratara simplemente de divorcios conflitivos?

Que valoración fai o goberno galego dos espazos existentes e da funcionalidade á hora de dar cobertura ao dereito de confidencialidade?

Que valoración fai o goberno galego da colaboración co CIM e con outras asociacións e entidades que traballan con vítimas de violencia machista?

Que xustificación aduce o goberno galego ante as queixas trasladadas á Valedora respecto da falta de espazo para dar cumprimento aos dereitos de crianzas e familia?

Ten avaliado o goberno galego cal é o grao de demora deste PEF por mor da inadecuación dos espazos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2024 10:55:54

Ariadna Fernández González na data 07/11/2024 10:57:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/11/2024 10:58:23

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2024 10:59:02





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª**.

O día 29 de outubro o leste da península ibérica padeceu os efectos dunha DANA, que impactou sobre todo na Comunidade Valenciana causando gravísimas desfeitas e un número moi elevado de mortes.

O acontecido fainos reflexionar sobre os efectos que esta a ter no noso territorio o cambio climático, provocando que os fenómenos atmosféricos sexan cada vez máis agresivos e daniños.

A Xunta de Galicia por lei ten a obriga da superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

A actual Lei de emerxencias é do ano 2007 (lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e tras 14 anos de goberno do PP, non só seguen a manter a mesma lei senón que non foron quen de desenvolver un regulamento para poder delimitar moitos aspectos necesarios para unha mellor aplicación dela e máis eficiente funcionamento dos recursos.

Por outra banda, temos o Platerga, aprobado no ano 2009, que é o documento técnico que ten como fin actuar como marco orgánico-funcional para a planificación das actuacións, xestión das emerxencias e mecanismo de coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas e destas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14237
Data envío: 07/11/2024 15:25:42.139

cos particulares, e que establece as instrucións para permitir mobilizar os recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens. Dende o Grupo Socialista levamos moito tempo incidindo na importancia de ter un sistema de emerxencias dotado de medios materiais suficientes que dea respostas ante as diferentes situacións que poidan xurdir.

A realidade da Xunta de Galicia é que non se preocupou en todos estes anos de Goberno, máis dunha década, de actualizar os sistemas de emerxencias existentes e adecualos ás novas tecnoloxías nin ás novas situacións que poidan xurdir.

Feitos como o de Valencia fannos dar de conta da importancia dunha resposta rápida e axeitada ante as situacións de emerxencia que se poden dar na Comunidade Autónoma de Galicia, de ter recursos humanos e materiais necesarios e suficientes para facer fronte ás distintas tipoloxías de riscos que se poden dar, e da importancia dunha organización, planificación, coordinación e dirección de todos os axentes involucrados na emerxencia.

Ante esta situación, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta:

Entende o Goberno galego que conta cun sistema de emerxencias axeitado para dar unha resposta eficaz ante ás diferentes situacións extremas que poidan provocar os efectos do cambio climático?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/11/2024 15:21:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

48988

@PSdeG



CSV: B6P5T8BQ3h4Q0C5g1B-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14237
Data envío: 07/11/2024 15:25:42.139

Patricia Iglesias Rey na data 07/11/2024 15:21:45

CSV: B6P5TRB9Q4pQ0Eg1B-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

48989

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación dedicou dos seus títulos á equidade na educación, e establece que as administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Esta lei no seu artigo 37. Recursos materiais. Establece tamén:

1. A consellería con competencias en materia de educación dotará os centros educativos do necesario equipamento e materiais educativos específicos para atender as necesidades educativas da diversidade do seu alumnado.





2. A consellería con competencias en materia de educación dotará de servizos complementarios adaptados ao alumnado cando se determine a súa necesidade nos informes e/ou ditames que corresponda.
3. As instalacións e dependencias dos centros educativos serán accesibles para todo o alumnado escolarizado neles.

Vilagarcía de Arousa conta cun centro de educación especial que realiza un gran labor formativo que axuda aos rapaces e rapazas a acadar a inclusión en todos os ámbitos, acadar a máxima autonomía e fomentar a comunicación como dereito fundamental.

Todo isto é posible polo magnífico traballo que realiza o equipo de traballadoras e traballadores públicos do centro co alumnado e apoiando ás familias. Nos últimos seis anos o centro experimentou un notable incremento de alumnos e alumnas, pasando no ano 2018 de 30 a 62 no presente curso.

Pero este incremento de alumnado non se corresponde co incremento do número de profesionais, se no 2018, para 30 matrículas existían 6 prazas de coidadores, en 2024, para 62 teñen 7.

A maiores disto produciuse unha mingua na praza de enfermería que antes estaba contratada a tempo completo, sendo nestes momentos a tempo parcial.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista defendemos que se deben cubrir como se merece por tratarse de servizos fundamentais para persoas con necesidades específicas e especiais.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan, formulan a seguinte pregunta:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2024 17:08:33
Nº Rexistro: 14242
Data envío: 07/11/2024 17:08:33,560

Vai o Goberno galego incrementar de forma urxente o persoal do CEE de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 7 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/11/2024 16:38:31

Julio Abalde Alonso na data 07/11/2024 16:38:40

Silvia Longueira Castro na data 07/11/2024 16:38:53

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

48992

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o programa bono Activa Comercio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio galego ven sufrindo unha profunda crise nos últimos anos que levou ao peche a preto de 8.000 negocios. As causas da situación na que se atopa o pequeno comercio en Galiza son múltiples, mais a emerxencia do comercio en liña e o avance das grandes superficies comerciais son, xunto coa falta de apoio por parte do goberno galego, as causas fundamentais desta crise na que se atopa o sector.

O orzamento da Dirección Xeral de Comercio vense reducindo nos últimos 15 anos, en 2009 o orzamento foi de 35.224.920€ e para o ano 2024 o orzamento previsto é de 21.727.845€. A baixada continuada deste orzamento nestes 15 anos representa un acumulado de 251.923.346€, unha cantidade que debería terse destinado a frear a sangría constante do comercio polo miúdo galego e que non se fixo.

Esta redución de orzamento impide que algunha das medidas adoptadas polo goberno do PP, que o BNG consideramos positivas, contén cun orzamento moi escaso.

Isto ocorre co Bono Activa Comercio, unha medida que ven sendo convocada pola Xunta de Galicia desde o ano 2021 e que ten un orzamento totalmente insuficiente. Proba disto é que se esgotan a escasos días de poderen ser utilizados. A última convocatoria abriu o prazo para consumir os bonos o pasado día 4 de novembro e en menos de 3 días xa estaban esgotados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha comparecencia do Director Xeral de Comercio na Comisión de Industria, Enerxía, Turismo e Comercio deste Parlamento o pasado mes de xullo anunciaba anunciaba a ampliación do orzamento destinado a esta medida e a ampliación dos negocios que se poderían acoller aos mesmos incluíndo ao chamado comercio ambulante.

A realidade é que na convocatoria publicada no DOG o pasado 22 de outubro non se recollían ningún destes anuncios, o orzamento destinado aos Bono Activa Comercio seguía sendo de 2,5 millóns de euros e no anexo I que recolle os grupos e epígrafes do IAE dos establecementos que poden adherirse a estas axudas non aparece o rupo 663 do IAE, correspondente ao comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos).

A convocatoria do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Galiza a través dos bonos Activa Comercio explicita que teñen como obxectivos “incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña”. Engade nos seus obxectivos o de “propiciar o fortalecemento do sector comercial retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista”.

Non parece que esta medida estea a cumprir o seu obxectivo xa que seguimos perdendo tecido comercial na Galiza.

Que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos indica a política continuísta que practica a Xunta de Galicia e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Como xustifica o Goberno Galego que o orzamento da Dirección Xeral de Comercio se veña reducindo nos últimos 15 anos, o que representa unha perda acumulada de 251.923.346€?
- Como valora o Goberno Galego que o orzamento destinado ao Programa Bono Activa Comercio se esgotara en menos de 2 días na última edición?
- Pensa o Goberno Galego que o orzamento deste programa é suficiente?
- Ten o Goberno Galego intención de incrementar o orzamento, cando menos duplicándoo, do Programa Bono Activa Comercio?
- Cal é o motivo polo que o Goberno Galego exclúe ao comercio ambulante do programa bono Activa Comercio?
- Considera o Goberno Galego que o comercio ambulante non precisa das mesmas axudas que o comercio en establecementos fixos?
- É consciente o Goberno Galego do servizo que prestan as feiras e mercados que se celebran no noso país achegando mercadorías a lugares que carecen de comercio fixo e dinamizando o comercio fixo en concellos pequenos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 07/11/2024 17:33:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/11/2024 17:36:27



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

